DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 30 de XULLO de 2014

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o mércores, 30 de xullo de 2014, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 6/14, do 27 de xuño.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 11.708 á nº 14.628 de 2014.

3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data das sesións ordinarias de agosto e setembro de 2014.

Comisión de Infraestruturas: Vías e Obras Provinciais

4.- Aprobación provisional da primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2014.

5.- Aprobación do Plan de sendas peonís 2014, cuarta fase.

6.- Aprobación inicial da segunda fase do Plan de travesías da anualidade 2014.

7.- Aprobación técnica do proxecto da obra "Ampliación e mellora do trazado DP 5404, Pk 3,50-6,50 Xubia-Praia Frouxeira" do Concello de Narón, dentro da terceira fase do Plan de investimento de vías provinciais 2014.

8.- Aprobación do proxecto de terminación do proxecto modificado da obra DP 0807 Tatín a San Isidro por Moruxo 2ª fase (Bergondo).

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

9.- Aprobación do convenio co Consorcio das Mariñas para financiar o "Mantemento do servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2014"

10.- Aprobación do convenio coa Federación Galega de Asociacións de Atención a Persoas con Parálise Cerebral, ASPACE, para financiar "Actividades de conmemoración do ano galego da parálise cerebral-Día Mundial da Parálise Cerebral".

11.- Aprobación do convenio co Concello de Carballo para financiar o "Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias no ano 2014".

12.- Aprobación do convenio co Concello da Coruña para financiar o "Programa para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo e infravivenda no ano 2014".

13.- Aprobación do convenio co Concello de Narón para financiar o "Programa para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo e infravivenda no ano 2014".

14.- Aprobación do convenio co Concello de Santiago de Compostela para financiar o "Programa para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo e infravivenda no ano 2014".

15.- Aprobación do convenio coa Fundación Paideia Galiza para financiar o "Programa de voluntariado social en países europeos para mozos en desemprego da provincia da Coruña no ano 2014"

16.- Aprobación do convenio coa Asociación Integro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra para financiar o "Proxecto de equipamento, obras e melloras do xardín terapéutico do Centro de Recursos Integro"

17.- Aprobación do convenio coa Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros (MISELA) para financiar a "Compra dun local destinado a centro ocupacional en Noia".

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

18.- Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega para financiar o desenvolvemento de Programas educativos e de normalización lingüística durante o ano 2013.

19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña para financiar o proxecto Estudo do nome das rúas. Comarcas da Barcala, Arzúa, Santiago e Terra de Melide: anualidade 2014.

20.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Academia Galega de Ciencias MEC para financiar o ciclo de conferencias "XVII Avances en ciencia e tecnoloxía" durante o ano 2014.

21.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o ciclo "A Música da Ilustración" 2014.

22.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o XXVIII Concurso internacional de piano "Cidade de Ferrol" 2014.

23.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar o proxecto ESTALMAT-Galicia para estímulo do talento matemático na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2014.

24.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritores en Lingua Galega para financiar o Programa de actividades culturais no ano 2014.

25.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo para financiar os Cursos de Verán na sede da Coruña, ano 2014.

26.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Luís Tilve para financiar a "X Fase do proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da UXT e dos movementos sociais de Galicia 2014".

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

27.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Asociación Marineda de Jóvenes Empresarios para financiar o proxecto "Propulsa a túa PEME".

28.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Asociación Novos Viticultores do Ulla-Umia para financiar o proxecto "Programa agrario de asesoramento vitivinícola".

29.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a ONG "Solidariedade Galega" para cofinanciar o proxecto "Construción da 4ª fase do Instituto de Liderazgo de Las Segovias: cociña e comedor" no municipio de Mozonte, Nueva Segovia (Nicaragua).

30.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Fundación Ayuda en Acción para o cofinanciamento do proxecto "Fortalecemento de capacidades locais para a prevención da enfermidade das chagas, na zona vulnerable de Huacaya do Chaco Boliviano".

31.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Tesouros de Galicia para o cofinanciamento do proxecto "Posta en valor e comercialización do patrimonio cultural e industrial da provincia da Coruña".

32.- Modificación do acordo de aprobación do convenio administrativo co Concello de Santiago de Compostela para financiar as actividades do "Plan de competitividade turística ano 2014".

33.- Modificación da base 50ª de execución do presuposto da Deputación: subvencións e transferencias nominativas para o exercicio 2014. Consignación do equipamento do Auditorio de Ferrol.

34.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Ferrol para financiar o equipamento do Auditorio de Ferrol.

35.- Aprobación do convenio administrativo coa Asociación de Empresarios e de Promoción Turística de Camariñas para financiar o proxecto "Reforma do edificio de servizos do Faro de cabo Vilán".

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

36.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Síndrome de Down da Coruña para financiar as obras de rehabilitación e construción dun novo local para a asociación.

37.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santa Comba para financiar a adquisición dun inmoble con construción de nave destinada a almacén e garaxe.

38.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo para financiar as obras do roteiro turístico para a posta en valor do patrimonio etnográfico, cultural e natural do Val de Vimianzo.

39.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vedra para financiar a adquisición dunha parcela para uso deportivo.

40.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Muros para financiar a limpeza e mantemento da cuberta da casa do concello.

41.- Aprobación definitiva do expediente de alteración da cualificación xurídica do local no edificio da Milagrosa e de aprobación definitiva de cesión de uso á Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI**).**

42.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Pobra do Caramiñal para financiar as obras do proxecto denominado rehabilitación fachadas e instalacións do Teatro-Cine Elma. 2ª fase.

43.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) co fin de financiar os gastos do obradoiro de viveirismo e melloras no centro de formación de Valadares-Outes. Adecuación planta 1ª.

44.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Centro Galego de Solidariedade -Proxecto Home- co fin de financiar os gastos de obras e equipamento no predio de Bos (Guísamo-Bergondo): reformas no almacén de forraxe e naves de destete (1 e 2); obras nas vivendas (3 e 4) e adquisición de maquinaria.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

45.- Aprobación da 2ª e derradeira fase da anualidade 2014 do Plan DTC 93: Unha deputación para todos os concellos.

46.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cee para o financiamento das obras de "Posta en funcionamento da Casa da Cultura de Cee. 2ª fase".

47.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Culleredo para o financiamento da obra de "Urbanización da parcela do C.E.I.P. en Rutis-Culleredo".

48.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Muros para o financiamento das obras de "Mellora da superficie de xogo do campo de fútbol de Agra da Filgueira (Louro)".

49.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Noia para o financiamento das obras de "Obras accesorias do edificio da piscina municipal".

50.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ortigueira para o financiamento das obras de "Acondicionamento da Praza San Roque e outros espazos exteriores".

51.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello das Pontes para o financiamento das obras de "Mellora de pavimentos e iluminación da rúa Alexandre Bóveda".

52.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello das Pontes para o financiamento das obras de "Construción dun novo Punto Limpo".

53.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Valdoviño para o financiamento das obras de "Reparación e mellora do firme en varias pistas das parroquias de arriba".

54.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Valdoviño para o financiamento das obras de "Reparación e mellora do firme en varias pistas das parroquias de abaixo".

55.- Aprobación da modificación do proxecto de obra "Remodelación da rúa Enlace Parque (Padrón) e outro" do Concello de Padrón, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

56.- Informe sobre o estado de execución presupostaria a 30/06/2014 e proxección a 31/12/2014.

57.- Aprobación do Expediente de modificación de créditos número 4/2014.

58.- Informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao segundo trimestre de 2014, en aplicación do establecido na Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004 pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163, do 6 de xullo de 2010).

59.- Información do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao 2º trimestre de 2014,

en cumprimento do disposto polo art. 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

60.- Aprobación definitiva da conta xeral do orzamento 2013.

61.- Informe sobre a resolución de discrepancias, art. 218 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais.

62.- Informe e proposta favorable a xestión municipal do servizo de limpeza viaria polo Concello de Rianxo.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
-Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre Palestina.
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 30 DE XULLO DE 2014

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 30 de xullo de 2014, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO	PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JUAN JOSÉ BLANCO RIVEIRO	BNG
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ	PSOE
DON MANUEL COSTA CARNEIRO	PP
DON JOSÉ DAFONTE VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÌN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PENSADO PLÁGARO	PP
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON RAMÓN TOJO LENS	PP
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

Escúsase o Sr. Regueira Varela.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 6/14, DO 27 DE XUÑO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 6/14, do 27 de xuño.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 11.708 Á Nº 14.628 DE 2014.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 11.708 á nº 14.628 de 2014.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DAS SESIÓNS ORDINARIAS DE AGOSTO E SETEMBRO DE 2014.

Por unanimidade, ratifícase a inclusión deste punto na orde do día e apróbase, tamén por unanimidade, a seguinte proposta:

"Dona María Padín Fernández, Presidenta en funcións da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da deputación provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que o mes de agosto coincide coas vacacións da maioría dos deputados e funcionarios e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada do día 29 de agosto, o que aconsella atrasar esa data e, por outra banda, axustar a data de celebración do Pleno de setembro;

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 29 de xullo de 2011,

PROPONLLE AO PLENO, despois da ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao oitavo mes de 2014 celebrarase o día 12 de setembro, venres, a partir das doce horas.

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao noveno mes de 2014 celebrarase o día 30 de setembro, martes, a partir das doce horas"

4.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA PRIMEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Visto o expediente da primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2014, aprobado inicialmente polo acordo plenario da deputación na sesión do 30 de maio de 2014, no marco das "*Bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluirán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015*", que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia nº 217 do 14 de novembro de 2012

Vista a documentación presentada dentro do prazo establecido polo Concello de Trazo, relativa á dispoñibilidade dos terreos e a aprobación do proxecto, de conformidade coas bases e compromiso de aceptación da entrega das obras

1.- Aprobar provisionalmente a primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2014, integrada pola obra que se relaciona a continuación, con indicación da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	**GRUPO - DENOMINACIÓN**	**PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)**
14.1130.0001.0	Travesía en Agro do Mestre (Trazo-A Coruña)	391.930,04
	TOTAL	**391.930,04**

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/453C/60900 do vixente presuposto provincial.

2.-Expoñer ao público a aprobación provisional deste proxecto que integra a primeira fase do plan, polo prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e o proxecto que o integra se non houbera reclamacións ao devandito."

5.- APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2014, CUARTA FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de sendas peonís 2014, cuarta fase, integrado polas obras que se relacionan a continuación, coa indicación da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO
14.1170.0005.0	Ensanche DP 2702 senda peonil Espenuca	Coirós	150.119,67
14.1170.0006.0	Acd. e prol. senda peonil DP 1104 Pte. Beluso a Pte. S. Francisco, PK 8+260 al PK 8+810	Lousame	128.956,49
14.1170.0007.0	Senda peonil DP 5401 Narón a Polígono Río do Pozo por Castro, PK 1+920 a 2+600	Narón	108.599,13
		TOTAL	**387.675,29**

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/454B/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2014.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorreu o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

6.- APROBACIÓN INICIAL DA SEGUNDA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistas as propostas de inclusión no Plan de travesías da anualidade 2014 dos proxectos de obra que máis abaixo se relacionan, no marco das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluirán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, aprobadas polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 26 de outubro de 2012 (publicadas no BOP número 217, do 14 de novembro de 2012)

1.- Aprobar inicialmente a segunda fase do Plan de travesías da anualidade 2014, integrada polas obras que se relacionan a continuación, con indicación da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO
14.1130.0002.0	Mellora sg. viaria DP 1702 Sigrás PK 1+870 – PK 2+270 Sigrás	Cambre	79.400,07
14.1130.0003.0	Mellora sg. viaria DP 5812, Meirás ao Porto de Sta. Cruz desde o PK 1+840 ao PK 2+890	Oleiros	340.377, 43
14.1130.0004.0	Hum. trav. DP 5602 Negreira – Pte. Nafonso PK 22,84 – 23,48	Outes	213.606,77
14.1130.0005.0	Mell. seg. viaria DP 8203 Quintáns – Paradela PK 6,83 – 8,15	Vedra	127.661,01
	TOTAL		**761.045,28**

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/453C/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2014.

2.- Remitir un exemplar dos citados proxectos aos concellos correspondentes no prazo de 5 días contados desde a aprobación inicial da correspondente fase do Plan de travesías, co obxecto de que o concello lle envíe á deputación no prazo de 40 días naturais contados dende a data de recepción do proxecto, a documentación sinalada na base 3.2 das de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se inclúan nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015."

7.- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DA OBRA "AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DP 5404, PK 3,50-6,50 XUBIA-PRAIA FROUXEIRA" DO CONCELLO DE NARÓN, DENTRO DA TERCEIRA FASE DO PLAN DE INVESTIMENTO DE VÍAS PROVINCIAIS 2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar tecnicamente o proxecto da obra que se indica a continuación dentro da terceira fase do Plan de investimento de vías provinciais 2014:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO
14.1110.0006.0	Ampliación e mellora trazado DP 5404 PK 3,50-6,50, Xubia-Praia Frouxeira	Narón	680.971,97
		TOTAL	**680.971,97"**

8.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE TERMINACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DP 0807 TATÍN A SAN ISIDRO POR MORUXO 2ª FASE (BERGONDO).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1) Aprobar, con cargo á aplicación 0410/453C/60900 o proxecto da obra cuxos datos se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
TERMINACIÓN DA OBRA DO PROXECTO MODIFICADO DP 0807 TATÍN A SAN ISIDRO POR MORUXO 2ª FASE (BERGONDO) CÓDIGO 2011.1130.0003.2	242.060,34 €

Incluído no Plan de travesías 2011.

2) Expoñer ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia no prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido este prazo sen que estas se producisen, considerarase definitivamente aprobado. "

9.- APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONSORCIO DAS MARIÑAS PARA FINANCIAR O "MANTEMENTO DO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA SOCIAL ESPECIALIZADA NO ANO 2014"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 3 de xullo de 2014.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONSORCIO AS MARIÑAS, (CIF P-1500011J), con sede en Guísamo-Bergondo, para financiar o *Mantemento do servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2014*, e cunha achega da deputación de **60.000 euros**, que supón o 79,89 % do orzamento do gasto que é de 75.104,64 euros, e que será aboado conforme ao previsto na cláusula VI e VII deste, con cargo a partida 0611/232A/467.01 do orzamento vixente.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

“ **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO AS MARIÑAS PARA MANTEMENTO DO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA SOCIAL ESPECIALIZADA NO 2014 .**

Na Coruña, o..... de.....de..... na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso.

E doutra parte o Presidente do Consorcio As Mariñas, D. José Antonio Santiso Miramontes.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación Provincial é competente para proporcionar apoio técnico económico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias en servizos sociais, e o fomento da prestación unificada destes ao amparo do disposto na Lei de Bases de réxime Local, 7/85, art. 36, na Lei de administración local de Galicia 5/97 arts. 109 a 119, así como na Lei de servizos socias de Galicia 13/2008 , art. 63 a cal establece que as deputacións proporcionaranlles asistencia aos concellos, especialmente para a prestación de servizos sociais

Dado o interese coincidente da Deputación e do Consorcio As Mariñas, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Consorcio As Mariñas (CIF P1500011J), para o financiamento dos gastos de persoal (salario e seguridade social) do equipo do servizo de asesoría xurídica social especializada, que integran dous asesores/as xurídicos, e un auxiliar administrativo.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O Consorcio As Mariñas levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

DATOS POSTO	CUSTOS SALARIAIS				TOTAIS	
NOME DO POSTO	SALARIO BASE	PAGO EXTRA	BRUTO MENSUAL	COTA PATRONAL	GASTO TOTAL MES	GASTO TOTAL ANUAL
ASESOR/A XURÍDICO/A	1.494,47 €	249,08 €	1.743,55 €	571,01 €	2.314,56 €	27.774,72 €
ASESOR/A XURÍDICO/A	1.494,47 €	249,08 €	1.743,55 €	571,01 €	2.314,56 €	27.774,72 €
AUXILIAR ADMTVO.	1.057,38 €	176,23 €	1.233,61 €	395,99 €	1.629,60 €	19.555,20 €
TOTAL GASTO	4.046,32 €	674,39 €	4.720,71 €	1.538,01 €	6.258,72 €	75.104,64 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 79,89% do orzamento subvencionado que ascende a 75.104,64 €. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,89 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/232A/467.01 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade 2014 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ó Consorcio As Mariñas de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ó Consorcio As Mariñas o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.No procedemento de contratación, o Consorcio As Mariñas **axustará** toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.No caso de que o Consorcio As Mariñas tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio As Mariñas**.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Rematada completamente a realización da actividade, efectuarase o pagamento a prol do Consorcio As Mariñas, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe prevista na cláusula III sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación: (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Consorcio As Mariñas, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente se procede.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Consorcio As Mariñas estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.

2. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio As Mariñas na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Consorcio As Mariñas terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A EXECUCIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, realizaranse desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2014.
2. Unha vez realizada a actividade o Consorcio As Mariñas deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, antes do **30 de xullo de 2015**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Consorcio As Mariñas para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Consorcio As Mariñas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Consorcio As Mariñas deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. Consorcio As Mariñas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio As Mariñas poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio As Mariñas queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio As Mariñas serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ó Consorcio As Mariñas será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 de xaneiro de 2014**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de setembro de**

2015, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.
2.Para o caso de que o Consorcio As Mariñas, non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación **antes do día 30 de xullo de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada , co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano 2015. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Consorcio As Mariñas perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.
1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Consorcio As Mariñas respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento".

10.- APROBACIÓN DO CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL, ASPACE, PARA FINANCIAR "ACTIVIDADES DE CONMEMORACIÓN DO ANO GALEGO DA PARÁLISE CEREBRAL-DÍA MUNDIAL DA PARÁLISE CEREBRAL".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da

Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de xuño de 2014.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a entidade FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (CIF G36344950) para financiar as *Actividades de conmemoración do "Ano galego da parálise cerebral – Día mundial da parálise cerebral,* cunha achega da Deputación de **10.000 €**, que supón unha porcentaxe do 17,09% do orzamento subvencionado que é de 58.500 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio e con cargo á partida 0611/231D/481.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

" **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (ASPACE GALICIA), PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DE CONMEMORACIÓN DO ANO GALEGO DA PARÁLISE CEREBRAL – DÍA MUNDIAL DA PARÁLISE CEREBRAL**

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. Eulogio López Río, presidente da FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (ASPACE GALICIA)

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) con CIF G36344950 para financiar as

actividades de conmemoración do ano galego da parálise cerebral. Día mundial da parálise cerebral.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

A Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Viaxes e aloxamento relatores, organización, premiados,..	23.000,00 €
Aloxamento participantes	15.000,00 €
Salas, audiovisuais, montaxe exposicións,..	3.000,00 €
Dietas organización	2.000,00 €
Desprazamentos	5.500,00 €
Materiais	4.000,00 €
Publicidade, propaganda e reprografía	6.000,00 €
TOTAL	**58.500,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **10.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **17,09%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **17,09%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/231D/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia)**.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada á Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que

foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

Logo da sinatura deste convenio e acreditando previamente a constitución de fianza suficiente, poderase expedir por adiantado ata o 50 por 100 da subvención concedida. A fianza ou aval deberá cubrir o importe total da cantidade anticipada máis un vinte por cento en concepto de xuros moratorios.
A Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.
Non será posible expedir un pago anticipado se a Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se teña presentado a xustificación correspondente.
Para a recepción dos fondos anticipados, a Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) deberá ter unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade...”. Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, realizaranse entre o **1 de xaneiro de 2014 e o 31 de decembro de 2014**.
2. Unha vez rematadas as actividades, a Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA..
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional

non eximirá a Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) poderá ser escollida pola

Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.
1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 de xaneiro de 2014**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de setembro de 2015,** todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.
2.Para o caso de que a Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de xullo de 2015,** deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2015**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia) perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.
1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da Federación galega de asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (ASPACE Galicia), respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento".

11.- APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DE CARBALLO PARA FINANCIAR O "MANTEMENTO DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS NO ANO 2014".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO, (CIP P1501900C), para o financiamento da Unidade Asistencial de Drogodependencias para o ano 2014, polo interese da actividade que se presta a usuarios dos concellos do entorno, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 20.000,00€, que supón unha porcentaxe do 8,55% do total do gasto previsto que é de 234.000,00 € importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio e con cargo á partida 0611/232A/462.01.

2.- Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2015.

" **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA O FINANCIAMENTO DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS NO ANO 2014**

Na Coruña, o

REUNIDOS

Dunha parte o Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte D. Evencio Ferrero Rodríguez, Alcalde Presidente do Concello de Carballo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que o Concello de Carballo é competente para a xestión da Unidade Asistencial de Drogodependencias, conforme co previsto no art. 25 da Lei de bases de réxime local 7/85 de 2 de abril e art. 62 e 14 da Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Que a Deputación da Coruña, é competente para colaborar na xestión indicada, conforme ao previsto na citada Lei de bases de réxime local art. 36, de conformidade coa Lei de administración local de Galicia 5/97 art. 109 e 119 así como co disposto na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Carballo ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carballo co CIF P-1501900C, para o financiamento dos gastos de mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencia que presta servizos de atención e tratamento de drogodependencias así como programas de protección da saúde, aos concellos de Camariñas, Fisterra, Malpica de Bergantiños, Cee, A Laracha, Muxía, Ponteceso, Coristanco, Laxe, Cabana de Bergantiños, Vimianzo, Zas, Corcubión e Dumbría.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

O Concello de Carballo levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
1. Gastos de persoal	191.211,80 €
2. Produtos farmacéuticos e sanitarios	1.700,00 €
3. Outros aprovisionamentos	3.000,00 €
4. Servizos exteriores	38.088,20 €
TOTAL DO GASTO	**234.000,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 8,55%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 8,55%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o Concello de Carballo que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/232A/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ó Concello de Carballo de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .
1.Corresponderalle ó Concello de Carballo o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2.No procedemento de contratación, o Concello de Carballo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.No caso de que o Concello de Carballo tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.
1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Carballo.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.
1 - Coa posibilidade prevista no disposto na base 56º das de execución do orzamento para o ano 2014 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Carballo pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- O Concello de Carballo estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Carballo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Carballo na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Carballo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como se describen na cláusula primeira, deberán estar realizadas desde o **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2014**.

2. Unha vez realizada a actividade, o Concello de Carballo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, antes do **30 de xullo de 2015**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Carballo para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Carballo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Carballo na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Carballo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora,

ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O CONCELLO DE CARBALLO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Carballo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Carballo poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Carballo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Carballo serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Carballo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2014 ata o 31 de decembro de 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e o convenio conservará a súa vixencia ata o día **30 de setembro de 2015,** todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.
2.Para o caso de que o Concello de Carballo non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do día **30 de xullo de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2015**. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Carballo

perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.
1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Carballo, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento".

12.- APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O "PROGRAMA PARA FACILITAR OS PROCESOS DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO E INFRAVIVENDA NO ANO 2014".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Concederlle ao Concello de Coruña a correspondente subvención nominativa, por un importe de 82.000 €, concedida para financiar un Programa para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo ou infravivenda, ano 2014, cun orzamento subvencionado de 138.684,37 €, e aprobar o modelo de convenio de acordo co texto que se achega.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

" **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FACILITAR OS PROCESOS DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO OU INFRAVIVENDA**

A Coruña, ... de ..... de

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Carlos Negreira Souto, alcalde presidente do Concello da Coruña.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Que na Lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia no punto 3 do artigo 3 nomea que as Deputacións provinciais de Galicia cooperarán cos concellos, prestándolles a asistencia económica e técnica precisa para a erradicación do chabolismo. A Deputación da Coruña é competente para levar a cabo o contido deste convenio, de acordo co establecido no art. 63 da vixente Lei 13/2008 de servizos sociais para Galicia

Que lles interesa a ambas as dúas entidades formalizar o presente convenio de colaboración, ao abeiro dos artigos 57 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril e 198.3 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

O Concello da Coruña, de acordo coas súas competencias, conta cun Plan municipal de erradicación chabolista, desenvolvemento xitano e de acceso a unha vivenda digna encamiñada á inclusión residencial deste colectivo.

O concello, en virtude do establecido na vixente Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 60, apartado 1b), ten atribuídas competencias para a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais específicos sen prexuízo do establecido no artigo 59ªi).

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello da Coruña ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para o programa municipal para a erradicación do chabolismo e das infravivendas como expresión da marxinalidade na provincia, para cofinanciar o custo das retribucións do persoal das equipas que estean a traballar nun Plan ou proxecto para a inclusión residencial da comunidade xitana ou usuaria de infravivendas, inmersa nun proceso de realoxamento ou rehabilitacións dentro do seu termo municipal.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O Concello da Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, polo concepto de gastos de persoal, consonte co seguinte orzamento:

Módulos	**Nº persoas**	**Titulación**	**Contrato**	**Dedicación % xornada subv.**	**Salario 12 meses**	**Financiamento**	
						Concello	**Deputación**
Módulo I	1	Licenciado/a Dereito	Temporal	50%	21.513,73	8.388,20	13.125,53
	1	Licenciado/a Pedagoxía	Funcionario/a	69,75%	34.459,90	13.435,92	21.023,98
	1	Licenciado/a Pedagoxía	Temporal	100% Completa	56.273,40	21.941,00	34.332,40
Módulo II	1	Diplomado/a Traballo Social	Funcionario/a	50%	26.395,34	12.877,25	13.518,09
TOTAIS	**4**				138.642,37	56.642,37	**82.000,00**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento do mantemento dos servizos municipais para erradicación do chabolismo, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **82.000,00** €, o que representa unha porcentaxe de **59,14497**%**,** no caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **59,14497**%**,** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/232A/462.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.No caso de que o Concello da Coruña tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegará con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades do programa, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello da Coruña.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Coa posibilidade establecida no disposto na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2014 ata o **50** por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello da Coruña pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación da existencia dos contratos ou da existencia de relación laboral que se correspondan co persoal que se subvenciona, facendo indicación da súa titulación. No caso de persoal funcionario ou laboral do cadro de persoal, os informes sobre a súa adscrición ao proxecto subvencionado.
  As funcións deberán ser da categoría laboral correspondente ao persoal subvencionado e conforme ao indicado na cláusula segunda do convenio.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- O Concello da Coruña estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do **50** por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria do desenvolvemento do proxecto subvencionado, subscrita polo representante legal do Concello da Coruña**,** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Certificación do importe dos gastos de persoal, por cada traballador/a e mes, indicarase o mes, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á empresa, así como a porcentaxe da xornada laboral de cada traballador/a que se impute á actividade que se está a xustificar.

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

- Certificación onde se especifique:
  - Que os traballos foron desempeñados ao longo do período do convenio, e que o persoal para o que se percibe a achega da deputación, permaneceu adscrito ao servizo ou realizou funcións de acompañamento e/ou seguimento para a inclusión no proxecto municipal de erradicación do chabolismo, durante o tempo expresado no convenio, coa mención da xornada concreta realizada.
  No caso de que por circunstancias excepcionais, non fose posible acreditar a cobertura do posto ou traballo para o que se percibe a subvención, durante todo o tempo de duración previsto no convenio, deberán xustificarse estas circunstancias debidamente. Non percibirá o concello nese caso a parte proporcional da achega polos días non xustificados.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, **realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2014 ao 31 de decembro do 2014,** polo que deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que

foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 de xaneiro** do presente ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2015.**

2. Para o caso de que o Concello da Coruña non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación o **31 de marzo do ano 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano 2015. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello da Coruña perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello da Coruña, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento".

13.- APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DE NARÓN PARA FINANCIAR O "PROGRAMA PARA FACILITAR OS PROCESOS DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO E INFRAVIVENDA NO ANO 2014".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Concederlle ao Concello de Narón a correspondente subvención nominativa, por un importe de 30.000 €, concedida para financiar un Programa para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo ou infravivenda, ano 2014, cun orzamento subvencionado de 60.000 €, e aprobar o modelo de convenio de acordo co texto que se achega.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

"**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NARÓN PARA FACILITAR OS PROCESOS DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO OU INFRAVIVENDA**

A Coruña, ... de ..... de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. , alcalde do Concello de Narón.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que na Lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia no punto 3 do artigo 3 nomea que as Deputacións provinciais de Galicia cooperarán cos concellos, prestándolles a asistencia económica e técnica precisa para a erradicación do chabolismo. A Deputación da Coruña é competente para levar a cabo o contido deste convenio, de

acordo co establecido no art. 63 da vixente Lei 13/ 2008 de servizos sociais para Galicia
Que lles interesa a ambas as dúas entidades formalizar o presente convenio de colaboración, ao abeiro dos artigos 57 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril e 198.3 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

O Concello de Narón, de acordo coas súas competencias, conta cun Plan municipal de erradicación chabolista, desenvolvemento xitano e de acceso a unha vivenda digna encamiñada á inclusión residencial deste colectivo.

O concello, en virtude do establecido na vixente Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 60, apartado 1b), ten atribuídas competencias para a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais específicos sen prexuízo do establecido no artigo 59ªi).

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Narón ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Narón para o programa municipal para a erradicación do chabolismo e das infravivendas como expresión da marxinalidade na provincia, para cofinanciar o custo das retribucións do persoal das equipas que estean a traballar nun Plan ou proxecto para a inclusión residencial da comunidade xitana ou usuaria de infravivendas, inmersa nun proceso de realoxamento ou rehabilitacións dentro do seu termo municipal.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O Concello de Narón levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, polo concepto de gastos de persoal, consonte co seguinte orzamento:

Módulos	**Nº persoas**	**Titulación**	**Contrato**	**Dedicación% xornada subv.**	**Salario 12 meses**	**Financiamento**	
					Custo imputado	**Concello** Achega do Concello a este programa	**Deputación**
Módulo I	1	Licenciado en Ciencias E.	Funcionario/a	5,48%	65.608,44 / 3.600,00	62.008,44 / 1.800,00	1.800,00
	1	Licenciado	Funcionario/a	13,56%	53.009,00	45.899,00	3.600,00

		en Dereito			7.200,00	3.600,00	
Módulo II	1	Diplomada Traballo social	Funcionario/a	19,52%	43.039,76 8.400,00	34.639,76 4.200,00	4.200,00
	1	Diplomada Traballo social	Funcionario/a	10,48%	40.109,10 4.200,00	35.909,10 2.100,00	2.100,00
	1	Diplomada Traballo social	Funcionario/a	9,32%	45.110,62 4.200,00	40.910,62 2.100,00	2.100,00
	1	Diplomada Traballo social	Funcionario/a	9,62%	43.625,56 4.200,00	39.425,56 2.100,00	2.100,00
	1	Diplomada Traballo social	Funcionaria interina	55,20%	36.958,74 20.400,00	16.558,74 10.200,00	10.200,00
	1	Diplomada en Educación Social	Funcionario/a	14,08%	34.073,20 4.800,00	29.273,20 2.400,00	2.400,00
	1	Licenciado en Psicopedagoxía	Funcionario/a	7,56%	39.641,66 3.000,00	36.641,66 1.500,00	1.500,00
TOTAIS	**9**				401.266,08 60.000,00	341.266,08 30.000,00	**30.000,00**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento do mantemento dos servizos municipais para erradicación do chabolismo, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima **30.000,00** €, o que representa unha porcentaxe de **50,00 %.** No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **50,00%** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/232A/462.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao Concello de Narón o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.No procedemento de contratación, o Concello de Narón axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.No caso de que o Concello de Narón tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades do programa, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Narón.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Coa posibilidade establecida no disposto na base 57º das de execución do orzamento para o ano 2014 ata o **50** por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Narón, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación da existencia dos contratos ou da existencia de relación laboral que se correspondan co persoal que se subvenciona, facendo indicación da súa titulación. No caso de persoal funcionario ou laboral do cadro de persoal, os informes sobre a súa adscrición ao proxecto subvencionado.
  As funcións deberán ser da categoría laboral correspondente ao persoal subvencionado e conforme ao indicado na cláusula segunda do convenio.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello de Narón estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do **50** por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria do desenvolvemento do proxecto subvencionado, subscrita polo representante legal do Concello de Narón, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Certificación do importe dos gastos de persoal, por cada traballador/a e mes, indicarase o mes, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á empresa, así como a porcentaxe da xornada laboral de cada traballador/a que se impute á actividade que se está a xustificar.

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

- Certificación onde se especifique:

- Que os traballos foron desempeñados ao longo do período do convenio, e que o persoal para o que se percibe a achega da deputación, permaneceu adscrito ao servizo ou realizou funcións de acompañamento e/ou seguimento para a inclusión no proxecto municipal de erradicación do chabolismo, durante o tempo expresado no convenio, coa mención da xornada concreta realizada.

No caso de que por circunstancias excepcionais, non fose posible acreditar a cobertura do posto ou traballo para o que se percibe a subvención, durante todo o tempo de duración previsto no convenio, deberán xustificarse estas circunstancias debidamente. Non percibirá o concello nese caso a parte proporcional da achega polos días non xustificados.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Narón na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Narón terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, **realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2014 ao 31 de decembro do 2014,** polo que deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Narón deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Narón para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Narón da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Narón deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Narón destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Narón poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Narón queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Narón serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Narón será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 de xaneiro** do presente ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2015.**

2. Para o caso de que o Concello de Narón non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación o **31 de marzo do ano 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano 2015. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Narón perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Narón, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento".

14.- APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O "PROGRAMA PARA FACILITAR OS PROCESOS DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO E INFRAVIVENDA NO ANO 2014".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Concederlle ao Concello de Santiago a correspondente subvención nominativa, por un importe de 30.000 €, concedida para financiar un Programa para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo ou infravivenda, ano 2014, cun orzamento subvencionado de 42.278,60 €, e aprobar o modelo de convenio de acordo co texto que se achega.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

" **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FACILITAR OS PROCESOS DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO OU INFRAVIVENDA**

A Coruña, o ..... de ..... de dous mil

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. D. Agustín Hernández Fernández de Rojas, alcalde presidente do Concello de Santiago de Compostela.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que na Lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia no punto 3 do artigo 3 nomea que as Deputacións provinciais de Galicia cooperarán cos concellos, prestándolles a asistencia económica e técnica precisa para a erradicación do chabolismo. A Deputación da Coruña é competente para levar a cabo o contido deste convenio, de

acordo co establecido no art. 63 da vixente Lei 13/ 2008 de servizos sociais para Galicia.
Que lles interesa a ambas as dúas entidades formalizar o presente convenio de colaboración, ao abeiro dos artigos 57 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril e 198.3 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

O Concello de Santiago de Compostela, de acordo coas súas competencias, conta cun Plan municipal de erradicación chabolista, desenvolvemento xitano e de acceso a unha vivenda digna encamiñada á inclusión residencial deste colectivo.

O concello, en virtude do establecido na vixente Lei 13/2008, o 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 60, apartado 1b), ten atribuídas competencias para a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais específicos sen prexuízo do establecido no artigo 59ªi).

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para o programa municipal para a erradicación do chabolismo e das infravivendas como expresión da marxinalidade na provincia, para cofinanciar o custo das retribucións do persoal das equipas que estean a traballar nun Plan ou proxecto para a inclusión residencial da comunidade xitana ou usuaria de infravivendas, inmersa nun proceso de realoxamento ou rehabilitacións dentro do seu termo municipal.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O Concello de Santiago de Compostela levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, polo concepto de gastos de persoal, consonte co seguinte orzamento:

Módulos	**Nº persoas**	**Titulación**	**Contrato**	**Dedicación % xornada subv.**	**Salario 12 meses**	**Financiamento**	
Módulo II	**1**	Educador/a social	Laboral Indefinido	100% Completa	42.278,60	**Concello**	**Deputación**
						12.278,60	30.000

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento do mantemento dos servizos municipais para erradicación do chabolismo, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima **30.000,00** €, o que representa unha porcentaxe de **70,96%.** No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70,96%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/232A/462.01**, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.No caso de que o Concello de Santiago de Compostela tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades do programa, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela .

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Coa posibilidade establecida no disposto na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2014 ata o **50** por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Santiago de Compostela pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación da existencia dos contratos ou da existencia de relación laboral que se correspondan co persoal que se subvenciona, facendo indicación da súa titulación. No caso de persoal funcionario ou laboral do cadro de persoal, os informes sobre a súa adscrición ao proxecto subvencionado.
  As funcións deberán ser da categoría laboral correspondente ao persoal subvencionado e conforme ao indicado na cláusula segunda do convenio.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello de Santiago de Compostela estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do **50** por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria do desenvolvemento do proxecto subvencionado, subscrita polo representante legal do Concello de Santiago de Compostela xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Certificación do importe dos gastos de persoal, por cada traballador/a e mes, indicarase o mes, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á empresa, así como a porcentaxe da xornada laboral de cada traballador/a que se impute á actividade que se está a xustificar.

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

- Certificación onde se especifique:
  - Que os traballos foron desempeñados ao longo do período do convenio, e que o persoal para o que se percibe a achega da deputación, permaneceu adscrito ao servizo ou realizou funcións de acompañamento e/ou seguimento para a inclusión no proxecto municipal de erradicación do chabolismo, durante o tempo expresado no convenio, coa mención da xornada concreta realizada.
  No caso de que por circunstancias excepcionais, non fose posible acreditar a cobertura do posto ou traballo para o que se percibe a subvención, durante

todo o tempo de duración previsto no convenio, deberán xustificarse estas circunstancias debidamente. Non percibirá o concello nese caso a parte proporcional da achega polos días non xustificados.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago de Compostela na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, **realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2014 ao 31 de decembro do 2014,** polo que deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.-INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 de xaneiro** do presente ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2015.**

2. Para o caso de que o Concello de Santiago de Compostela non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación a **31 de marzo do ano 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano 2015. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito

que o Concello de Santiago de Compostela perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Santiago de Compostela, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento".

15.- APROBACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA FINANCIAR O "PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SOCIAL EN PAÍSES EUROPEOS PARA MOZOS EN DESEMPREGO DA PROVINCIA DA CORUÑA NO ANO 2014"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de xullo de 2014.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza, (CIF G15798655), con sede na

Coruña, para o FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SOCIAL EN PAÍSES EUROPEOS PARA XOVES EN DESEMPREGO DA PROVINCIA DA CORUÑA. ANO 2014, e cunha achega da deputación de 17.010,00 euros, que supón o 70,00% do orzamento de gasto que é de 24.300,00 euros, e que será aboado conforme ao previsto na cláusula VI e VII deste, con cargo á partida 0611/231D/481 do orzamento vixente".

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

" **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SOCIAL EN PAÍSES EUROPEOS PARA XOVES EN DESEMPREGO DA PROVINCIA DA CORUÑA. ANO 2014**

Na Coruña, o .... de .....de..... na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Dna. Sandra Ortega Mera, presidenta da Fundación Paideia Galiza.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

É competente a Deputación para a colaboración prevista no Convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

Na Lei de servizos socias para Galicia 13/2008, menciónanse as competencias da Deputación no apoio xurídico económico e técnico cara aos concellos, nos temas da súa competencia, sendo a actividade de inserción de mozos e mozas de interese para os concellos da provincia da Coruña, polo que está xustificado o apoio desta Deputación para levar adiante o programa de actividades de que se trata no convenio.

Por outra banda, segundo consta nos seus estatutos, a Fundación Paideia Galiza ten como obxecto a promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, de fomento da economía social e de promoción do voluntariado, así como

calquera forma de atención, formación e intervención na problemática xerada por calquera tipo de exclusión social.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Fundación Paideia Galiza, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Paideia Galiza, con CIF G15798655, para o financiamento das accións informativas e formativas do Programa de voluntariado social en países europeos para 200 xoves de 18 a 30 anos en situación de desemprego da provincia da Coruña, para o ano 2014.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Fundación Paideia Galiza, levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	SUBTOTAIS
Gastos de persoal	17.504,44 €
Material difusión (dípticos, cadernos, bolígrafos,..)	2.000,00 €
Gastos da actividade (profesionais externos)	1.000,00 €
Gastos da actividade (desprazamentos)	1.000,00 €
Gastos xerais: Subministracións (auga e electricidade): 731,01 € Teléfono e internet: 606,96 € Material oficina e informático: 810,76 € Limpeza: 646,83 €	2.795,56 €
TOTAL	24.300,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **17.010 €**, o que representa unha porcentaxe do **70%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe

total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **70%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/231D/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á Fundación Paideia Galiza de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia Galiza. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paideia Galiza, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3.No caso de que a Fundación Paideia Galiza tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza**.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias
- compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, **realizaranse desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2014.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia Galiza deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, **antes do 30 de xullo de 2015**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Paideia Galiza terá dereito ao aboamento dos xuros

de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Fundación Paideia Galiza deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de setembro de 2015,** todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.
2.Para o caso de que a Fundación Paideia Galiza non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de xullo de 2015**,

deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2015. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Fundación Paideia Galiza perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da Fundación Paideia Galiza, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento" .

16.- APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN INTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA PARA FINANCIAR O "PROXECTO DE EQUIPAMENTO, OBRAS E MELLORAS DO XARDÍN TERAPÉUTICO DO CENTRO DE RECURSOS INTEGRO"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 16 de xullo de 2014.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Íntergro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra (CIF G15173263), para financiar o *Proxecto de equipamento, obras e melloras do xardín terapéutico do Centro de Recursos Íntegro* cunha achega da Deputación de **47.814 €,** que supón o 59,118 % do orzamento de gasto que é de 80.879,47 €, e que será aboado conforme ao previsto na cláusula VI e VII deste, con cargo á partida 0611/231E/781 do orzamento vixente".

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

"**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN INTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA E FISTERRA PARA COFINANCIAR OS GASTOS DO PROXECTO DE EQUIPAMENTO, OBRAS E MELLORAS DO XARDÍN TERAPÉUTICO DO CENTRO DE RECURSOS INTEGRO**
Na Coruña, o

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. Adolfo López Baña, presidente da Asociación INTEGRO para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación INTEGRO para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO
O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra, (CIF G15173263), para o financiamento do Proxecto de equipamento, obras e melloras do Centro de Recursos Íntegro, coa finalidade de proporcionarlles ás persoas usuarias do centro unha actividade para mellorar a súa interacción social.
2- A Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a

execución das obras. O proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.
3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do Sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor arquitecto don Gonzalo García Martínez, colexiado número 1897 e susceptible de aproveitamento separado. *Xa que logo,* unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

A) O presuposto total da execución da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagrégase co seguinte detalle:

Obras, acondicionamento de terreo para xardín terapéutico..... :21.300,00€
Obras, peche da do terreo .....:22.538,40€
Melloras no Centro carpintería metálica .....: 11.930,65€
Equipamentos .....: 10.992,49€
Total execución material .....: 66,761,54€
21% I.V.E. .....: 14.019,92€
Total presuposto.....: 80.781,46€

B) O presuposto total da execución por contrata, segundo os orzamentos presentados desagrégase co seguinte detalle:

Obras.....: 53.044,46€
Melloras .....: 14.534,10€
Equipamento .....: 13.300,91€

Total presuposto .....: 80.879,47€

C) Para os efectos do importe do orzamento subvencionado, tomarase en consideración a cantidade de **80.879,47 euros** (IVE incluído) que é o orzamento máis vantaxoso, elixido pola entidade, dos presentados polas empresas contratistas.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **47.814,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **59,118%**. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 59,118%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/231E/781**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN
1. Na condición de promotor, corresponderalle á Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. Con carácter previo á contratación, a Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.
1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN.
1. A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada

como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmoble á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas **antes do 31 de decembro de 2014.**

2. Unha vez rematadas as obras, a Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA **antes do 31 de xaneiro de 2015**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no

que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o **día 1 de xaneiro de 2014**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 31 de marzo de 2015**,

todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.
2. Para o caso de que a Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do **día 31 de xaneiro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2015**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.
1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento".

17.- APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA COMARCA DE NOIA-MUROS (MISELA) PARA FINANCIAR A "COMPRA DUN LOCAL DESTINADO A CENTRO OCUPACIONAL EN NOIA".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención

nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 21 de xullo de 2014.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a entidade MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros), (CIF G15450208), para financiar a *compra dun local destinado a Centro ocupacional en Noia*, e cunha achega da deputación de **190.000 euros**, que supón o 78,51 % do orzamento do gasto que é de 242.000 euros, e que será aboado conforme ao previsto na cláusula VI e VII deste, con cargo a partida 0611/231D/781 do orzamento vixente.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

"**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE MISELA (ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA COMARCA DE NOIA-MUROS) PARA COFINANCIAR A COMPRA DUN LOCAL DESTINADO A CENTRO OCUPACIONAL, EN NOIA.**

Na Coruña , o de de dous mil

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte Dna. Mª Carmen Hermida Santamaría, Presidenta da entidade MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros)

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e de MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros), ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a entidade MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros) (CIF G15450208), para o financiamento da adquisición do ben inmoble que se describe de seguido:

DESCRICIÓN DA DO TERREO: Local en planta baixa da Rúa República Arxentina, nº 60 de Noia (A Coruña)
REFERENCIA CATASTRAL: 9649911NH0396S0018OY
INSCRICIÓN REXISTRAL: terreo: 17739 IDUFIR: 15011000865874

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

1. Segundo o informe de valoración que achegou MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros), o orzamento máximo para a adquisición ascende a 242.000 euros.
2. Achégase valoración pericial subscrita polo técnico municipal do Concello de Noia.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 190.000 €, o que representa unha porcentaxe de 78,51%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de adquisición, está financiado con cargo a recursos propios e alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,51%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmoble e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.
4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/231D/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros) o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmoble, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben, MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros) deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista no disposto na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2014, ata o 40% da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol de MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros) pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Requirirase a constitución previa de fianza, aval ou garantía suficiente polo importe total da cantidade anticipada máis un 20% en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías e caucións.
- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmoble, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:
  - Descrición física e xurídica do ben.
  - Identificación do titular ou titulares coa cota que lles corresponda a cada un deles.
  - Valoración pericial.
  - Aceptación dos propietarios do valor que se lles asigne.
  - Determinación da data para a elevación á escritura pública.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2. Adquirido o ben, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Copia da escritura pública de adquisición.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens de MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros)**,** deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Deberá cumprir a cláusula V.-2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía dilixenciada no reverso.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable (40%).

- Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada **antes do 31 de decembro de 2014**.

2. Unha vez realizada a adquisición, MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, antes do **31 de maio de 2015.**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia

bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do inmoble dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación de MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros) serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo de 2015.**

2.Para o caso de que MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros) non poida ter adquirido o inmoble e presentada a xustificación **antes do 31 de maio de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2015**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros) perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo presidente da Deputación e o de MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros), respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento".

18.- APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA PARA FINANCIAR O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS EDUCATIVOS E DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O ANO 2013.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 16/06/2014.

2.- Concederlle á Asociación Socio-Pedagóxica Galega unha subvención nominativa por importe de **25.000 €,** para financiar o desenvolvemento de *Programas educativos e de normalización lingüística durante o ano 2013 ,* cun orzamento de 31.250 €.

3.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega para financiar o desenvolvemento de *Programas educativos e de normalización lingüística durante o ano 2013***
Na Coruña, o

REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, asistido polo Secretario D. José Luís Almau Supervía.

D. Xoán Costa Casas, Presidente da Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e na defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, e cos arts. 2º e 6º.3, da Lei 3/83, de normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente á educación na cultura, e moi especialmente á promoción e fomento da utilización da nosa lingua.

Así mesmo, a Deputación apoia o fomento da lingua mediante distintas actuacións orientadas á súa normalización na nosa comunidade.

2.- A Asociación Socio-Pedagóxica Galega é unha entidade de carácter cultural que ten por finalidade a promoción de toda clase de estudos sociais e pedagóxicos sobre a sociedade galega, incidindo no estudo dos métodos pedagóxicos existentes, e buscando acadar os mais axeitados para aplicar no ensino en Galicia, na procura dunha cada vez maior dinamización da cultura e a lingua galegas.

3.- Como parte das actividades de fomento da lingua a Asociación Socio-Pedagóxica Galega desenvolve o proxecto *Tíralle da lingua*, dirixido ao profesorado e ao alumnado, coa finalidade de incentivar o uso oral do galego e, polo tanto, a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova; tamén desenvolve o programa *Aprender para educar*, que é un programa de formación dirixido ás familias, de interrelación e exposición de experiencias.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega coinciden no seu común interese de realizar proxectos culturais orientados aos fins arriba sinalados e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega para financiar o desenvolvemento de ***Programas educativos e de normalización lingüística durante o ano 2013*** co seguinte contido:

Tíralle da lingua.-

Este proxecto pretende incentivar o uso oral do galego e, polo tanto, a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova e desenvólvese en dúas fases:

* Xornadas de expresión oral dirixidas ao profesorado de primaria, ESO e bacharelato de toda Galicia, que tiveron lugar en Santiago de Compostela o 16 de novembro, coa

finalidade de facilitarlle ao profesorado técnicas básicas para traballar a oralidade na aula.

* Concurso de relato oral dirixido ao alumnado de Primaria, ESO, e ensino postobrigatorio que se fai a dous niveis: no centro do ensino e na fase final do concurso, que se celebra en Santiago de Compostela a finais de abril ou maio.

Aprender para educar.-

Este é un programa de formación dirixido ás familias, de interrelación e exposición de experiencias e desenvólvese en catro fases:

* Recollida de información nas ANPAS.

* Información e formación; nesta fase realizaranse conferencias con coloquio.

* Formación de pais e nais como animadores e condutores de grupo, o que permitirá a formación de grupos de aprendizaxe.

* Realización de oito obradoiros dirixidos ao alumnado.

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Tíralle da lingua.- Xornadas de expresión oral	
* Publicidade: deseño e maquetación	1.000.-
* Envíos a centros	800.-
* Docencia	1.500.-
* Dietas: comidas e desprazamentos	500.-
* Impresión de programas e cartalería	1.100.-
* Elaboración programa, xestión e organización	1.800.-
* Imprevistos	200.-
Subtotal	***6.900.-***
Tíralle da lingua.- Concurso de relato oral	
* Catro primeiros premios	1.200.-
* Catro segundos premios	600.-
* Premios aos centros	1.800.-
* Dez sesións de contacontos nos centros	2.000.-
* Dinamización e presentación do Concurso	300.-
* Maquetación, impresión e distribución publicidade	1.100.-
* Organización e xestión	1.900.-
* Imprevistos 400.-	
Subtotal	***9.300.-***

Aprender para educar	
* Planificación, coordinación, organización e xestión	3.500.-
* Publicación nun medio impreso	5.500.-
* Relatores das charlas e obradoiros	1.500.-

* Deseño e maquetación da publicidade	1.150.-
* Impresión e envío da publicidade	2.200.-
* Material para asistentes	400.-
* Imprevistos 800.-	
Subtotal	***15.050.-***
Total de gastos	***31.250 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **25.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **80 %.**

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Socio-Pedagóxica Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Socio-Pedagóxica Galega, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Socio-Pedagóxica Galega unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Socio-Pedagóxica Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.
1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán terse realizado durante o **ano 2013**.

2.- Unha vez asinado este convenio, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da data de sinatura.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Socio-Pedagóxica Galega para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Socio-Pedagóxica Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª6º das de execución do orzamento 2013 da deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
1.- A Asociación Socio-Pedagóxica Galega deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa este de oficio .

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación Socio-Pedagóxica Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55ª.6º das de execución do orzamento 2013 da deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención

outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Socio-Pedagóxica Galega serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Socio-Pedagóxica Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un mes despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por --

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento".

19.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DA PRENSA DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO ESTUDO DO NOME DAS RÚAS. COMARCAS DA BARCALA, ARZÚA, SANTIAGO E TERRA DE MELIDE: ANUALIDADE 2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 07/07/2014.

2.- Aprobar o convenio coa Asociación da Prensa da Coruña corrrespondente á subvención nominativa, por importe de **25.000 €**, concedida para financiar o proxecto *Estudo do nome das rúas. Comarcas da Barcala, Arzúa, Santiago e Terra de Melide: anualidade 2014,* cun orzamento subvencionado de 38.000 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

" **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña para financiar o proxecto *Estudo do nome das rúas. Comarcas da Barcala, Arzúa, Santiago e Terra de Melide: anualidade 2014.***

Na Coruña, o
REUNIDOS
D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

D. Manuel González Menéndez, Presidente da Asociación da Prensa da Coruña

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia que establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e literatura.

2.- A Asociación da Prensa da Coruña, dentro das actividades dirixidas ao rescate da memoria dos principais creadores xornalísticos e literarios da cidade e de Galicia, está a realizar unha liña especializada de publicacións, sobre a presenza dos xornalistas nos rueiros das cidades, cunha dobre finalidade: a posta en valor do coñecemento de xornalistas e a súa implantación social a través dos rueiros das cidades.

3.- Dende o ano 2008 realizáronse os estudos da presenza dos xornalistas nos rueiros da Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, As Mariñas (Betanzos, Culleredo, Cambre, Oleiros, Bergondo, Abegondo, Carral, Sada e Arteixo), Bergantiños-Costa da Morte (A Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbría, Fisterra, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muros, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas), Barbanza, (Boiro, A Pobra do Caramiñal, Rianxo e Ribeira), Noia (Lousame, Noia, Outes e Porto do Son) e Sar (Dodro, Padrón e Rois).

Como continuación destes traballos, no ano 2014 realizarase o estudo: *Comarcas da Barcala, Arzúa, Santiago e Terra de Melide,* no que se recollerán os nomes dos xornalistas que dan nome a rúas na Baña e Negreira; Arzúa, Boimorto, O Pino e Touro; Ames, Boqueixón, Brión, Teo, Val do Dubra e Vedra; e Melide, Santiso, Sobrado e Toques.

Con este proxecto preténdese salientar o papel de determinados xornalistas que fixeron historia non só no mundo da comunicación, tamén no ámbito da cultura galega nos dous últimos séculos, especialmente os máis vinculados ao rexurdimento galego a fins do século XIX e principios do XX.

4 - A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña coinciden en valorar positivamente esta liña de publicacións polo que, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña (CIF:

15032006) para financiar o proxecto ***Estudo do nome das rúas. Comarcas de Barbanza, Noia e Sar: anualidade 2014,*** que se realizará nas seguintes fases:

* Localización e avaliación dos personaxes.
* Busca documental: literaria e gráfica.
* Elección dos autores dos textos.
* Realización do material gráfico actual: localización das rúas nos concellos.
* Elaboración da premaqueta e infografía.
* Redacción de textos.
* Edición e impresión.
* Distribución.
* Presentación da obra.

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación da Prensa da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Redacción, colaboracións	10.000.-
Documentación, materiais	2.000.-
Fotografía, infografía	3.500.-
Deseño, maquetación	4.500.-
Edición	12.000.-
Distribución	4.000.-
Varios	2.000.-
Total	***38.000 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **25.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **65,79 %.**
A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 65,79 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación da Prensa da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación da Prensa da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación da Prensa da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación da Prensa da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación da Prensa da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación da Prensa da Coruña unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación da Prensa da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

*Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.
1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2014.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de Prensa da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**
3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación da Prensa da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación da Prensa da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación da Prensa da Coruña na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a

Asociación da Prensa da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación da Prensa da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa este de oficio .

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación da Prensa da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación da Prensa da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación da Prensa da Coruña poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación da Prensa da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación da Prensa da Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación da Prensa da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

2.- Despois da solicitude da Asociación de Prensa da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento".

20.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS MEC PARA FINANCIAR O CICLO DE CONFERENCIAS "XVII AVANCES EN CIENCIA E TECNOLOXÍA" DURANTE O ANO 2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a

existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 20/06/2014.

Así mesmo, exceptuar a limitación establecida na base 50ª-5, polo que se refire á porcentaxe de financiamento da actividade, que no presente expediente fíxase no 100% dos gastos.

2.- Aprobar o convenio coa Academia Galega de Ciencias MEC correspondente á subvención nominativa, por importe de 8.000 €, concedida para financiar o ciclo de conferencias *"XVII Avances en ciencia e tecnoloxía" durante o ano 2014,* cun orzamento subvencionado de 8.000 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

" **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias para financiar o ciclo de conferencias *"XVII Avances en ciencia e tecnoloxía" durante o ano 2014.***

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Miguel Ángel Ríos Fernández, Presidente da Real Academia Galega de Ciencias.

MANIFESTAN

Que ambas as partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Real Academia Galega de Ciencias ten disposto organizar un ciclo de conferencias titulado *"XVII Avances en ciencia e tecnoloxía"* que se desenvolverá en Santiago de Compostela, nos meses de outono, dirixido, principalmente ao alumnado universitario, licenciados, doutores e persoal de empresa.

Que a Deputación Provincial da Coruña, concede unha grande importancia á divulgación da ciencia e, máis concretamente, das novas tecnoloxías, coñecedora da necesidade social de fomentar a extensión deste tipo de actividades, e considerando a complementariedade desta actividade coa política de concesión de bolsas á investigación que ven desenvolvendo dende hai anos este organismo, está interesada en colaborar na organización das ditas conferencias.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias, coa finalidade de fixar as condicións da súa

colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias (CIF: Q1568010A) para financiar o ciclo de conferencias ***XVII Avances en ciencia e tecnoloxía***.

O ciclo constará de tres partes: unha primeira consistente en charlas nas que se desenvolverán aspectos básicos relativos ao tema xeral do ciclo para crear un marco no que se desenvolverá a segunda parte, consistente en mesas de debate, e a terceira, que constará dun seminario/obradoiro; o ciclo realizarase de acordo co seguinte:

Charlas:
Da Universidade á túa empresa.
¿Publicar, patentar ou emprender?
O emprendedor e o empresario. Aptitudes e actitudes.

Mesas de debate:
O fracaso, un episodio frecuente no camiño que leva ao éxito.
Emprendemento feminino: un ben necesario.

Seminario/Obradoiro:
Teño unha idea: que podo facer con ela?

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega de Ciencias desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

3 conferenciantes	1.200.-
12 membros mesas de debate e seminario	1.500.-
Organización e coordinación	800.-
Apoio administrativo	1.200.-
Imprenta	1.300.-
Publicidade	1.500.-
Desprazamentos e axudas de custo	500.-
Total	**8.000 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **8.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **100 %.**

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/480, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4.- A subvención da Deputación é incompatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega de Ciencias obteña para a mesma finalidade.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega de Ciencias.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Ferrol.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----------

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento".

23.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O PROXECTO ESTALMAT-GALICIA PARA ESTÍMULO DO TALENTO MATEMÁTICO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NO ANO 2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Aprobar o convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, correspondente á subvención nominativa, por importe de 25.000 €, concedida para financiar o *Proxecto ESTALMAT-Galicia para estímulo do talento matemático na Comunidade*

Autónoma de Galicia no ano 2014, cun orzamento subvencionado de 72.050 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar o *Proxecto ESTALMAT-Galicia para estímulo do talento matemático na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2014.***
Na Coruña o

REÚNENSE

Don Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Don Xan Manuel Viaño Rey, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, (en adiante, a USC), e

MANIFESTAN

Que A USC, a través da súa Facultade de Matemáticas, desenvolve un intenso labor en todos aqueles aspectos do ámbito sociocultural que se relacionen coas matemáticas, o que se concreta, entre outros proxectos, na posta en marcha na Comunidade Autónoma de Galicia do denominado "Proxecto ESTALMAT-Galicia", como parte do Proxecto ESTALMAT en España, que, con óptimos resultados, ten como obxectivo principal detectar, orientar e estimular, de maneira continuada, o talento matemático en alumnos a partir dos 12 anos de idade.

Que o funcionamento básico do Proxecto ESTALMAT, avalado cientificamente pola Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais, consiste en seleccionar 25 alumnos cada ano, mediante unhas probas que pretenden detectar aptitudes matemáticas avanzadas, e impartirlles clases, e outras actividades adaptadas ao desenvolvemento do seu talento. Estas clases impártense nas mañás de vinte sábados do curso académico, na Facultade de Matemáticas da USC e as familias adquiren o compromiso de traer e levar os estudantes seleccionados. Cada edición ten unha duración de dous cursos académicos, prorrogables por outros dous anos adicionais con 6 sábados de actividade cada un.

Que o desenvolvemento do Proxecto ESTALMAT-Galicia está a cargo dun comité organizador composto por dez profesores, que preside o catedrático de Matemática Aplicada da Facultade de Matemáticas e Reitor da USC, Xan Manuel Viaño Rey, e dun equipo docente integrado por 41 profesores, todos eles profesores de matemáticas con docencia en centros de ensino de distintos niveis en toda Galicia ou nalgunha das tres universidades galegas.

Que a posta en marcha do proxecto ESTALMAT-Galicia tivo lugar ao longo do curso académico 2007-2008 co primeiro grupo de 25 estudantes, e xa se consolidou nos cursos 2008-2009, 2009-2010, 2010-11, 2011-12 e 2012-13 coa entrada dun novo

grupo de 25 estudantes cada curso. En total, en cada curso académico, o proxecto traballa con 100 estudantes que se reparten en catro grupos de 25.

Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sostible ao avance do coñecemento e o benestar social.

Tendo en conta as anteriores consideracións, a Deputación da Coruña está interesada en colaborar coa USC no proxecto Estalmat-Galicia no ano 2014, como xa ven facendo nos anos anteriores.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela (NIF: Q1518001A) para financiar parcialmente os gastos derivados do **Proxecto ESTALMAT-Galicia para estímulo do talento matemático na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2014**, detallados da forma seguinte:

§ Gastos de atención aos alumnos e ás súas familias: campamento matemático, almorzos e bebidas para os alumnos,
§ Gastos xerais: material de imprenta, arquivo, aluguer de salas ou equipos, correos, fotocopias, seguros...
§ Gastos de persoal por cursos, conferencias, organización e colaboracións; persoal de apoio administrativo e técnico, viaxes e desprazamentos de profesores,...

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A USC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

1. Viaxes e aloxamentos		
Desprazamentos profesores	3.900	
Viaxes e aloxamentos autoridades (inauguración e clausura)	1.750	
Axudas de viaxe a familias	8.000	
Subtotal		**13.650**
2. Material funxible		
Material docente (carpetas, bolígrafos, papel cor, …)	2.250	
Fotocopias e imprenta (dípticos, carteis, sobres, ...)	3.000	

Arquivadores, tóner, papel e demais material administrativo	1.500	
Subtotal		**6.750**
3. Colaboracións externas		
Docencia profesores cursos e conferencias	15.600	
Sesións de información e formación pais (escola pais)	1.050	
Persoal administrativo e técnico da USC	4.600	
Colaboración profesores en probas e corrección	3.000	
Colaboración profesores en entrevistas	600	
Colaboración e responsable páxina web	1.300	
Colaboración profesorado en dirección, coordinación e organización xeral	12.000	
Servizo de vixilancia e apertura edificio en sábado	3.600	
Campamento matemático en Abegondo-Sada (A Coruña)	4.300	
Fotografía (fotos, vídeos, orlas)	1.500	
Subtotal		**47.550**
4. Outros gastos		
Atencións protocolarias autoridades	900	
Invitación actos inauguración e clausura	1.100	
Correo	1.100	
Seguros	1.000	
Subtotal		**4.100**
Total orzamento		**72.050 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **25.000 € ,** o que representa unha porcentaxe do **34,698 %** do orzamento total.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a USC que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 34,698 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/323A/42391, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á USC, que ademais, e a través da Facultade de Matemáticas, organizará e realizará directamente, todas as actividades, asumindo, xa que logo, as conseguintes responsabilidades, as actividades necesarias para a realización do "Proxecto ESTALMAT-Galicia" referido no expositivo do presente convenio.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á USC, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 €, con carácter previo á contratación, a USC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador das actividades sinaladas na cláusula primeira, polo que na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da USC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á USC despois da presentación da seguinte documentación:

* Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da USC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.
1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a USC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á USC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto; aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á USC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC na documentación achegada

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a USC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A USC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A USC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a USC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da USC serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á USC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento".

24.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Aprobar o convenio coa Asociación de Escritores en Lingua Galega correspondente á subvención nominativa, por importe de 24.000 €, concedida para financiar o *Programa de actividades culturais no ano 2014,* cun orzamento subvencionado de 30.094 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

" **Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritores en Lingua Galega para financiar o *Programa de actividades culturais no ano 2014***

Na Coruña, o

REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña
D. Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e na defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, e cos arts. 2º e 6º.3, da Lei 3/83, de normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e literatura.

Así mesmo, a Deputación ven desenvolvendo un amplo programa de actuacións orientado á utilización das novas tecnoloxías como medio privilexiado de comunicación e á difusión de información relevante para a cidadanía.

2.- A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) foi fundada no ano 1980 e, na actualidade representa os intereses dun total de 420 escritores.

A AELG traballa de cara á promoción dos autores, á súa visibilidade pública ao fomento da súa interconexión e intercambio de ideas, proporcionando foros para o debate.

3.- A AELG conta cun portal web que é todo un referente de consulta para asociados e para o conxunto da sociedade; neste portal inclúese o *Centro de Documentación de Escritores en Lingua Galega*, que foi posto en marcha coa colaboración desta Deputación.

4.- Ademais, a AELG conta cun *Espazo Didáctico* no que se ofrece material aos centros educativos; cunha editora virtual *Aelg Editora*, para darlles oportunidade de editar aos máis novos; cunha *Aula de escritores*, espazo reservado para a oferta de cursos en liña dirixidos a docentes; co apartado *Literatura na rede*, onde se seleccionan as mellores ligazóns no ámbito literario; cunha *Axenda cultural*, que permite acceder ás novas relativas ao sector; e coa sección *Palabras na memoria*, que permite aos internautas reportar a existencia de palabras que non figuran nos dicionarios para reinsertalas no acervo lexical da nosa lingua.

5.- A AELG celebra unha serie de citas anuais: a homenaxe *"O escritor na súa terra",* adicada a un autor veterano das nosas letras; a homenaxe *"Os bos e xenerosos"* no que se destaca non só unha traxectoria literaria, senón o compromiso ético coa literatura galega; os *Premios AELG* ás mellores obras literarias do ano.

6.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritores en Lingua Galega coinciden no seu común interese de realizar proxectos culturais orientados aos fins arriba sinalados e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritores en Lingua Galega (NIF: G15039936) para financiar o ***Programa de actividades culturais no ano 2014.***

Nestas actividades inclúense as seguintes actuacións:

- Homenaxe a Luísa Villalta
- Polafía
- Gravacións de vídeo dos socios-as para o "Centro de documentación" da web da AELG
- Elaboración por parte de socios-as da AELG e xeorreferenciación de itinerarios literarios pola provincia para a sección "Territorio Escritor/a"
- Asesoría laboral e fiscal

- Mantemento de infraestruturas tecnolóxicas e mantemento correctivo e evolutivo de software da web da AELG e da aplicación de socios-as
- Servizo de información (Axenda Cultural)

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Homenaxe a Luisa Villalta	1.680,00
Polafía	5.178,00
Gravacións de vídeo dos socios-as para o "Centro de documentación" da web da AELG	4.576,00
Elaboración por parte de socios-as da AELG e xeorreferenciación de itinerarios literarios pola provincia para a sección "Territorio Escritor/a"	3.010,00
Asesoría laboral e fiscal	3.650,00
Mantemento de infraestruturas tecnolóxicas e mantemento correctivo e evolutivo de software da web da AELG e da aplicación de socios-as	6.000,00
Servizo de información (Axenda Cultural)	6.000,00
TOTAL	**30.094,00**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **24.000,00 €,** o que representa unha porcentaxe do **79,75 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,75 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Escritores en Lingua Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación de Escritores en Lingua Galega, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00€, con carácter previo á contratación, a Asociación de Escritores en Lingua Galega deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación de Escritores en Lingua Galega unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación de Escritores en Lingua Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de Escritores en Lingua Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Escritores en Lingua Galega para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación de Escritores en Lingua Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación de Escritores en Lingua Galega terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación de Escritores en Lingua Galega deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa este de oficio .

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación de Escritores en Lingua Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Escritores en Lingua Galega deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Escritores en Lingua Galega poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Escritores en Lingua Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos

procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00€, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Escritores en Lingua Galega serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Escritores en Lingua Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.
Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

2.- Despois da solicitude da Asociación de Escritores en Lingua Galega, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento".

25.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE INTERNACIONAL MENÉNDEZ PELAYO PARA FINANCIAR OS CURSOS DE VERÁN NA SEDE DA CORUÑA, ANO 2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Aprobar o convenio coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo (NIF: Q2818022B) correspondente á subvención nominativa, por importe de 100.000 €, concedida para financiar os *Cursos de Verán na sede da Coruña, ano 2014, c*un orzamento subvencionado de 152.493 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.
“ **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo para financiar os *Cursos de Verán na sede da Coruña, ano 2014.***

Na Coruña, o

REUNIDOS

Don Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude da facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
Don César Nombela Cano, Reitor Magnífico da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, no seu nome e representación

EXPOÑEN

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación subscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña ven económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Pleno da Deputación, aprobou incluír no orzamento do ano 2014 unha subvención nominativa para o financiamento dos cursos na sede da Coruña.

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as dúas partes, a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo (NIF:

Q2818022B) para financiar os ***Cursos de Verán na sede da Coruña, ano 2014*** de acordo co seguinte programa:

Encontro: **Picasso na Coruña. 1891-1895.**
Antón Castro
A Coruña. 8 – 10 xullo

Encontro: **Marco socioeconómico e ambiental de referencia na xestión xerarquizada dos residuos.**
Luis Lamas Novo
Santiago de Compostela. 8 - 10 xullo

Encontro: **Moda e medios. Os soportes comunicativos da moda.**
José María Paz Gago
A Coruña. 21 – 23 xullo

Obradoiro: **Fotografía dixital de nivel intermedio.**
Fuco Reyes
Ortigueira. 22 – 24 xullo
Encontro: **Criminoloxía e psicoloxía forense.**
Gualberto Buela-Casal
Ribeira. 28 – 30 xullo

Encontro: **Os retos da muller traballadora no século XXI.**
Jesús Martínez Girón
A Coruña. 10 – 12 setembro

Encontro: **Protección de menores.**
Ángel Sánchez Hernández
A Coruña. 22 – 24 setembro

Encontro: **Comunicación integral en oncoloxía.**
Rafael López López
A Coruña. Data por determinar

Obradoiro: **Creación literaria inicial.**
Espido Freire
A Coruña. 23 - 25 setembro

Encontro: **Intervencións paradigmáticas no patrimonio.**
Arturo Franco Taboada e Arturo Franco Díaz
A Coruña. 1 – 3 outubro

Encontro: **Arte e emocións.**
Ángeles Penas Trueque
A Coruña. Data por determinar

Encontro: **Obxectivo común: a reforma do réxime xurídico universitario.**
Carlos Gómez-Otero
Santiago de Compostela. 20 – 22 novembro

Encontro: **A reforma da Lei de propiedade intelectual.**
Fernando Bondía Román
A Coruña. 26 – 28 novembro

Encontro: **A comunicación política hoxe.**
Juan Luis Galiacho Perona
A Coruña. Data por determinar

Encontro: **Crise económica e Dereito.**
Carlos Rogel Vide
A Coruña. Data por determinar

Encontro: **A reforma fiscal que vén.**
César García Novoa
A Coruña. Data por determinar

Este programa poderá ter variacións que deberán ser comunicadas previamente á Deputación Provincial da Coruña.

II.- Orzamento da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

As actividades realizáronse de acordo co seguinte orzamento:

Gastos:		
Honorarios de profesores		65.000.-
Aloxamento e manutención		22.000.-
Viaxes de profesores		35.000.-
Tradución simultánea, autobuses		1.925.-
Gabinete de prensa		10.183.-
Gastos xerais		18.385.-
Publicidade, difusión:	7.567	
Reprografía, materiais:	2.618	
Comunicacións:	1.700	
Outros gastos:	3.000	
Limpeza:	3.500	
Persoal actividades:	0	
Total gastos		***152.493.-***
Ingresos:		
Concello da Coruña		9.600.-
EMALCSA		3.000.-
Concello de Ortigueira		2.500.-
Sogama		6.500.-
Ingresos previstos por matrículas		15.000.-
Total ingresos		***36.600.-***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **65,576 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 65,576 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/323A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidade Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo

xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Universidade Internacional Menéndez Pelayo unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita pola persoa responsable da sede da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.
1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2014.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade Internacional Menéndez Pelayo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade Internacional Menéndez Pelayo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª6º das de execución do orzamento da deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo na documentación achegada; e se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
1.- A Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa este de oficio .

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Universidade Internacional Menéndez Pelayo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio

que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co

límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade Internacional Menéndez Pelayo serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade Internacional Menéndez Pelayo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2015 autorice o correspondente orzamento.

2.- Despois da solicitude da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento".

26.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN LUÍS TILVE PARA FINANCIAR A "X FASE DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN, RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DO ARQUIVO HISTÓRICO DA UXT E DOS MOVEMENTOS SOCIAIS DE GALICIA 2014".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Aprobar o convenio coa Fundación Luís Tilve, correspondente á subvención nominativa, por importe de 10.000 €, concedida para financiar a *"X Fase do proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da UXT e dos movementos sociais de Galicia 2014"*, cun orzamento subvencionado de 12.500,54 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Luís Tilve para financiar a *"X Fase do proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da UXT e dos movementos sociais de Galicia 2014".***

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de réxime local.

D. Jesús Mosquera Sueiro, Presidente da Fundación Luís Tilve.

Ambas as partes, no nome e na representación que desempeñan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

1.- A Fundación Luís Tilve é unha institución co carácter de fundación cultural privada, constituída en Santiago de Compostela o día 9 de outubro de 1989, que foi declarada de interese galego por Orde do 1 de abril de 1991, da Xunta de Galicia.

2.- A Fundación Luís Tilve é a depositaria do arquivo histórico e documental da UXT Galicia, que lle cedeu a xestión do arquivo, así como a custodia, ordenación e mantemento dos seus fondos.

A Fundación creou o *Arquivo Histórico do Movemento Obreiro*, que forma parte da rede de Arquivos de Galicia e da Rede de Arquivos da UXT e a *Biblioteca Especializada no Mundo do Traballo*, integrada na rede de Bibliotecas de Galicia.

3.- Ambas as partes recoñecen o interese e valor histórico dos fondos documentais referentes aos movementos sociais en Galicia depositados nos arquivos de sindicatos e outros organismos públicos ou privados.

4.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia atribúelle ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

5.- En base ás razóns sinaladas, a Deputación da Coruña ven de financiar o proxecto, mediante os correspondentes convenios de colaboración asinados a partir do ano 2004.

Nestes anos, a Fundación organizou un arquivo que cumpre coas mellores condicións marcadas pola arquivística, organizou unha biblioteca especializada no mundo obreiro e laboral de gran calidade, recompilou material documental en risco de desaparecer e unha gran cantidade de actividades de investigación que axudan a coñecer e comprender o noso pasado.

6.- Nesta décima fase continuarase co labor de clasificación e catalogación; ademais, os traballos tecnolóxicos iniciados ten que mellorarse e actualizarse, o que obriga a

un labor de transformación de formatos materiais a dixitais, de descrición en novas bases de datos, etc.

7.- En relación as bases indicadas subscríbese o presente convenio de colaboración, no que se determinan as actuacións que se levarán a cabo para recuperar e conservar o patrimonio documental referente aos movementos sociais en Galicia, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Luís Tilve (NIF: G15169949) para financiar a ***"X Fase do proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da UXT e dos movementos sociais de Galicia 2014"***, na que se desenvolverán os seguintes traballos:

Traballos na Biblioteca Especializada:

* Catalogación de obras ingresadas durante o ano ou pendentes, introducindo a dita catalogación na base de datos de xestión de bibliotecas (Meiga), da Rede de Bibliotecas da Xunta de Galicia.

* Catalogación e descrición de audiovisuais.

* Integración dos descritores nas TIC, coa fin de facilitar o acceso dos investigadores, estudantes e cidadáns en xeral, aos fondos e servizos da Biblioteca.

* Formación de alumnos universitarios coa finalidade de que teñan experiencia para ser futuros bibliotecarios.

Traballos no Arquivo Histórico:

* Recuperación de nova documentación ou material documental en calquera formato, que poida estar en mans particulares.

* Realización de copia da documentación que non queira ser doada ou cedida, e que teña valor para o Arquivo.

* Dixitalización das novas fotografías, para a súa mellor difusión, conservación e uso, a través de programa informático que permita a consulta, especialmente aos medios de comunicación.

* Traballos administrativos diarios no arquivo, actualizar os seus servizos e integración da nova documentación dixital no SGDI.

* Formación de alumnos universitarios coa finalidade de que teñan experiencia para desenvolver futuras tarefas como arquiveiros e coñecementos técnicos adaptados aos sistemas utilizados polas administracións galegas.

Atención de usuarios:

* Atención e servizo a investigadores, historiadores, estudantes e público en xeral que precisen de información, consulta ou copia dos materiais postos á súa disposición.

* Revisión diaria da páxina web.

* Colaboración con outras entidades (asociacións, universidades, fundacións, administración, etc.) para unha mellor consecución dos obxectivos.

* Realización de melloras técnicas e mecánicas para mellorar o servizo.

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Luís Tilve desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Persoal técnico e administrativo	11.355,54.-
Materiais funxibles e específicos	545,00.-
Gastos de desprazamento	600,00.-
Total	***12.500,54 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **10.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **79,997 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,997 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Luís Tilve obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Luís Tilve.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Luís Tilve, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Luís Tilve deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Luís Tilve.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Luís Tilve unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Luís Tilve, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia

sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.
1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Luís Tilve deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Luís Tilve para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Luís Tilve da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª 6º das de execución do orzamento da deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Luís Tilve na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Luís Tilve terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación Luís Tilve deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa este de oficio .

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación Luís Tilve destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Luís Tilve deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Luís Tilve poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Luís Tilve queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª 6º das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Luís Tilve serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Luís Tilve será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

2.- Despois da solicitude da Fundación Luís Tilve, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por --------

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento".

27.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN MARINEDA DE JÓVENES EMPRESARIOS PARA FINANCIAR O PROXECTO "PROPULSA A TÚA PEME".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no

presente parágrafo queda corrixida nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 09 de xullo de 2014.

2º.- Acredítanse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posteriormente ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS con CIF G15581259 para financiar o proxecto "*Propulsa tu Pyme*".

5º A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 30.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/433A/481.

7º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Óscar Valcuende Rodríguez, con DNI núm. 34895296H, en representación da ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS consideran de grande interese para a provincia este proxecto, xa que potencia o desenvolvemento de empresas sostibles, o que xera valor aos destinatarios directos, empresas e autónomos e achega valor á sociedade a través da xeración de emprego, contribuíndo á creación dunha sociedade de benestar.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS**, **CIF G15581259**, para o financiamento do proxecto "Propulsa tu Pyme".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL		**4.875,00 €**
Persoal da propia entidade dedicado ao proxecto		
GASTOS EN SERVIZOS		**31.925,00 €**
Consultores/profesionais externos que prestarán o servizo especializado por área en Propulsa Tu Pyme	29.825,00 €	
Deseño da imaxe corporativa e difusión do proxecto á comunidade empresarial	2.100,00 €	
OUTROS GASTOS		**700,00 €**
Material non inventariable: papelería, dípticos, etc. necesarios para o bo fin do proxecto		
TOTAL		**37.500,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES

EMPRESARIOS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento

detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES

EMPRESARIOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva

aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 30 de setembro do ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2014**.
2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de novembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN	O representante da ASOCIACIÓN MARINEDA DE XÓVENES EMPRESARIOS
DON DIEGO CALVO POUSO	OSCAR VALCUENCE RODRÍGUEZ”

28.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA PARA FINANCIAR O PROXECTO “PROGRAMA AGRARIO DE ASESORAMENTO VITIVINÍCOLA”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 16 de xullo de 2014.

2º.- Acredítanse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posteriormente ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA con CIF G36388171 para financiar o proxecto “Programa agrario de asesoramento vitivinícola”.

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 10.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 67,001 %.

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/414A/481.

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. José Alvela Edreira, con DNI núm. 33229368A, en representación da ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA

1. Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA consideran de grande interese para a provincia acometer un programa agrario de formación e asesoramento de viticultura sustentable, debido ao ritmo vertixinoso na reestruturación, pasando de arrincar as cepas existentes como híbridos de produción directa a plantar cepas amparadas pola denominación de Orixe Rías Baixas, principalmente da variedade Alvariño.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA**, **CIF G36388171**, para o financiamento do proxecto "Programa agrario de asesoramento vitivinícola".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
ASESORAMENTO AGRARIO		**3.259,00 €**
Asesoramento técnico vitivinícola sobre pragas e enfermidades da vide con visitas semanais ao campo de 165 horas		
ACTIVIDADES FORMATIVAS		**10.800,00 €**
Curso de viticultura de calidade (60 horas)	2.700,00 €	
Curso de poda (60 horas)	2.700,00 €	
Curso de aplicación fitosanitaria sustentable (120 horas)	5.400,00 €	
OUTROS GASTOS		**866,00 €**
Material didáctico e outros gastos		
TOTAL		**14.925,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 10.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 67,001%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 67,001% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/414A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10

por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de decembro de 2013 ata o 31 de agosto do ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de novembro do ano 2014**.
2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

DON DIEGO CALVO POUSO”

O representante da ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES DO ULLA-UMIA

29.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ONG “SOLIDARIEDADE GALEGA” PARA COFINANCIAR O PROXECTO “CONSTRUCIÓN DA 4ª FASE DO INSTITUTO DE LIDERAZGO DE LAS SEGOVIAS: COCIÑA E COMEDOR” NO MUNICIPIO DE MOZONTE, NUEVA SEGOVIA (NICARAGUA).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 09 de abril de 2014.

2.-Acredítanse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.-Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posteriormente ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio presupostario

4.-Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña ASOCIACIÓN SOLIDARIDADE GALEGA para financiar o cofinanciar a 4ª fase do Instituto de Liderazgo de las Segovias (Nicaragua)

5.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 35.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento de 79,55 %.

A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0520/232B/781.

6.- Facultar o sr. Presidente para a sinatura do presente convenio.

7.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONG "SOLIDARIEDADE GALEGA", PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO "CONSTRUCIÓN DA 4ª FASE DO INSTITUTO DE LIDERAZGO DE LAS SEGOVIAS: COCIÑA E COMEDOR", NO MUNICIPIO DE MOZONTE, NUEVA SEGOVIA (NICARAGUA)

A Coruña, ... de ..... de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de residente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. ……, DNI núm. ……, que intervén neste acto en nome e representación da Ong Solidariedade Galega, CIF G15589500, con domicilio social na Praza de San Roque, 1 - CP 15003 - A Coruña.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A Ong Solidariedade Galega, CIF G15589500, é unha organización non gobernamental de desenvolvemento, con personalidade xurídica propia e independente e plena capacidade xurídica e de obrar, constituída ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, que ten entre os seus fins a prestación de asistencia sanitaria e social, especialmente nos países latinoamericanos, e está inscrita no Rexistro Galego de Ongd con número SGPA 97/11-ONGD-55.

A Deputación da Coruña vén colaborando dende o 2010 no cofinanciamento das fases 1ª a 3ª da construción Instituto de Liderazgo de Las Segovias, no municipio de Mozonte-Nueva Segovia-Nicaragua (convenios 75/2010, 143/2011 e 248/2012).

A execución do proxecto “Construción da 4ª fase do Instituto de Liderazgo de Las Segovias: cociña e comedor”, no Concello de Mozonte, Nueva Segovia-Nicaragua, que promove a Ong Solidariedade Galega, afecta a un dos países cun nivel de desenvolvemento humano máis baixo do planeta (IDH/2012: 129, sobre 187), cuxo ámbito xeográfico se atopa entre os que o “Plan Director da Cooperación Española 2013 - 2016” e o “Plan Director da Cooperación Galega 2014 – 2017” cualifican como prioritarios. Por outra banda, ambos os dous documentos de planificación consideran o empoderamento das mulleres como unha prioridade sectorial, e a educación e o apoio á formación en xénero e saúde como prioridades horizontais estratéxicas.

Polo que respecta á competencia da Deputación da Coruña, de acordo co art. 36.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, son competencias das Deputacións as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública. Nos mesmos termos se expresa o art. 109.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Neste sentido, o art. 20 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional ao desenvolvemento, establece que a cooperación para o desenvolvemento que se realice desde as entidades locais, expresión solidaria das súas respectivas sociedades, se inspira nos principios, obxectivos e prioridades establecidas na presente lei, debendo respectar, en todo caso, as liñas xerais e directrices básicas establecidas polo Congreso dos Deputados, a través, neste caso, do Plan anual da cooperación 2013-2016. O art. 23.1.a) da Lei galega 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación ao desenvolvemento, cita ás entidades locais entre os axentes da cooperación galega.

Pola citada razón, na sesión ordinaria do Pleno Corporativo de ....., a Deputación aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da Ong “Solidariedade Galega”, por importe de 35.000,00 euros, para o financiamento do proxecto “‟Construción da 4ª fase do Instituto de Liderazgo de Las Segovias: cociña e comedor”, no Concello de Mozonte, Nueva Segovia-Nicaragua.

Dado o interese coincidente da Deputación e a Ong “Solidariedade Galega”, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Ong “Solidariedade Galega”, para o cofinanciamento da execución do proxecto “Construción da 4ª fase do Instituto de Liderazgo de Las Segovias: cociña e comedor”, no concello de Mozonte, Nueva Segovia-Nicaragua.

O proxecto ten como obxectivo xeral a construción e dotación dun local idóneo que reúna as condicións pedagóxicas precisas para o desenvolvemento de programas e actividades de formación comunitaria, e como obxectivo específico satisfacer a demanda e necesidade de capacitación dos habitantes máis novos, especialmente das mulleres, e favorecer as súas capacidades individuais e colectivas e a súa calidade de vida.

Dentro das distintas construcións que integran o proxecto de Instituto de Liderazgo de Las Segovias (ILLS, en adiante), a petición de colaboración que formula a beneficiaria se concreta na construción dun **bloque destinado á cociña e comedor**, 4ª fase do proxecto, que, igual que as realizadas anteriormente, estarán adscritas ao ILLS, centro de formación inicialmente adscrito á “*Fundación para la promoción y desarrollo de las*

mujeres y la niñez: Blanca Arauz" (FUNDEMUNI), contraparte coa que a beneficiaria traballou na execución das fases anteriores, pero que actualmente está constituída como entidade independente, sen ánimo de lucro, que substitúe a Fundemuni como contraparte ou socio local, a través da cal a beneficiaria executará esta 4ª fase do proxecto, sen prexuízo da colaboración doutras entidades nicaragüenses e españolas.
En virtude do convenio que se propón, correspóndelle á Ong Solidariedade Galega a realización das actuacións necesarias para asegurar o control, seguimento e verificación da execución do proxecto, a supervisión das avaliacións nel dispostas, a acreditación documental perante a Deputación da Coruña da súa execución, así como a transferencia ao ILLS das achegas económicas correspondentes.

II. ORZAMENTO

O orzamento de execución ascende a un importe equivalente a **44.000,00 €**, que se resume nas seguintes partidas:

TIPO DE CAMBIO 1 € = 0,028381C$)		
PARTIDA	**IMPORTE**	**CONTRAVALOR**
Preliminares (limpeza e nivelación)	C$ 17.070,00	484,46 €
Movemento de terras	C$ 26.752,68	759,26 €
Fundacións	C$ 247.962,90	7.037,40 €
Estruturas	C$ 317.324,25	9.005,94 €
Mamostería	C$ 89.600,00	2.542,93 €
Teitos e fascias	C$ 270.565,00	7.678,87 €
Acabados	C$ 45.633,60	1.295,12 €
Pisos	C$ 220.077,50	6.245,99 €
Portas e ventás	C$ 60.244,00	1.709,78 €
Obras eléctricas	C$ 89.600,00	2.542,93 €
Obras exteriores	C$ 56.910,00	1.615,16 €
Sistema sanitario	C$ 104.600,00	2.968,64 €
Limpeza final	C$ 4.000,00	113,52 €
TOTAL	**C$ 1.550.339,93**	**44.000,00 €**

No documento de formulación do proxecto detállase polo miúdo o contido dos distintos conceptos de gasto.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 35.000,00 euros, o que equivale a un 79,55 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,55 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.
3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/232B/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. Con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria nos termos que se indican a continuación:

1.1. **Primeiro prazo**.- A entidade beneficiaria poderá solicitar o aboamento dun primeiro prazo, co carácter de anticipo prepagable, por importe equivalente ao 40 % da achega concedida (14.000,00 €), unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación de fianza ou garantía (Bases 49ª e 57ª das de execución do presuposto provincial para 2014, en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

1.1.1. Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo disposto, non se teña presentada a xustificación correspondente.

1.1.2. Xunto coa solicitude do pagamento anticipado, a entidade beneficiaria deberá acreditar o seguinte:

1.1.2.1. A apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para a construción do Instituto de Liderazgo de Las Segovias-Nicaragua”, con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade disposta.

1.1.2.2. O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

1.1.2.3. Compromiso de colaboración da contraparte local, en virtude do cal esta se compromete coa beneficiaria a colaborar na execución do proxecto, nos termos do presente convenio.

1.2. **Segundo prazo**.- Polo importe restante da achega provincial, unha vez que a beneficiaria xustifique a execución do proxecto mediante a presentación da seguinte documentación:

1.2.1. Informe de execución final, subscrito polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativo do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A este informe se acompañará unha reportaxe fotográfica das actividades e obras realizadas.

1.2.2. Acta de recepción da obra obxecto do convenio, asinada pola beneficiaria e a súa contraparte ou socio local, así como compromiso de dedicar as infraestruturas recibidas á finalidade para a que foron realizadas durante dez anos máis, polo menos.

1.2.3. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.

1.2.4. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.2.5. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

1.2.6. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

1.2.7. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.2.8. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

1.2.9. Acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, a Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente, determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial desenvolveranse durante o período 1.06.2014 e o 30.06.2015, tal e como se recolle na cláusula I.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES, contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da

subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso,

segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións dispostas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; si o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei se imporá no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvenciones de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.06.2014, sen que en ningún caso

sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 31.10.2015.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 31.08.2015, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2015. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando sustancialmente el obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data.....
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente da Deputación de A Coruña	En representación da Ong Solidariedade Galega
D. Diego Calvo Pouso	D. ……..”

30.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A FUNDACIÓN AYUDA EN ACCIÓN PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “FORTALECEMENTO DE CAPACIDADES LOCAIS PARA A PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE DAS CHAGAS, NA ZONA VULNERABLE DE HUACAYA DO CHACO BOLIVIANO”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 18 de xullo de 2014.

2.- Acredítanse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.-Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posteriormente ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio presupostario

4.-Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña a FUNDACIÓN AYUDA EN ACCIÓN, para o cofinanciamento da construción de 12 vivendas na zona vulnerable de Huacaya no Chaco Boliviano dentro do proxecto "Fortalecemento de Capacidades Locais para a prevención da enfermidade de chagas.

5.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 15.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento de 40,32 %.

A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0520/232B/781.

6.- Facultar o sr. presidente para a sinatura do presente convenio.

7.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN AYUDA EN ACCIÓN, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO "FORTALECEMENTO DE CAPACIDADES LOCAIS PARA A PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE DE CHAGAS, NA ZONA VULNERABLE DE HUACAYA DEL CHACO BOLIVIANO"

A Coruña, ... de ..... de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, Dna. María José Tejera Pereiras, DNI núm. 32.432.723-D, que intervén neste acto en nome e representación da "Fundación Ayuda en Acción", CIF G-82257064, con domicilio social na Rúa Santa Catalina, 16-18-20, 1º D, CP 15003 – A Coruña.
Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A "*Fundación Ayuda en Acción"*, CIF G-82257064, é unha entidade sen ánimo de lucro, clasificada como Fundación Benéfico-Asistencial por Orde Ministerial do 22.11.1999, inscrita no Archivo-Rexistro de Protectorado do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, co número 28/1109 (hoxe Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade), e e*stá inscrita* dende 1996 no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento co núm. 114.
O proxecto para o que a *Fundación Ayuda en Acción* solicita a colaboración da Deputación provincial se denomina "Fortalecemento das capacidades locais para a prevención da enfermidade do chagas, na zona vulnerable de Huacaya, no Chaco Boliviano (Bolivia)" e ten por obxecto a mellora da saúde básica, mediante o control de enfermidades infecciosas, así como a educación sanitaria, nun país cun índice de desenvolvemento humano medio, que ocupa o posto 108 no IDH/2013, razón pola que estas actuacións son contempladas como sectorialmente prioritarias tanto polo "Plan Director da Cooperación Galega 2014 – 2020" como polo "Plan Director da Cooperación Española 2013 – 2016".
Polo que respecta á competencia da Deputación da Coruña, o art. 20 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional ao desenvolvemento, establece que a cooperación para o desenvolvemento que se realice desde as entidades locais, expresión solidaria das súas respectivas sociedades, inspírase nos principios, obxectivos e prioridades establecidas na presente lei, debendo respectar, en todo caso, as liñas xerais e directrices básicas establecidas polo Congreso dos Deputados, a través, neste caso, do Plan Anual da Cooperación 2013-2016. O art. 23.1.a) da Lei galega 3/2003, do 19 de xuño, de Cooperación ao desenvolvemento, cita ás entidades locais entre os axentes da cooperación galega.
Pola citada razón, na sesión ordinaria do Pleno Corporativo de ……., a Deputación aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da entidade "*Fundación Ayuda en Acción*", por importe de 15.000,00 euros, para o financiamento do proxecto *"*Fortalecemento das capacidades locais para a prevención da enfermidade do chagas, na zona vulnerable de Huacaya, no Chaco Boliviano (Bolivia)*"*.
Dado o interese coincidente da Deputación e "*Fundación Ayuda en Acción*", ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O proxecto de "Fortalecemento das capacidades locais para a prevención da enfermidade do chagas, na zona vulnerable de Huayaca, no Chaco Boliviano (Bolivia)" ten como obxectivo xeral contribuír a diminuír a vulnerabilidade de familias indíxenas e guaraníes do Chaco Boliviano, propiciando mecanismos de exercicio do dereito humano á saúde, e como obxectivo específico o fortalecemento do sistema local de saúde e das capacidades comunitarias para a prevención da enfermidade do

chagas no Distrito 1 do municipio de Huacaya, beneficiando directa e indirectamente a 189 familias de sete comunidades guaraníes e campesiñas (unhas 746 persoas).
Os resultados esperados consisten na mellora das condicións de habitabilitade da poboación beneficiaria, para a prevención da enfermidade de Chagas, mediante a construción de 12 vivendas, capacitando a promotores locais en labores construtivas e de mantemento das vivendas, así como no fortalecemento da rede comunitaria para a vixilancia entomolóxica do vector da enfermidade do chagas, mediante obradoiros de capacitación dos axentes locais de saúde, de acordo co sistema local de saúde e no marco do Programa Chagas do Servizo Departamental de Saúde.
A execución do proxecto levarase a cabo en colaboración coa contraparte local "Fundación Intercultural NOR SUD", entidade privada sen ánimo de lucro, con implantación en Bolivia dende o 1992, e con experiencia demostrada no eido da defensa dos dereitos indíxenas, a interculturalidade, desenvolvemento económico, medio ambiente, educación e saúde, nos que levou a cabo diferentes proxectos financiados con fondos públicos españois, entre outros.

II. ORZAMENTO

O orzamento de execución ascende a un importe equivalente a **37.199,88 €**, que se resume nas seguintes partidas:

CONCEPTO		**CUSTO UNITARIO**	**UNID**	**TOTAL**
Infraestrutura, construción ou reforma de inmóbeis (construción de 12 vivendas)	Material non local	2.098,67	12	25.184,04
	Material local	304,57	12	3.654,84
	Man de obra cualificada	383,27	12	4.599,24
	Man de obra non cualificada	100,63	12	1.207,56
	Transporte material	212,85	12	2.554,20
TOTAIS				**37.199,88**

No documento de formulación do proxecto detállase polo miúdo o contido dos distintos conceptos de gasto.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 15.000,00 euros, o que equivale a un 40,32 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 40,32 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.
3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/232B/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade,

sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

1.1.Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A esta memoria se acompañará unha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.

1.2. Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición dos bens ou equipamento, expedida polo órgano competente do socio local, Fundación Intercultural NOR SUD.

1.3. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

1.4. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas dos contratos formalizados, albarás de entrega, facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa, e ao respecto dos gastos imputados a achega da Deputación, deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.5. Certificación da aprobación das facturas e demais documentación xustificativa polo órgano competente da entidade beneficiaria.

1.6. Actas de entrega e recepción de conformidade das vivendas e dos equipos adquiridos, asinadas polo representante do socio local (Fundación Intercultural NOR SUD), polos representantes das respectivas familias beneficiarias e pola Fundación Ayuda en Acción. En cada acta conterase o compromiso dos asinantes da afectación das instalacións e equipamentos á finalidade para a que foi concedida a achega provincial por un prazo de dez anos máis, polo menos.

1.7. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

1.8. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.9. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Porén, poderá realizarse un primeiro pagamento, por importe equivalente ao 40 % da achega concedida, co carácter de anticipo prepagable, unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación de fianza ou garantía (Base 49ª das de execución do presuposto provincial para 2014, en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

2.1. No será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo disposto, non se teña presentada a xustificación correspondente.

2.2. A entidade beneficiaria deberá solicitar o pagamento anticipado, acompañando a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII, e a apertura dunha conta bancaria co título "Fondos para atender ao proxecto de Fortalecemento das capacidades locais para a prevención da enfermidade do chagas, na zona vulnerable de Huayaca, no Chaco Boliviano (Bolivia)", con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade disposta.

3. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII.

4. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de, Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta a xustificación presentada pola beneficiaria e os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial se desenvolverán durante o período 1.06.2014 e o 31.08.2015, tal e como se recolle na cláusula primeira.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES,

contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola

Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos intereses de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións dispostas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei se imporá no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 de la Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.06.2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 30.11.2015.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 30.09.2015, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2015. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data .....

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente da Deputación de A Coruña	En representación da Fundación Ayuda en Acción
D. Diego Calvo Pouso	Dna. María José Tejera Pereiras”

31.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN TESOUROS DE GALICIA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO "POSTA EN VALOR E COMERCIALIZACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL E INDUSTRIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA".

INTERVENCIÓNS

Sra. Seixas Naia

Grazas, bo día a todos e a todas, primeiro desculpar a ausencia do portavoz do Grupo provincial do BNG, que está de viaxe e tomamos a palabra para anunciar que imos votar en contra do convenio por varios motivos. O primeiro deles é que a verdade é que é bastante rechamante que unha entidade sen ánimo de lucro, que ten entre os seus obxectivos promover e fomentar iniciativas relacionadas coa recuperación do patrimonio de Galicia, tanto na súa vertente inmaterial e material, a verdade é que nos chama bastante a atención que o noso patrimonio, eu creo que é o máis importante, que é o noso idioma, nin sequera o respecten na súa memoria e a presenten nun perfecto castelán. Pero máis alá diso, que o considero moi importante, estamos totalmente de acordo en ter en conta o informe de fiscalización que se fixo respecto de que eu creo que non está xustificado que poidan recibir dúas subvencións nominativas nun prazo de catro meses, eu creo que en absoluto son diferentes, senón que basicamente van na mesma liña de promoción do patrimonio, polo tanto creo que incumprirían a base clarisimamente, creo que ademais hai outras entidades que tamén traballan pola promoción do patrimonio deste país, que non están en igualdade de condicións, eu creo que se está acurtando moitísimo as subvencións na concorrencia ordinaria para cultura e que este sistema de dar subvencións a quen aspira, dependendo de quen sexa, alegremente, tampouco o compartimos, e a maiores, a verdade é que a memoria que presentan considerámola bastante vaga, inconcreta, errática, indefinida, elitista, fálase dun turismo de alto nivel, de alto poder adquisitivo, co que tampouco estamos en absoluto de acordo.

A maiores, tal e como se di no informe de Fiscalización, houbo unha serie de contratos que se fixeron con empresas, a través de contratos menores, que van na mesma liña do que eles presentan aquí dun xeito bastante desdebuxado, polo tanto, eu creo que é un traballo que xa avanzou a propia Deputación e que xa debería de estar feito e perfectamente posto en marcha pola propia entidade provincial, co cal tampouco entendemos esta duplicidade, e a maiores, francamente, eu creo que o patrimonio da provincia da Coruña, non sei se todo, pero unha parte moi importante está perfectamente catalogado, identificado, entre outras cousas porque temos unha Consellería de Cultura, unha Dirección Xeral de Patrimonio, á que se lle pediría moitísimo máis do que fai, evidentemente, pero hai traballos da propia Deputación provincial de posta en valor do patrimonio da provincia, acaban vostedes de organizar e financiar un Congreso de Turismo Industrial que creo que tirarían algunhas conclusións respecto de todo isto, e despois estamos financiando durante todos os anos, nos exercicios orzamentarios, uns plans de competitividade turística nas tres grandes cidades, que eu creo que, evidentemente, algunha conclusión tiraríamos, e algún beneficio teremos de todo iso, a maiores dos plans de dinamización turística que eu creo que xa tivemos.

Polo tanto, consideramos innecesario este investimento a unha institución sen ánimo de lucro para este fin, porque creo que está amplamente financiado e eu creo que non ten ningún sentido seguir dándolle cartos públicos a este tipo de iniciativas. Grazas.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, primeiro solicitar que se corrixa un erro na acta da Comisión, cando di que este punto foi aprobado por unanimidade, porque polo menos o Grupo Socialista abstívose, creo que é un erro material que non ten máis importancia, e quería tamén anunciar o voto de abstención do Grupo Socialista por varios motivos.

Primeiro gustaríanos saber se este convenio, este Plan de posta en valor e comercialización do patrimonio cultural e industrial da provincia da Coruña responde a unha iniciativa da Deputación dentro dos seus traballos de difusión e promoción do turismo na provincia, ou responde a unha petición desta entidade.

Imos votar abstención porque entendemos que a Deputación está facendo xa varios estudos sobre o tema do turismo na provincia, un, o Plan de actuación da Deputación en materia de xeodestinos turísticos, que foi adxudicado nun proceso de licitación á empresa Consultora de estudios económicos y sociales S.L., outro estudo de recursos susceptibles de turismo industrial na provincia, creación dunha ruta coa súa páxina web, que foi adxudicado a Occidente Diseño y Comunicación S.L., e outro estudo, un estudo xeral sobre turismo industrial na provincia que foi adxudicado á empresa Esposible Comunicación.

Entendemos que a materia obxecto deste estudo é unha materia que entra dentro do ámbito da licitación pública, non é razoable, non entendemos que sexa razoable que este estudo o faga unha asociación sen ánimo de lucro, creada a finais do ano 2012, e non o faga unha empresa que está para iso, que paga os seus impostos e ten os seus empregados. Non estamos en contra do estudo, estamos en contra de tramitalo a través dunha subvención e non dun proceso de licitación público.

Esas son as obxeccións que temos a este tema, independentemente tamén da que valorou a portavoz do grupo do BNG, de que as bases, aínda que si é certo que é para a convocatoria en concorrencia, as bases da convocatoria impiden que se dean dúas subvencións a unha entidade sen ánimo de lucro, e aquí estanse dando dúas porque no Pleno de abril deste ano aprobamos un convenio con esta mesma entidade para o camiño inglés por importe de 28.320 euros. Polo tanto, Sr. Presidente, solicito que se corrixa ese erro material na acta da Comisión e facer constar o noso voto de abstención aínda que me gustaría saber se isto responde a unha iniciativa da Deputación ou simplemente a Deputación acolle unha proposta desta entidade sen ánimo de lucro.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, presidente, bos días aos Sres. e Sras. deputadas. National Trust, como ben saben é unha asociación sen ánimo de lucro, unha asociación á que pertencen máis de catro millóns de socios, co cal a súa influencia chega a máis xente,

parécenos que é complementario a todas as accións que a Deputación está levando a cabo no eido turístico, e dicímolo porque a axuda que hoxe estamos dando nin máis nin menos vai a unha cuestión moi concreta, moi dirixida ademais á óptica patrimonial, pero en toda a súa totalidade, iso quere dicir que non só se identifica e se categoriza o que é o patrimonio, é dicir, todos os recursos, que eu coincido que iso pode estar moi avanzado no que é na óptica do que aquí está, pero non precisamente estudado dende tamén a definición do perfil do turista que interesa, é dicir, precisamente para ese recurso, e que, polo tanto, cando pensemos no turista, non só podemos pensar se ese turista pertence ou non a unha determinada clase social e económica, o contrario, o turismo un dos métodos que ten de ver a súa rendibilidade tamén é o gasto por persoa, polo tanto, o que nos interesa é xente non só que nos visite, senón que gaste moito, evidentemente o perfil do turista que neste caso pode visitar estes recursos é o turista que máis interesa a efectos económicos. Tamén a partir de aí facer unha estrutura desa oferta, é dicir, facer o paquete turístico, desenvolver o soporte tecnolóxico tamén que é dispoñer dunha web que o facilite, e por último que chegue ao cliente final, que é o verdadeiramente difícil, e iso faise a través de identificar eses axentes intermediarios do Reino Unido onde se agrupa a maioría deses socios e posibles turistas, e que ao final o que fagamos é que moita xente visite estes recursos patrimoniais unha vez que se pon en valor e sobre todo se lle dá contido á súa comercialización. Polo tanto, como dicía presidente, cremos que é unha acción complementaria do que vén facendo a Deputación e que grazas á axuda que prestamos pode ser moi rendible para os lugares onde se encontren todos e cada un deses recursos. Máis nada e moitas grazas.

Sr. Presidente

Pasamos á votación, simplemente comentar que o erro que hai na acta que hoxe traemos aquí na orde do día, debe ser corrixido na vindeira comisión correspondente, que é onde se aprobará ese acta, nós simplemente hoxe achegamos a última acta pendente dese cambio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: 4 deputados (BNG)
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, en contra do BNG e a abstención do PSOE, acorda:

"1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 17 de xullo de 2014.

2.- Acredítanse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.-Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posteriormente ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio presupostario

4.-Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da ASOCIACIÓN TESOUROS DE GALICIA" para o cofinanciamento do proxecto de "Valorización e Comercialización do Patrimonio Cultural e Industrial da Provincia da Coruña

5.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 58.950,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento de 80,00 %.

A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0520/432A/481.

6.- Facultar o sr. Presidente para a sinatura do presente convenio.

7.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN TESOUROS DE GALICIA, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO "POSTA EN VALOR E COMERCIALIZACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL E INDUSTRIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

A Coruña, ... de ..... de 2014

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, CIF P1500000C, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Javier Rodríguez-Losada Boedo, DNI 32.782.552-P, presidente da Asociación Tesouros de Galicia, con CIF G-94065000, domicilio en Praza de Fundadores s/n, en Mondariz Balneario, CP 36.890 Pontevedra.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A Asociación Tesouros de Galicia, membro da "Internacional Nacional Trusts Organization", é unha entidade de natureza asociativa sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Central de Asociacións correspondente á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Xunta de Galicia, co número 2012/016439, da sección 1, que ten por obxecto promover, fomentar e soster iniciativas relacionadas coa recuperación do Patrimonio de Galicia, na súa vertente material e inmaterial,

dirixidas á posta en valor do Patrimonio como elemento dinamizador do turismo e economía de Galicia.
Para o cumprimento dos seus fins, Tesouros de Galicia desenvolve calquera actividade que contribúa á consecución dos fins fundacionais, por si mesma ou coa axuda ou colaboración de entidades ou institucións públicas ou privadas.
A provincia da Coruña conta cun importante patrimonio, material e inmaterial. Con todo, o seu descoñecemento na propia provincia e fóra dela é bastante significativo, minguando o seu indubidable potencial turístico. Con tal motivo, Tesouros de Galicia está a desenvolver un proxecto de valorización do patrimonio galego e procura de novas rutas de comercialización, especialmente no mercado británico.
Tendo en conta que tanto a Deputación como a Asociación Tesouros de Galicia están de acordo no desenvolvemento deste proxecto de posta en valor do patrimonio cultural e industrial da provincia da Coruña, por afectar a intereses comúns, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Tesouros, para o financiamento do proxecto de POSTA EN VALOR E COMERCIALIZACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL E INDUSTRIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA.
No anexo deste convenio detállanse as fases nas que se estrutura o traballo que se ha realizar, indicando os obxectivos e actividades que comprende, así como o cronograma destas.
A Deputación terá o dereito de propiedade de todos os documentos, traballos e produtos realizados ou obtidos con motivo desta actividade, podendo dispor en consecuencia destes para calquera fin ou actividade de interese provincial que se estime oportuno

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

Tesouros levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior e se detallan no anexo a este convenio, cuxo custe por fases é o seguinte:

CONCEPTO	CUSTO	PORCENTAXE IMPUTACIÓN	IMPORTE ACHEGA
Identificación e categorización do patrimonio turístico	5.250,00 €	80,00%	4.200,00 €
Definición do perfil de turista obxectivo	2.875,00 €	80,00%	2.300,00 €
Estruturación da oferta turística	34.000,00 €	80,00%	27.200,00 €
Soporte tecnolóxico	12.625,00 €	80,00%	10.100,00 €
Exploración de canles turísticas	18.937,50 €	80,00%	15.150,00 €
TOTAL	**73.687,50 €**	**80,00%**	**58.950,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de **58.950,00 €**, o que equivale a un 80 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, será financiado con cargo a recursos propios ou

alleos da Asociación Tesouros de Galicia, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0520/432A/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00€, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización da actividade, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria en 3 prazos:

- **Primeiro pago**, do 30,00% (17.685,00€): unha vez xustificadas as tarefas referidas a “identificación e categorización do patrimonio”, e a “definición do perfil do turista”.
- **Segundo pago**, do 40,00% (23.580,00€): unha vez xustificadas as tarefas referidas á “estruturación da oferta turística”, “soporte tecnolóxico” e “exploración de canles turísticos”.
- **Terceiro pago**, do 30,00% (17.685,00€): unha vez presentado o informe final da actividade.

Con todas as solicitudes de pago, Tesouros deberá presentar a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Relación clasificada dos gastos realizados, detallando data, concepto e importe aboado. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das nóminas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación.

3. Certificación da aprobación dos documentos xustificativos polo órgano competente.

4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

6. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á TESOUROS para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á TESOUROS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola TESOUROS na documentación aportada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, TESOUROS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. TESOUROS deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, TESOUROS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, TESOUROS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación de TESOUROS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a TESOUROS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web da Deputación: www.dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31/07/2015.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poda presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 31.05.2015, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2015. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente el obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do …. de …… do 2014.
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente da Deputación de A Coruña	En representación da Asociación Tesouros de Galicia
D. Diego Calvo Pouso	D. Javier Rodríguez-Losada Boedo”

ANEXO
DESCRICIÓN DETALLADA DA ACTIVIDADE E CALENDARIO

A. FASES DA ACTIVIDADE

Fase 0: Preparación do traballo
Obxectivo
Elaboración do cadro técnico da actividade
Actividades
• Perfilar a execución de tarefas e determinar os recursos que se han mobilizar.
• Axuste do calendario

Fase 1: Identificación e categorización do patrimonio
Obxectivo
Identificar os recursos que constituirán a base da oferta turística, categorizalos nos distintos tipos de Patrimonio (industrial, cultural, relixioso, social, etc.)
Actividades
• Compilar a información facilitada pola Deputación canto a inventarios e información relativa ao patrimonio da provincia.
• Categorizar aqueles recursos en función dos distintos tipos de patrimonio (industrial, arqueolóxico, natural, histórico,…).
• Seleccionar aqueles recursos que polo seu valor, polo seu estado de conservación, pola súa singularidade, polo seu atractivo, polo interese que esperte, etc. son susceptibles de priorizar na nosa oferta turística.

Dada a cantidade de patrimonio, de distinta natureza, que hai na provincia, é preciso focalizarse no patrimonio industrial e no patrimonio cultural porque son probablemente os recursos máis singulares se os comparamos con outros destinos turísticos como o caso de Irlanda. Por exemplo, temos canto a Patrimonio industrial, a fábrica de Sargadelos- ou Castro, Armada de Ferrol, Inditex, Repsol, Estrella de Galicia, etc… e canto a patrimonio cultural, temos os distintos castros, dolmens, etc.

Fase 2: Definición do Perfil do Turista obxectivo

Obxectivo

Definir o perfil do turista que interesa dada a oferta turística que se pretende estruturar.

Actividades

Sendo como son algúns países europeos emisores de turistas que chegan a España e a Galicia, como os procedentes do Reino Unido, o turista que interesa captar é un perfil moi característico deste país onde xa existe un fluxo de turistas que funciona. O que se pretende é, dentro dese fluxo que termina en distintos puntos de España, captar a aqueles turistas que buscan e teñen un alto coñecemento sobre o que desexan ver, turistas de alto poder adquisitivo que buscan coñecer o seu "obxecto de viaxe", recibir a mellor información posible , a través dos mellores transmisores do devandito coñecemento posible (arqueólogo, historiador, arquitecto, etc…). Para iso, é necesario definir en detalle o perfil do turista buscado:

• Xénero, idade, procedencia concreta, …
• Medio de transporte que adoitan utilizar para viaxar,
• Viaxan sos ou non,
• Períodos que emprega para viaxar,
• Estadía media,
• Preferencias de consumo.

Fase 3: Estruturación da oferta. Paquetización.

Obxectivo

Articular a oferta turística do patrimonio industrial e cultural da provincia, incorporando á poboación local.

Sendo o obxectivo crear produto turístico na provincia da Coruña, debe terse en conta que é necesario contar cos recursos turísticos patrimoniais, coas empresas que ofrecen servizos turísticos (hoteis, restaurantes, guías, lecer,…) e servizos complementarios (tendas de souvenirs, transporte, etc.)

Se, ademais, se involucran aos axentes sociais relacionados coa temática, lograrase unha oferta turística enriquecida, que axudará, ademais de captar turistas de alto perfil, a dirixirse á poboación local cun carácter máis "educativo" e "sensibilizador".

Actividades

• Seleccionar axentes turísticos e complementarios, e, ademais, axentes sociais relacionados cos recursos turísticos patrimoniais arqueolóxicos.
• Seleccionar axentes turísticos e axentes sociais relacionados cos recursos turísticos patrimoniais industriais.
• Deseñar os contidos de pertenza a cada un dos produtos turísticos tanto para os axentes turísticos como para os servizos complementarios.

Patrimonio cultural	Patrimonio industrial
- Que conte cun valor patrimonial claro - Que o recurso sexa visitable - Que se dispoña de guía - Que sexa accesible - Que estea en boas condicións de conservación	- Que haxa dispoñibilidade por parte do empresario - Que o recurso sexa visitable - Que non haxa problemas de seguridade persoal - Que sexa accesible para grupos de visitantes
CREACIÓN DE MARCA CORUÑA E XERACIÓN DE RIQUEZA	

• Traballo de campo: realizar unha visita aos recursos e empresas turísticas e locais susceptibles de entrar no produto turístico e na futura experiencia, co obxecto de comprobar o seu estado de conservación, a súa dispoñibilidade, etc.
• Deseño de Experiencias e Paquetes turísticos. Para iso, en función do perfil do turista definido ao cal queremos dirixirnos, elaboraranse os paquetes turísticos cos que presentaremos o produto no destino obxectivo.
• A oferta turística verase fortalecida coa implicación de distintos axente sociais (arqueólogos, enxeñeiros, etc.) que achegan coñecemento e cultura, e que suporá un valor engadido que o turista de alto perfil apreciará como elemento diferenciador respecto doutras ofertas.
Este tipo de oferta turística enriquecida poderá ser, así mesmo, unha fonte de coñecemento para a poboación local, para novos estudantes e universitarios, pois poderase convidar a este tipo de "turista" a coñecer o destino CORUÑA e xerar deste xeito un elemento de autoestima e un sentimento de orgullo de pertenza.
Esta oferta turística axudará a conformar unha imaxe identitaria da Coruña no exterior.

Fase 4: Desenvolvemento do soporte tecnolóxico.
Obxectivo
Dispor dun soporte tecnolóxico, web de xestión, que permita visualizar o patrimonio obxecto da viaxe (rutas turísticas) e que axude a súa valorización.
Actividades
• Deseñar unha páxina web propia do proxecto que permita visualizar ao turista as experiencias turísticas creadas, os procesos industriais que poderá ver logo de forma presencial na súa visita, no caso de que opte por un paquete turístico de Patrimonio industrial, e dunha ruta cultural, no caso de que opte por un paquete turístico de Patrimonio cultural. A web poderá conter: mapas, descrición do patrimonio, visita interior, panorámica con que conta,.. os seus procesos industriais, como se producen os bens, rutas, etc.

Fase 5: Identificación e xestión das canles turísticas.
Obxectivo
Elaborar unha base de datos de canles de comercialización e posibles públicos obxectivo que permitan chegar ao turista de Reino Unido.
Actividades
• Identificar dentro de Reino Unido, os axentes de intermediación que permitan chegar ao cliente final. Estes axentes poderán ser asociacións culturais, clubs temáticos, entidades como National Trust (Inglaterra), asociacións profesionais,……

• Identificar dentro do Reino Unido, un grupo de axencias de viaxe en destino coas que establecer o primeiro contacto e formalizar a canle para a promoción e comercialización dos paquetes turísticos.
• Realizar unha viaxe ao país para contactar e formalizar a canle co grupo de axencias de viaxe en destino (estímase un grupo de 10 axencias).
• Posta en marcha do proceso de venda de paquetes.

Fase 6: Peche
Elaboración do informe final da actividade.

B. CALENDARIO ESTIMADO:

FASE 0: Preparación do equipo e elaboración do cadro de mando: Meses 1 e 2.
FASE I: Identificación e categorización do patrimonio: Mes 3.
FASE II: Definición do perfil do turista obxectivo: Mes 4.
FASE III: Estruturación da oferta. Paquetizar: Meses 4, 5 e 6.
FASE IV: Desenvolvemento do soporte tecnolóxico: Meses 6 e 7.
FASE V: Identificación e xestión das canles turísticas: Meses 7 e 8.
FASE VI: Peche (Informes finais): Mes

32.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DO CONVENIO ADMINISTRATIVO CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DO "PLAN DE COMPETITIVIDADE TURÍSTICA ANO 2014".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Aprobar o texto da modificación das cláusulas primeira e décimo terceira do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con CIF P1507900G para financiar as actividade do "Plan de competitividade turística. Ano 2014"

2.- Facultar ao sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

3.- O texto íntegro das cláusulas primeira e décimo terceira modificadas queda como segue:

"I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CIF P1507900G, que actuará na súa xestión a través da empresa municipal de Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA) para o financiamento do "Plan de competitividade turística. Ano 2014".

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os

gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2015**, sempre e cando exista crédito suficiente para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de xaneiro de** 2015, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario."

33.- MODIFICACIÓN DA BASE 50ª DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO DA DEPUTACIÓN: SUBVENCIÓNS E TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS PARA O EXERCICIO 2014. CONSIGNACIÓN DO EQUIPAMENTO DO AUDITORIO DE FERROL.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Aprobar a modificación no obxecto e na contía e incluír o presuposto e % financiamento que figuran nesta subvención:

APLICACIÓN	NIF	NOME	OBXECTO	IMPORTE	PRESUP.	% Financ
0612/334A/762.01	P1503700E	Concello de Ferrol	Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o Equipamento do Auditorio de Ferrol	140.000,00	224.935,68€	62,24%

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.
Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo.
No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas."

34.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE FERROL PARA FINANCIAR O EQUIPAMENTO DO AUDITORIO DE FERROL.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 09 de abril de 2014.
2.-Acredítanse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.
3.- Aprobar a modificación do obxecto e do importe da subvención nominativa concedida ao Concello de Ferrol para o financiar obras e equipamento do Centro Cultural Torrente Ballester, de xeito que a subvención, por importe de **140.000 €** se destina a financiar o *Equipamento do Auditorio de Ferrol.*
4.- Aprobar o convenio co Concello de Ferrol correspondente á subvención nominativa, por importe de 140.000 €, concedida para financiar o *Equipamento do Auditorio de Ferrol,* cun orzamento subvencionado de 224.935,68 €, de acordo co texto que se achega.
5.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.
A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0612/334A/762.01
6.- Facultar ao sr. presidente para a sinatura do presente convenio.
7.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o *Equipamento do Auditorio de Ferrol.*

A Coruña,

REUNIDOS

Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, que actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
Don José Manuel Rey Varela, alcalde-presidente do Concello de Ferrol, que actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen, coa capacidade legal necesaria e

MANIFESTAN

1.- Que o Concello de Ferrol é titular dunha serie de espazos nos que desenvolve a súa oferta cultural que na actualidade presentan carencias, no que se refire ao equipamento técnico, polo que é intención do concello corrixir estas carencias completando o equipamento existente cos materiais técnicos que permitan desenvolver actos axeitados ás características dos locais.
2.- Que a Deputación Provincial da Coruña, entre cuxas competencias está o fomento da actividade cultural, considera de grande importancia o labor que estes espazos culturais poidan desenvolver, non só no ámbito local senón con influencia en toda a bisbarra de Ferrol.
3.- Que o Concello de Ferrol é titular do Auditorio de Caranza que foi inaugurado o pasado mes de marzo, cunha superficie construída de 7.000 metros cadrados, aproximadamente, e un aforro de 900 butacas .
No proxecto foi incluído no equipamento escénico o solo desmontable do escenario, o pano cortafogos, a megafonía e a rede de voz e datos.
4.- Que, a través dun convenio co Concello de Ferrol, a Deputación Provincial da Coruña, achega 294.108,22 € para financiar as seguintes instalacións escénicas e audiovisuais: estruturas de apoio, maquinaria escénica, vestido escénico e sistemas de iluminación e electrónica en xeral.
5.- Que, coa finalidade de completar a totalidade do equipamento do auditorio, con data do 12 de marzo de 2014, o concelleiro de Cultura solicitou o cambio do obxecto da subvención nominativa prevista para financiar "obras e equipamento do Centro Cultural Torrente Ballester no ano 2014" no sentido de que se poida destinar a financiar os investimentos previstos en "equipamento de espazos culturais do Concello de Ferrol. Ano 2014".
6.- A Xunta de Goberno Local do concello, en sesión celebrada o 14 de xullo de 2014, aprobou a memoria para a adquisición de equipamento do Auditorio de Ferrol.
7.- Que a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol coinciden no interese de completar o equipamento do Auditorio Municipal de Caranza, polo que ambas as dúas entidades acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto
O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol (NIF: P150 3700E) para financiar o ***equipamento do Auditorio de Ferrol.***

II.- Orzamento de gastos para as adquisicións que ha realizar o Concello de Ferrol

Segundo a memoria achegada polo Concello de Ferrol, o orzamento máximo para a adquisición ascende a **224.988,11 €,** (IVE engadido) consonte ao seguinte orzamento:
Iluminación 7.399,18 €
* 1 Mesa de iluminación LR PICCOLO 12-48 ou similar, 12 faders, 12 submasters 1.595,00 €
* 1 Dimmer LT Liberty ou similar, de 12 canais x 2,5 kW, montado en rack con rodas,

con 5 metros de cable de acometido a CETAC 125 A 3P+N+TT, incluída, 2 saídas a schuko por canal por canal con proteccións instalada e probado 5.044,28 €
* 30 Cable para sinal DMX con conectores, macho e femia XLR5 42,30 €
* Proxector Par 64 con lámpada CP 62, i/garra, eslinga de aceiro 20, portafiltros e schuko montado 717,60 €

Son 55.394,05 €

* 1 mesa yamaha CL5 ou similar 17.692,50 €
* 2 tarxetas Yamaha Dante MY 16-AUD ou similar, 16 canais 954,00 €
* 1 Behringer previo adat ADA8000 ou similar. 190,15 €
* 1 Distribuidor/mezclador/splitter de audio. Dúas entradas estéreo independentes balanceadas con comutador liña/micro. 5 saídas estéreo o 10 mono balanceadas. Entradas e saídas en XLR. Volumes independentes para entradas e saídas. Altofalantes de monitorización incorporados 626,40 €
* 2 Yamaha Eio 3224-D ou similar 10.170,00 €
* 1 Mangueira multipar 16 PARES-20 metros 8xlr m-8 xlr h 234,00 €
* 1 Mangueira multipar 16 PARES-15 METROS 8xlr m-8 xlr h 203,00 €
* 4 elemento de array vertical autoamplificado de curvatura constante de 2 vías, conmutable biamp/pasivo, composto por 1 woofer de neodimio Diferrential Drive 2262FF de 12" e 3 motores de agudos 2408J de 1". Sistema de voado e dobre vaso invertido 0º - 10º para montaxe en trípode. Con módulo DPC2 con potencias de 750W en graves e 125W en agudos. Máximo SPL de 136 dB. Resposta en frecuencia de 75Hz a 20kHz. Alimentación 90-132 VAC o 216-264 VAC, 50/60 Hz. Dimensións: 349x597x444mm aprox. Peso: 24 kg aprox. 11.060,00 €
* 2 soporte para voar ata 6 elementos de array vertical 1.694,00 €
* 2 subgrave autoamplificado con infraestrutura para ser voado en un array de radiación directa de 1 woofer de neodimio de 18". Con módulo de 750W de potencia. Máximo SPL 126 dB. Resposta de frecuencia de 34Hz a 220 kHz. Alimentación 90-132 VAC , 50/60 Hz. Dimensións aprox.: 508x597x749mm. Peso aprox.: 38,5 Kg 3.660,00 €
* 2 monitor autoamplificado posibilidade L-R ROAD 12A 2.970,00 €
* 4 monitor autoamplificado posiblidade L-R ROAD 15A 5.940,00 €

Microfonía 5.627,50 €

* 2 RODE PAR ESTEREO NT5 ou similar 490,00 €
* 2 caixas de inxección radial engineering PRO AV2 ou similar 298,00 €
* 12 pé de micro KONIG MEYER modelo 5906 ou similar. Cor negra 638,40 €
* 6 pé de micro KONIG MEYER modelo 199 + brazo 21140 ou similar 336,12 €
* 1 Shure transmisor UHG FP3 ou similar 249,00 €
* 3 shure receptor sen fíos SLX ou similar 975,00 €
*1 pé de micrófono FONESTAR RS-9XLR ou similar 160,65 €
* 3 AKG base de sobremesa ST6 ou similar 216,00 €
* 3 AKG cápsula CK-80 ou similar 120,00 €
* 3 AKG FLEXO GN-30 E ou similar 480,00 €
* 1 Yamaha EMX5014C mesa autoamplificada 14 Ch. 500+500 vatios a 4 Ohm ou similar 615,20 €
* 2 LD systems altavoz stinger 8 G2 8" PASIVO ou similar 294,00 €
* 2 Trípode de altofalante 1,99 max. sist. aire negro A.H. ou similar 45,60 €

* 1 distribuidor Work WD421 ou similar 155,00 €
* 1 compacdisc dobre con USB NUMARK CDN 77 USB ou similar 308,55 €
* 1 cable de potencia para altofalante 2x20m + 2.10m ou similar 185,00 €
* 2 cable XLR 3P MACHO -XLR 3 FEMIA DE 1m 5,92 €
* 2 cable XLR 3P MACHO -XLR 3 FEMIA DE 5m 9,62 €
* 2 cable XLR 3P MACHO -XLR 3 FEMIA DE 10m 15,18 €
* 2 cable XLR 3P MACHO -XLR 3 FEMIA DE 15m 20,74 €
* 2 cable XLR 3P MACHO -XLR 3 FEMIA DE 1,50m 9,52 €

Audiovisual 34.885,05 €

* 1 pantalla 14mx10m con ollais e vaina 3.360,00 €
* 14 tubo aluminio sen anodizar diámetro. 50mm. PANASONIC PT-DW 17 KE ou similar, 16.500 ANSI 3 chips 118,72 €
* 1 DLP. WXGA (1366X768) 26.400,00 €
* 1 soporte para teito ET-PKD510H ou similar 1.424,60 €
* 1 óptica zoom ET-D75LE30 ou similar WUX GA 2.4-4.7:1 3.538,40 €

Truss 40.271,34 €

* 16 Tramo de truss triangular de aluminio de 45 cm. de lado, modelo de 3 m de lonxitude 2.567,68 €
* 8 id. anterior 2m de lonx. 1.174,32 €
* 8 id. anterior 1m de lonx. 953,28 €
* 16 Ud. eslinga de aceiro con funda de poliéster 1000kg, 4 m lonx. 832,96 €
* 16 Soporte adaptador para truss 716,48 €
* 8 Ud. polipasto eléctrico de cadea para escenario con control a tensión directa, 17.145,52 €

capacidade de carga 650kg, composto por:

- Equipo motor redutor eléctrico trifásico 400 v 1 HP.
- Dobre freo.
- Factor de seguridade 10:1
- 1 ramal de cadea.
- Control por inversión de fase (Direct Control)
- velocidade : 4m/min
- Gancho superior de suspensión
- 12 ml de cadea 7,9 x 21,7
- Gancho de carga
- Bolsa recolle cadea estándar.
- 0,8 m de cable de alimentación con caravilla CEE 16 16A

* 2 Ud. polipasto eléctrico de cadea para clúster L+R con control a tensión directa 4.033,48 €

para clúster, capacidade de carga 650 kg, composto por:

- Equipo motor redutor eléctrico trifásico 400 v 1 HP.
- Dobre freo.
- Factor de seguridade 10:1
- 1 ramal de cadea.
- Control por inversión de fase (Direct Control)
- velocidade : 4m/min
- Gancho superior de suspensión
- 20 ml de cadea 7,9 x 21,7
- Gancho de carga

- Bolsa recolle cadea estándar.
- 0,8 m de cable de alimentación con caravilla CEE 16 16A

* 8 Ud. soporte para montaxe de apoio en peite 2.948,72 €
* 1 Control sen fíos para os 8 motores 2.002,97 €
* 1 Equipo de distribución de potencia para alimentación de motores 2.214,90 €
* 1 set de cables 31,63 €
* 2 Botoeira individual 645,12 €
* 1 Automático 4x 32 A instalado no cadro de motores 185,63 €
* 24 m liña 5x10 mm2 ata fondo de escenario 236,64 €
* 54 m canaleta metálica 60x100 2.523,96 €
* 1 toma CETAC 5X32A 31,63 €
* 450 m de cable 5X 2,5 mm 2 para subida de 10 liñas cara contrapeite e proscenio 1.638,00 €
* 10 Bases CETAC 5X16 A 289,70 €
* 1 mangueira aérea de conexión de entrada na consola de control, 5x4 mm2, con CETAC macho-femia 5x32 A 98,72 €

Sistema de PA 42.363,47 €

- **Sistema principal (L+R)**

* 2 Truss para colgado de sistemas Line Array 1.761,36 €
* 4 Sistema Line Array para reforzo de subgraves, con 2 altofalantes de 15" con estruturas magnéticas de neodimio e 1 amplificador clase D con capacidade para entregar ata 1800W RMS. Resposta en frecuencia 45-138 Hz e un SPL máximo de 140 dB, con accesorios compatibles con estruturas de voado AX 10.353,84 €
* 2 Truss para colgado de sistemas Line Array 589,66 €
* 14 Sistema Line Array autoamplificado con 2 vías activas, con 1 altofalante de 8" e 1 motor de compresión, con estruturas magnéticas de neodimio, alimentados por 2 amplificadores clase D, de 3ª xeración, 500 W para graves, 100W para agudos, con fonte de alimentación conmutada SMPS e procesador dixital de sinal (DSP) que xestiona filtros FIR limitadores dinámicos e EQ seleccionable "Campo próximo/lonxano". Rango de funcionamento 95hz-20kHz. 128 dB máx. SPL dispersión: 90º en horizontal. Inclúe accesorios de colgado completos 17.890,32 €

- **Canal de Frontfill**

* 4 Soporte en U 142,16 €
* 4 Sistema acústico autoamplificado de 2 vías, con altofalante de 6" de motor de comprensión de agudos con membrana de titanio acoplado a un difusor de directividade constante con dispersión de 80ºx80º, con 2 amplificadores clase D de 3ª xeración con fonte de alimentación conmutada e capacidade para entregar 360W para graves e 180W para agudos, e con procesador dixital de sinal (DSP), limitadores dinámicos e EQ optimizada. Resposta en frecuencia dende 65Hz ata 20kHz<, dimensións aprox. 380x195x255 mm, peso 9 kg. con puntos de voado M10, puntos de suxeición para soportes tipo AX/AXU e para soportes estándar VESA. 2.253,12 €

- **Procesado de sinal**

* 1 Procesador dixital para sistemas de altofalantes, con 2 entradas e 6 saídas de audio balanceado con concectores XLR, con funcións de crossover analóxico, ecualizador, limitador e unidade de retardo, deseñado para a súa aplicación como xestor de caixas acústicas de P.A., distribuidor de zonas en instalacións fixas e para monitoraxe de escenario. Formato rack 19" 1.737,72 €
* 1 Instalación auxiliar para o sistema de electroacústico da sala formado por: 7.635,29 €
  - 2 estruturas soporte par collida de motores en proscenio.
  - 2 perforacións en teito de sala para paso de mangueira e cadea de suspensión
  - 4 liñas de alimentación eléctrica aos altofalantes de clúster.
  - 4 liñas de audio para conexión de altofalantes de clúster
  - 2 latigador audio en clúster
  - 1 xogo de cables de frontfill
  - pequeno material

Total 185.897,26 €
21% IVE 39.038,42 €
Total orzamento 224.935,68 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da adquisición, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **140.000,00 €,** o que representa unha porcentaxe do **62,24 %.**
A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.
No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 62,24 % da cantidade efectivamente xustificada.
2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3.- A Deputación financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación dos bens.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/76201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- Na súa condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Ferrol o outorgamento do contrato de subministracións.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Ferrol axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición dos bens, farase constar o importe do financiamento provincial.

2.- Adquiridos os bens, o Concello de Ferrol deberá instalar unha placa no hall do Auditorio na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ferrol.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.- De acordo coa posibilidade prevista na Base 57ª das de Execución do Orzamento para o ano 2014, a achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Ferrol do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 40% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar.

O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (62,24 %) ao importe da adxudicación dos contratos de subministracións, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** do acordo de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Segundo prazo, por importe de 60 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, unha vez formalizado o contrato en documento público e logo da presentación da seguinte documentación:

*** Certificación** acreditativa do pago dos bens.

*** Certificación** do acordo de incorporación dos bens ao Inventario de Bens do Concello de Ferrol, facendo constar nos correspondentes asentos que os bens quedan afectados á finalidade pública para a que foi concedida a subvención, polo menos durante un prazo de cinco anos.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento das obrigas de publicidade establecida na cláusula quinta, mediante achega de fotografía debidamente dilixenciada.

*** Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- A adquisición dos bens que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritos na cláusula segunda deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- O Concello de Ferrol deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas

as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.
3.- De conformidade co disposto na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.
4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ferrol serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio iniciarase coa súa sinatura e finalizará o **31 de maio de 2015**.
2.- Previa solicitude do Concello de Ferrol, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2.- Para o seguimento coordenado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento integrada por dúas persoas en representación da Deputación Provincial da Coruña, nomeadas polo seu presidente e dúas persoas en representación do Concello de Ferrol, nomeadas polo seu alcalde.
3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

35.- APROBACIÓN DO CONVENIO ADMINISTRATIVO COA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS PARA FINANCIAR O PROXECTO "REFORMA DO EDIFICIO DE SERVIZOS DO FARO DE CABO VILÁN".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación

incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 88888888888.

2º.- Acredítanse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posteriormente ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio

4º.- Aprobar o texto do convenio a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS, CIF G15734999, para financiar o "*Reforma do edificio de Servizos do Faro de Cabo Vilán*".

5º.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 12.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 9,195 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/151B/781.

6º.- Facultar ao sr. Presidente para a sinatura do presente convenio

7º.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor Don Diego Calvo Pouso, como Presidente da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte Dona Mª Olga Campos Sánchez, con DNI núm. 32414692X, en representación da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS

1. Que a Excma. Deputación provincial de A Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS consideran de gran interese para a provincia impulsar a actividade empresarial, especialmente a adicada ao pequeno comercio.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS**, **NIF G15734999**, para o financiamento do "*Reforma do edificio de Servizos do Faro de Cabo Vilán*", segundo o proxecto redactado por Don Carlos Landeira Caamaño, arquitecto colexiado do COAG co núm. 2877, que foi visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data do 22/03/2012

2. A **ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS,** na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a **ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS**, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagrégase co seguinte detalle:

Presuposto de execución material	110.588,47 €
Imposto sobre o valor engadido (18%)	19.905,92 €
PRESUPOSTO LÍQUIDO	130.494,39 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 12.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 9,195 %. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 9,195 %, da

cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/151B/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

V.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista.
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

Asemade, dado que o Faro no que se realizará o investimento é un ben de dominio público estatal, a entidade beneficiaria presentará, en substitución da inscrición rexistral da afectación do inmoble, unha certificación do compromiso asumido pola asemblea de socios de reintegrar a parte proporcional da subvención que corresponda para o caso de que, antes de que transcorresen dez anos desde o remate das obras, a entidade deixase de ostentar a cesión do uso do inmoble e, na súa consecuencia, aquel deixase de estar afecto á finalidade pública para que a subvención foi concedida.

VI. TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as obras, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co disposto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o

disposto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro do ano 2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de setembro do ano 2014**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 1 de agosto de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E, en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS

DON DIEGO CALVO POUSO”

36.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS OBRAS DE REHABILITACIÓN E CONSTRUCIÓN DUN NOVO LOCAL PARA A ASOCIACIÓN.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación e formalización do convenio coa **ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS OBRAS DE REHABILITACION E CONSTRUCION DUN NOVO LOCAL PARA A ASOCIACIÓN** cunha achega de 400.314,00 euros con cargo á partida 0112/231E/781 que representa unha porcentaxe total de financiamento do 50% sobre un orzamento subvencionable de 800.628 euros, así como os informes que constan no expediente:

1º APROBAR o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DA CORUÑA cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 400.314,00 euros o que representa unha porcentaxe de financiamento do 50 % con respecto a un orzamento de 800.628 euros que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0112/231E/781 cuxo texto se transcribe a continuación do presente acordo.

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACION SINDROME DE DOWN PARA FINANCIAR AS OBRAS DE REHABILITACION E CONSTRUCION DUN NOVO LOCAL PARA A ASOCIACIÓN

A Coruña

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. ..... presidente da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN.....

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e da ASOCIACION SÍNDROME DE DOWN de que Asociación dispoña dun lugar axeitado para o desenvolvemento das súas actividades ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN para o financiamento das **OBRAS DE REHABILITACIÓN E CONSTRUCIÓN DUN EDIFICIO** tal como aparece definida a mesma no proxecto redactado polos arquitectos D. Emilio Rodríguez Blanco núm. COAG 2430 e D.José Luis Martínez Raido núm. COAG 2268

2- A **ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN**, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras e as autorizacións administrativas preceptivas subministradas con data oito de xullo de 2014. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a **ASOCIACION SINDROME DE DOWN**, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta..

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:	556.030,28
GASTOS XERAIS (13%)	72.283,94
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	33.361,82
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO_(21%)	138.951,97
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	**800.628,01**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **400.314,00 €,** o que representa unha porcentaxe do **50%.** A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado polo Concello da Coruña, tal e como se recolle no protocolo de intencións asinado en data 8 de novembro do 2013 entre a Deputación Provincial da Coruña, a Asociación Síndrome de Down e o Concello da Coruña

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 50%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta

inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/231E/781** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1.Na condición de promotor, corresponderalle á **ASOCIACIÓN SINDROME DE DOWN** o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.Con carácter previo á contratación, A **ASOCIACION SINDROME DE DOWN** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3..A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

4.No caso de que a **ASOCIACION SINDROME DE DOWN** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que avalíe e as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, A **ASOCIACION SINDROME DE DOWN** estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN.

1.A achega da Deputación seralle aboada á **ASOCIACION SINDROME DE DOWN a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións** de obra, **ata acadar o importe da achega provincial (400.314,00 €) ou da contía que resulte logo da correspondente baixa de licitación)**.Para tal efecto, a **ASOCIACION SINDROME DE DOWN** deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato e do expediente de contratación
- Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2.O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta financeira indicada pola ASOCIACION SINDROME DE DOWN na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACION SINDROME DE DOWN terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.Tal e como se indica na cláusula sexta, as obras aboaranse á ASOCIACION SINDROME DE DOWN a medida que se vaian emitindo as correspondentes certificacións de obras debendo presentarse acompañadas da documentación referida

na dita cláusula, e tendo que estar **xustificada a totalidade da achega provincial antes do 30 de novembro do 2014.**

2.Tendo en conta que as obras obxecto do presente convenio están financiadas ao 50% polo Concello da Coruña, e que a aprobación do importe da achega provincial corresponderase coas certificacións da primeira metade da execución da obra, a ASOCIACIÓN SINDROME DE DOWN deberá achegar, ademais, **todas as certificacións emitidas incluídas as da parte correspondente á achega municipal, antes do 31 de agosto do 2015**, con fin de acreditar a investimento total realizado

Asemade, **coa derradeira certificación de obra** deberase **achegar :**

- **a. Acta de recepción** Ao dito acto deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta,
- **b. Acreditación no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade** dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e
- **c. Acreditación da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade** na que se deixe constancia do **financiamento provincial** e da **afectación do inmoble** á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de **DEZ anos**.

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á **ASOCIACION SINDROME DE DOWN** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **ASOCIACION SINDROME DE DOWN** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A **ASOCIACION SINDROME DE DOWN** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A **ASOCIACION SINDROME DE DOWN** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da **ASOCIACION SINDROME DE DOWN** do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a **ASOCIACION SINDROME DE DOWN** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **ASOCIACION SINDROME DE DOWN** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **ASOCIACION SINDROME DE DOWN** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACION SINDROME DE DOWN serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACION SINDROME DE DOWN será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá efectos desde a sú sinatura, e no seu caso, outorgarase efectos retroactivos dende a data da concesión das preceptivas licenzas e conservará a súa vixencia ata o día 30 de outubro de 2015
2.Para o caso de que a ASOCIACION SINDROME DE DOWN non poida ter rematadas as obras, correspondentes á achega provincial, e presentada a xustificación antes do día 30 de novembro do 2014, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACION SINDROME DE DOWN perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN

DIEGO CALVO POUSO

2º.- Tendo en conta que unha vez subscrito o convenio conservará a súa vixencia ata o 30 de outubro de 2015, condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente."

37.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTA COMBA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN INMOBLE CON CONSTRUCIÓN DE NAVE DESTINADA A ALMACÉN E GARAXE.

INTERVENCIÓNS

Sra. Seixas Naia

Grazas, era simplemente para preguntar, porque na Comisión no informe da Intervención se formulaban dúbidas ao respecto da escritura da titularidade do local, e queriamos saber se no tempo que pasou dende a Comisión ata esta sesión plenaria se aclarou esa dúbida. Grazas.

Sr. Presidente

A día de hoxe, como nos comentou o interventor, non consta o papel por parte do Concello, pero para poder tramitalo ten que achegalo o Concello no seu momento.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, antes de nada facer constar que o Grupo Socialista non se opón a que o Concello de Santa Comba reciba unha subvención de 264.000 euros para a construción dunha nave destinada a almacén e garaxe, pero facer constar tamén o noso voto negativo a este punto, e explícoo.

Estáselle dando unha subvención ao Concello de Santa Comba para comprar unha obra ilegal, unha construción ilegal, en solo rústico, e nós non nos opoñeriamos a conceder o mesmo importe ao Concello de Santa Comba para que constrúa en solo municipal, público, no Polígono Industrial de Santa Comba, unha nave para destinar a almacén e garaxe, ademais daríalle emprego a varias empresas que están alí nese polígono industrial que fan prefabricados e viríalle moi ben nesta situación de crise económica. Polo tanto, o noso voto é que non porque ademais, como noutras subvencións, pídesenos que co noso voto exceptuemos para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión de subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Entendemos que non hai ningunha causa excepcional que xustifique a adquisición dun edificio fóra de ordenación, estamos legalizando unha infracción urbanística, e non hai ningún interese público que xustifique, dende o noso punto de vista, esta actuación, e digo, estariamos dispostos a votar esta mesma cantidade para o Concello de Santa Comba para que en solo público, solo municipal no polígono industrial, se constrúa unha nave para almacenamento e garaxe do propio Concello, pero non podemos co noso voto legalizar unha infracción urbanística dun edificio que está fóra de ordenación, construído en gran parte en solo rústico, e ademais co noso voto estar dicindo que xustificamos esta excepcionalidade porque hai un interese público apreciable e que así o pon de manifesto o Pleno da Deputación. Polo tanto, o noso voto vai ser negativo neste punto número 37.

Sr. Presidente

Antes de pasar á votación, simplemente comentarlle que en ningún caso dos convenios que traemos a esta institución durante este mandato, polo menos o Grupo Popular opinou acerca da finalidade que un concello, dentro da súa competencia, cría que tiña que levarse a cabo no convenio. É dicir, cando a Corporación municipal de calquera exemplo que traemos hoxe a Pleno dos convenios estima que as necesidades do seu Concello é amañar unha pista, comprar unha parcela para un centro sociocultural, para unha nave ou para o que sexa, nós damos veracidade a esa necesidade porque quen mellor coñece as necesidades do Concello é a Corporación dese Concello, e se non é así, debería de selo, e se non é así nas próximas eleccións municipais eu estou seguro que os veciños tomarán conta diso, seguro.

Se nos poñemos a opinar acerca da finalidade que cada un dos concellos trae aquí para o seu financiamento, poderemos entrar nun debate que non teña dúbida vostede que será moi interesante en cada un dos concellos, sen dúbida, e teremos cada un, loxicamente, as opinións correspondentes, incluso dentro de cada Grupo, se me deixa vostede esa licenza. O que sempre se verifica por esta casa e polos servizos técnicos é que o que se asine e a finalidade sexa legal, outra cousa, neste caso concreto, é que se trate dunha construción que no seu día foi ilegal pero que pasado os períodos correspondentes quedou fóra de ordenación e ademais pedíuselle un informe á Axencia da Protección da Legalidade Urbanística de Galicia. Sabe vostede ademais que neste último mandato da Xunta de Galicia levouse a cabo un plan para intentar ordenar, vostede seguro que coñece os fóra de ordenación, para intentar ordenar o territorio, e todas aquelas construcións que por distintos motivos, ao longo e ancho dos concellos de Galicia, e estou seguro que entre todos os representantes do seu Grupo, dos do Bloque e dos do PSOE tamén as hai, senón pregúntelle aos seus alcaldes, en distintos momentos foron construídas fóra de ordenación e despois intentaron legalizarse, e este é o caso concreto que traemos hoxe tamén aquí. Indubidalmente a legalidade pola nosa parte está cuberta, a opinión política cada un teremos a nosa, Sr. Moreda, e estou seguro que vostede terá a súa, e eu a miña, e os do Bloque terán algunha, e dentro do Grupo tamén lle digo que pode haber distintas. En todo caso, quero aclararlle, para a súa tranquilidade, que a legalidade do procedemento está garantida, outra cousa é que vostede crea que se puidese facer unha nave distinta no polígono, é unha opinión que estou seguro que o Partido Socialista de Santa Comba poderá expresar tamén no Pleno, e defender no Pleno e levar a cabo as súas propostas que estime conveniente, pero simplemente aclara iso para que non quede lugar a dúbida dada a intervención como a iniciou vostede.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: 9 deputados (PSOE)
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, en contra do PSOE e abstención do BNG, acorda:

"Visto o expediente relativo a proposta para a aprobación e formalización do convenio co CONCELLO DE **SANTA COMBA** PARA FINANCIAR ***A ADQUISICIÓN DUN INMOBLE*** cunha achega de 264.000,00 € con cargo á partida 0112/169A/762.01.que representa unha porcentaxe total de financiamento do 80,00 % sobre un orzamento subvencionable de 330.000,00 euros, así coma os informes que constan no expediente:

1.Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes

principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 21 de maio de 2014

2.APROBAR o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e O CONCELLO DE **SANTA COMBA** PARA FINANCIAR ***A ADQUISICIÓN DUN INMOBLE*** cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 264.000,00 euros o que representa unha porcentaxe de financiamento do 80% con respecto a un orzamento de 330.000,00 euros que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0112/169A/762.01 cuxo texto se transcribe a continuación do presente acordo

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTA COMBA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN INMOBLE

A Coruña ___ de _____de dous mil catorce

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte D. Antonio M. Landeira Gallardo alcalde-presidente do Concello DE SANTA COMBA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE SANTA COMBA ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE SANTA COMBA (P-1507800I) para o financiamento da adquisición do ben inmoble que se describe deseguido:

SITUACIÓN _____ AV/ JOSÉ ARMÁN LOIS
REFERENCIAS CATASTRAIS:_____4749921NH1644N0001IE
USO PRINCIPAL DO INMOBLE_____ ALMACÉN

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou o CONCELLO DE SANTA COMBA, o orzamento máximo para a adquisición ascende a **330.000,00 EUROS**.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **264.000,00 €** o que representa unha porcentaxe de **80%** A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando o CONCELLO DE SANTA COMBA que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmoble e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/169A/762.01na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONCELLO DE SANTA COMBA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO DE SANTA COMBA o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE SANTA COMBA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe da adquisición supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, O CONCELLO DE SANTA COMBA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos propietarios. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmoble, farase constar o importe do financiamento provincial

2. Adquirido o ben, O CONCELLO DE SANTA COMBA deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade disposta no disposto na **Base 57º das de execución do Orzamento para o ano 2014**, ata **o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE SANTA COMBA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmoble, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:
  - Descrición física e xurídica do ben.
  - Identificación do titular o titulares coa cota que lles corresponda a cada un deles
  - Valoración pericial.
  - Aceptación dos propietarios do valor que se lles asigne
  - Determinación da data para a elevación á escritura pública.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2.- Adquirido o ben, procederase ao aboamento do **60 por cento** restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Copia da escritura pública de adquisición.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE SANTA COMBA, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Deberá cumprir a cláusula V.-2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía dilixenciada no reverso.
- Deberá acreditar o pago efectivo a os terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable (40%).
- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO DE SANTA COMBA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE SANTA COMBA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE SANTA COMBA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONCELLO DE SANTA COMBA na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE SANTA COMBA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

.

1. O CONCELLO DE SANTA COMBA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.O CONCELLO DE SANTA COMBA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE SANTA COMBA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE SANTA COMBA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do inmoble implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación

excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE SANTA COMBA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE SANTA COMBA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro do presente ano**

2.Para o caso de que o **CONCELLO DE SANTA COMBA** non poida adquirir os predios e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o **CONCELLO DE SANTA COMBA** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE SANTA COMBA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario número_____ de data_____de_____ do dous mil _____

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

DIEGO CALVO POUSO

O ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTA COMBA

D. Antonio M. Landeira Gallardo”

38.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VIMIANZO PARA FINANCIAR AS OBRAS DO ROTEIRO TURÍSTICO PARA A POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO, CULTURAL E NATURAL DO VAL DE VIMIANZO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación e formalización do convenio CONCELLO DE VIMIANZO para financiar as obras dun ROTEIRO TURÍSTICO PARA POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO, CULTURAL E NATURAL DO VAL DE VIMIANZO cunha achega de 45.000,00 euros con cargo á partida 0112/454A/76201.que representa unha porcentaxe total de financiamento do 80,00 % sobre un orzamento subvencionable de 56.250,00 euros, así como os informes que constan no expediente:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de xuro público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 18 de xullo do 2014.

2. APROBAR o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e o

CONCELLO DE **VIMIANZO** para financiar as obras de **ROTEIRO TURÍSTICO PARA POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO, CULTURAL E NATURAL DO VAL DE VIMIANZO** cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 45.000,00 euros o que representa unha porcentaxe de financiamento do 80 % con respecto un orzamento de 56.250,00 € que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0112/454A/76201.cuxo texto se transcribe a continuación do presente acordo:

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VIMIANZO PARA A FINANCIAMENTO DAS OBRAS DUN ROTEIRO TURÍSTICO PARA POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO, CULTURAL E NATURAL DO VAL DE VIMIANZO,

A Coruña de 2014

Reunidos

Dunha parte o Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. alcalde-presidente do Concello de VIMIANZO, D. Manuel Antelo Pazos

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de VIMIANZO ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de VIMIANZO con CIF P1509300H para o financiamento da obra **URBANIZACIÓN DUN ROTEIRO TURÍSTICO PARA POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO, CULTURAL E NATURAL DO VAL DE VIMIANZO**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto D. Maximino Manuel Aguiar Baña núm.colexiado 3697

2- O Concello de VIMIANZO, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a

execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de VIMIANZO, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:	30.065,21 €
GASTOS XERAIS	5.078,48 €
BENEFICIO INDUSTRIAL	2.343,91 €
IVA (21%)	9.762,40 €
TOTAL	**56.250,00€**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **45.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00 %.**

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %.** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/454A/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de VIMIANZO de que o

compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de VIMIANZO o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia á cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de VIMIANZO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de VIMIANZO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de VIMIANZO estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1º Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de VIMIANZO pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2º Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de VIMIANZO, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3º O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de VIMIANZO** na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Concello de VIMIANZO** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar **rematadas antes do vencemento do período de vixencia** do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de VIMIANZO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e**, en calquera caso, antes do vencemento do período de vixencia** do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de VIMIANZO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de VIMIANZO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de **VIMIANZO** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de VIMIANZO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de VIMIANZO poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de VIMIANZO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso,

segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E **se o atraso se produce no prazo de xustificación** e **non excede dun mes**, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación desta seranlle remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de VIMIANZO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2014.**

2.Para o caso de que o Concello de VIMIANZO non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de novembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de VIMIANZO perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as dispoisicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de VIMIANZO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o_ de _____ de 2014

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	A ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIMIANZO
DIEGO CALVO POUSO	MANUEL ANTELO PAZOS

3. Condicionar a formalización do convenio de colaboración a que se subministre a documentación orixinal ou compulsada relativa ás autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio e Augas de Galicia."

39.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VEDRA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUNHA PARCELA PARA USO DEPORTIVO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación e formalización do convenio ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VEDRA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUNHA PARCELA PARA USO DEPORTIVO cunha achega de 48.919,56 euros con cargo á partida 0112/342A/76201 que representa unha porcentaxe total de financiamento do 86,623,14% sobre un orzamento subvencionable de 56.473,88 euros, así como os informes que constan no expediente:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 21 de xullo do 2014.

2. APROBAR o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VEDRA PARA FINANCIAR *A ADQUISICIÓN DUNHA PARCELA PARA USO DEPORTIVO* cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 48.919,56 euros o que representa unha porcentaxe de financiamento do 86,623,14% con respecto a un orzamento de 56.473,88 euros que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0112/342A/76201 cuxo texto se transcribe a continuación do presente acordo.

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VEDRA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUNHA PARCELA PARA USO DEPORTIVO

A Coruña ___ de _____de do dous mil catorce
D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.
E doutra parte D. Carlos Martínez Carrillo alcalde-presidente do Concello DE VEDRA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE VEDRA ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE VEDRA P-1509000D para o financiamento da adquisición do ben inmoble que se describe deseguido:

SITUACIÓN _____ LG.SARANDÓN VEDRA
REFERENCIAS CATASTRAIS:_____ _____15090 A 506 0 1064 0000AE
USO PRINCIPAL DO INMOBLE_____ AGRARIO

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o informe de valoración que achegou o CONCELLO DE VEDRA, o orzamento máximo para a adquisición ascende a **56.473,88 EUROS**.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **48919,45 €** o que representa unha porcentaxe de **86,6231%** A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a CONCELLO DE VEDRA que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmoble e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/169A/762.01 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONCELLO DE VEDRA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO DE VEDRA o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas ao CONCELLO DE VEDRA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe da adquisición supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, O CONCELLO DE VEDRA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos propietarios. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmoble, farase constar o importe do financiamento provincial
2. Adquirido o ben, o CONCELLO DE VEDRA deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na **Base 57º das de execución do Orzamento para o ano 2014**, ata **o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE VEDRA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmoble, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:

- Descrición física e xurídica do ben.
- Identificación do titular o titulares coa cota que lles corresponda a cada un deles
- Valoración pericial.
- Aceptación dos propietarios do valor que se lles asigne
- Determinación da data para a elevación á escritura pública.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2.- Adquirido o ben, procederase ao aboamento do **60 por cento** restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Copia da escritura pública de adquisición.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE VEDRA, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Deberá cumprir a cláusula V.-2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía dilixenciada no reverso.
- Deberá acreditar o pago efectivo a os terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable (40%).
- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO DE VEDRA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquela e, en calquera caso antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento

ao CONCELLO DE VEDRA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE VEDRA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONCELLO DE VEDRA na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE VEDRA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

.

1. OCONCELLO DE VEDRA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE VEDRA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE VEDRA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE VEDRA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do inmoble implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE VEDRA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE VEDRA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá **efectos retroactivos dende o 1 de xuño do 2014** sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro do presente ano**

2.Para o caso de que o **CONCELLO DE VEDRA** non poida adquirir o predio e presentada a xustificación **antes do día 11 de novembro**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o **CONCELLO DE VEDRA** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE VEDRA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario número_____ de data_____de_____ do dous mil _____

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE VEDRA
Asdo.: DIEGO CALVO POUSO	Asdo.: D. Carlos Martínez Carrillo

3. Condicionar a formalización do convenio á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2014 ."

40.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MUROS PARA FINANCIAR A LIMPEZA E MANTEMENTO DA CUBERTA DA CASA DO CONCELLO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación e formalización do convenio ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE **MUROS** PARA FINANCIAR ***A LIMPEZA E MANTEMENTO DA CUBERTA DA CASA DO CONCELLO*** cunha achega de 16.000,00 euros con cargo á partida 0112/169A/46201 que representa unha porcentaxe total de financiamento do 60,10518% sobre un orzamento subvencionable de 26.620,00 euros, así como os informes que constan no expediente:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 21 de xullo do 2014.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gastos, de conformidade co establecido no art.176 do Texto refundido da lei de facendas locais

3. APROBAR o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE **MUROS** PARA FINANCIAR ***A LIMPEZA E MANTEMENTO DA CUBERTA DA CASA DA CONCELLO*** cunha achega de **16.000,00 euros** con cargo á partida que representa unha porcentaxe total de financiamento do **60,10518%** con respecto a un orzamento de **26.620,00 euros** que serán

aboados con cargo á aplicación orzamentaria **0112/169A/46201** cuxo texto se transcribe a continuación do presente acordo

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MUROS PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACION DAS OBRAS DA CUBERTA DA CASA DO CONCELLO

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sra. alcaldesa presidenta do Concello de MUROS Dona Caridad González Cerviño,

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de MUROS ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de **MUROS** con CIF P1505400J , para o financiamento da obra de "**REALIZACION DAS OBRAS DA CUBERTA DA CASA DO CONCELLO** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por José Antonio Comesaña García, arquitecto colexiado 775 COAG

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M:	18.487,40 euros
GASTOS XERAIS	2.403,36 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL	1.109,24 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	4.620,00 euros

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA_____ **26.620,00 euros**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **16.000,00 euros**, o que representa unha porcentaxe de **60,10518%.** A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **60,10518%.** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/169A/462.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle o Concello de MUROS que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de MUROS o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, o Concello de MUROS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

Rematado completamente o contrato, procederase ao aboamento da achega provincial unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:
  - persoa adxudicataria,
  - importe do contrato
  - e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Unha vez rematadas as obras acudirá un técnico da Deputación, para a comprobación material da investimento realizada.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Muros, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de MUROS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de MUROS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de MUROS da sanción que, de conformidade

co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O Concello de MUROS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de MUROS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de MUROS poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de MUROS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de MUROS serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de MUROS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá por obxecto financiar as obras executadas e certificadas a partir do 1 de xaneiro do 2013 polo que terá efectos retroactivos dende a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2014

2. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Muros, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____de data _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MUROS
DIEGO CALVO POUSO	CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO”

41.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DO LOCAL NO EDIFICIO DA MILAGROSA E DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE CESIÓN DE USO Á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación **DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DO LOCAL NO EDIFICIO A MILAGROSA E DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO Á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)** así coma os informes que constan no expediente:

1. Aprobar definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica do local obxecto de cesión de uso situado no antigo Colexio da Milagrosa propiedade desta Deputación, sito na Avda. de Cádiz, 5. 15008 A Coruña, cualificado no inventario de bens como dominio público e servizo público para que mediante a súa desafectación quede cualificado como ben patrimonial.

2. Aprobar definitivamente o expediente de cesión de uso á Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

As condicións de cesión son as que se concretan no convenio que tamén é obxecto de aprobación.

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA A CESIÓN DE USO DE LOCAIS NO COLEXIO A MILAGROSA.

A Coruña, ……de….de dous mil catorce, na sede da Excma. Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Ilmo. Sr. D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña e,

Doutra parte, don Anxo Antón Queiruga Vila con DNI: 76778938Q, presidente da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) con CIF: G32115941

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

E X P O Ñ E N

1º.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como finalidade coordinar e promover a defensa dos intereses das persoas con discapacidade, co fin de conseguir a máxima atención social á problemática que representan.

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, co

número F-011786. Así mesmo, en virtude da Orde INT/1769/2004, do 17 de maio, a citada entidade foi declarada de utilidade pública (BOE Nº 142, do 12 de xuño de 2004), no 2007 modificada a inscrición no rexistro de entidades acción voluntaria de Galicia, co número O – 16 e en decembro de 2010 inscrita no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de inscrición E-0154.

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), ten como fins (artigo 7 dos Estatutos):

1.- Procurar unha sociedade onde o grupo social das persoas con discapacidades poidan gozar dos seus dereitos en condición de igualdade real co máis absoluto respecto á súa dignidade e diversidade.

2.- Defensa do dereito a unha forma de vida e a unha contorna social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda persoa con discapacidade.

3.- A defensa dos dereitos e liberdades das persoas con discapacidade severa ou de gran dependencia, así como a promoción da súa integración e participación activa na sociedade.

4.- Promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con capacidade.

5.- Crear as condicións para que as entidades membro poidan cumprir adecuadamente a misión.

6.- Promover actitudes sociais positivas cara á persoa con discapacidade.

7.- Promover a lexislación adecuada que mellore a situación do colectivo.

8.- Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo integrado na Confederación con criterios de solidariedade.

9.- Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da discapacidade.

10.- Representar aos seus membros no ámbito autonómico, estatal e internacional.

11.- Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan alcanzar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos.

12.- Promoción e desenvolvemento persoal e social da muller con discapacidade, loitando pola súa igualdade de oportunidades na esfera social.

13.- Desenvolver programas e actividades, dentro da súa propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da infancia e da mocidade.

14.- Desenvolver programas e actividades, dentro da súa propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención das persoas maiores.

15.- Desenvolver programas e actividades, dentro da súa propia discapacidade, dirixidos especificamente a calquera outro colectivo en risco de exclusión social.

16.- Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do voluntariado social.

17.- Promover e pór en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con discapacidade, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base.

18.- Promover e pór en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativas e de pracer orientadas ás persoas con discapacidade.

19.- A cooperación internacional e o desenvolvemento, así como a loita contra a pobreza no ámbito da discapacidade a escala internacional.

20.- Calquera outro que, de forma directa ou indirecta, poida contribuír ao cumprimento da misión da Confederación ou redundar no beneficio das persoas con discapacidade.

2º.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o cumprimento da misión e dos fins poderá:

a) Organizar os servizos necesarios de investigación, estudo, programación, información, asistencia técnica, xestión especializada e outros equivalentes que as circunstancias aconsellen, así como actividades, cursos e seminarios sobre diversos aspectos da discapacidade.

b) Promover, facilitar ou utilizar todos os medios lícitos de información, formación e difusión para dar a coñecer os problemas das persoas con discapacidade e a súa contorna.

c) Incorporarse a confederacións, asociacións, entidades e organismos de carácter autonómico, estatal ou internacional que poidan ser de utilidade para conseguir os fins da Confederación

d) Establecer un sistema coherente na estruturación do movemento asociativo.

e) Promover o voluntariado e a súa formación para o cumprimento dos seus fins.

f) Desenvolver actividades e iniciativas, dentro do marco legal, que permita o sostemento económico do movemento asociativo.

g) A integración, creación e promoción de centros educativos, ocupacionais profesionais; vivendas tuteladas e de protección oficial ou calquera outro centro, do cal a súa tipoloxía sexa autorizada por lei; na que primen a inserción socio-laboral das persoas con discapacidade conforme á lexislación vixente.

h) A promoción de centros laborais incluídos os centros especiais de emprego; participando, promovendo e creando iniciativas empresariais que primen a inserción laboral das persoas con discapacidade, en postos de traballo adaptados ás súas capacidades e en condicións de igualdade de deberes e dereitos cos demais traballadores, conforme a lexislación vixente en todos os casos, priorizando:

a) Os centros especiais de emprego dos que a titularidade maioritariamente pertenzan a unha asociación sen ánimo de lucro e os seus beneficios repercutan integramente nos propios traballadores discapacitados e/ou no labor social da devandita asociación.

b) Os centros especiais de emprego que adopten a forma xurídica de cooperativas ou sociedades laborais, a condición de que os beneficios repercutan integramente nos propios traballadores do centro ou nunha asociación sen ánimo de lucro pertencente ao movemento asociativo.

i) Valerse de calquera outro medio lícito que sirva para a realización dos seus fins.

3º.- A Deputación recoñece a importancia dos citados fins para os intereses provinciais e considera oportuno contribuír á súa consecución mediante a cesión de uso de locais do antigo Colexio A Milagrosa.

Por todo o exposto, acordan formalizar un convenio de colaboración conforme as seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA .- OBXECTO

A Deputación Provincial da Coruña autoriza a cesión de uso do local cunha superficie de 557,42 m2 que se detalla no plano que se acompaña como anexo, no antigo Colexio A Milagrosa para situar unha oficina do servizo de orientación laboral, un centro de día para persoas con discapacidade da comarca, así como para o desenvolvemento de actividades relacionadas con persoas con discapacidade, con carácter gratuíto.

SEGUNDA .- OBRIGACIÓNS DO CESIONARIO

1.- Os espazos cuxos usos se autorizan utilizaranse pola Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) exclusivamente para os fins indicados. Para estes efectos, comunicarase coa suficiente antelación á Sección de Servizos Sociais da Deputación o programa de desenvolvemento dos cursos e demais actividades que se realicen.

2.- En todos os actos que celebre a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade ou que se realicen no local cuxa cesión de uso se autoriza, farase constar a colaboración de ambas as dúas institucións.

3.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) remitirá ao Servizo de Patrimonio, con carácter anual, unha breve memoria das actividades realizadas nos locais cedidos.

4.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), deberá dotarse dos medios persoais e materiais máis adecuados para cumprir cos fins da cesión de uso, e cumprir a normativa laboral e de prevención de riscos laborais e demais disposicións de aplicación.

5.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), comprométese a manter adecuadamente os espazos que utilice, non podendo realizar obras sen a autorización da Deputación.

6.- En tanto estea vixente a autorización de uso dos locais, os gastos de teléfono, gas, auga e enerxía eléctrica e aqueloutros que deriven do uso dos locais correrán por conta da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) e no seu caso instalar ou adaptar os correspondentes contadores individuais.

7.- O Servizo de Patrimonio, por si ou a través doutros servizos Técnicos da Deputación (Servizos Sociais, Arquitectura e Mantemento, etc.) poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmoble e bens adscritos e o cumprimento dos fins do presente convenio.

8.- A Deputación, en calquera momento e en función das necesidades para fins provinciais, poderá deixar sen efecto a autorización de cesión de uso cun aviso previo de seis meses sen dereito a indemnización ningunha.

9.- A propiedade dos locais en cuestión seguirá sendo en todo momento desta Excma. Deputación provincial, sen que en ningunha forma a presente cesión de uso sexa causa habilitadora da adquisición da propiedade a favor da devandita entidade.

TERCEIRA.- PRAZO DE CESIÓN DE USO

O prazo de cesión de uso dos bens será de cinco anos como máximo, contados desde a sinatura do convenio, prorrogables expresamente por outros cinco anos. No entanto, a Deputación en calquera momento e en función das súas necesidades poderá deixar sen efecto a autorización de uso, cun aviso previo de seis meses e sen que por ese motivo teña dereito a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) a ningunha indemnización, debendo devolver os bens en perfecto estado de conservación.

Este convenio fornecerá os seus efectos desde a data da súa sinatura e terá vixencia ata que transcorra o prazo de cesión de uso a que se refire a presente cláusula, ou ben ata que a Deputación deixe sen efecto a autorización de cesión de uso.

CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver as cuestións litixiosas que en aplicación do presente convenio se susciten entre as partes.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión celebrada o …… de ……de dous mil catorce.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA,	O PRESIDENTE DA CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDA (COGAMI),
Diego Calvo Pouso	Anxo Queiruga Vila “

42.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL PARA FINANCIAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO REHABILITACIÓN FACHADAS E INSTALACIÓNS DO TEATRO-CINE ELMA. 2ª FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación e formalización do convenio ENTRE A EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL PARA FINANCIAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO REHABILITACIÓN FACHADAS E INSTALACIONS DO TEATRO CINE ELMA. 2ª FASE cunha achega de 234.970 euros con cargo á partida 0620.335A.76201 que representa unha porcentaxe total de financiamento do 99,696% sobre un orzamento subvencionable 235.686,29 de euros, así como os informes que constan no expediente:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 7 de xullo do 2014.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello da Pobra do Caramiñal para financiar as obras incluídas no proxecto "2ª fase, rehabilitación fachadas e instalacións do Teatro Cine Elma, Pobra do Caramiñal, cunha achega provincial de 234.970 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 99,696 %) sobre un orzamento subvencionable de 235.686,29 euros, que poderá aboarse con cargo á aplicación 0620.335A.76201 cuxo texto se transcribe a continuación do presente acordo.

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE POBRA DO CARAMIÑAL PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUIDAS NO PROXECTO 2ª FASE, REHABILITACIÓN FACHADAS E INSTALACIÓNS DO TEATRO CINE ELMA. POBRA DO CARAMIÑAL

A Coruña, do 2014

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso
E doutra parte o Sr. alcalde-presidente do Concello de Pobra do Cariñal, D.. Isaac Ventura Maceiras Rivas

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

1. O Cine Elma está situado na Pobra do Caramiñal. O autor do proxecto foi o arquitecto Antonio Tenreiro Rodríguez (1952), sendo inaugurado o Teatro no ano 1953.
2. O edificio está na esquina da rúa peonil Rafael Calleja e a rúa Fernández Varela na Pobra do Caramiñal (A Coruña) nunha parcela dentro do casco urbano.
3. As características tipolóxicas do edificio actual son as seguintes:

Tipoloxía do edificio segundo o seu uso	Edificio público
Situación respecto dos edificios lindeiros	Con dúas ou máis edificacións lindeiros e/ou medianeiras
Número de plantas sobre rasante	Tres e unha planta baixo cuberta
Número de plantas baixo rasante	0
Altura sobre rasante (m)	10
Profundidade baixo rasante (m)	0

4. O edificio é unha construción moi estimable, como arquitectura racionalista, de autor, representativa en Galicia de movementos internacionais de vangarda da metade do S. XX
5. A Deputación Provincial da Coruña, mediante Resolución da Presidencia nº 19183 do 12 de novembro de 2001 aprobou a adquisición mediante compravenda do citado edificio no prezo de 47.582.540 ptas. equivalente a 285.976,82 €
6. A escritura de compravenda foi outorgada ante o notario da Pobra do Caramiñal D. Juan Ramón Furrasola González, notario do Ilustre Colexio da Coruña, con residencia en Noia, como substituto do notario D. Víctor José Peón Rama, notario con residencia en Pobra do Caramiñal, o día 16 de novembro de 2001, co número de protocolo 1.076. Na escritura interviñeron D. José Luis Escurís Villa e D. Víctor Losada Valín en representación da sociedade Villaval Inmobiliaria, S.L. na súa condición de dono do Cine Elma e a Deputación da Coruña, como compradora, representada polo seu entonces presidente D. José Luis Torres Colomer.
7. O Cine Elma figura no inventario de bens da Deputación da Coruña co nº 67. Con natureza xurídica de dominio público. Servizo público.
8. O Cine Elma figura igualmente inscrito no rexistro da propiedade de Noia como propiedade da Deputación (tomo 875, libro 99, folio 217, alta 10 e predio 4254.0)
9. A referencia catastral é 5173101NH0157S00010Y
10. O Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 25.11.2013 adoptou o seguinte acordo:

A) "Aprobar inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica do edificio denominado Cine Elma propiedade desta Deputación situado na Pobra do Caramiñal cualificado no inventario de bens como dominio público e servizo público para que mediante a súa desafectación quede cualificado

como ben patrimonial e como trámite previo á iniciación do expediente de cesión de titularidade ao Concello da Pobra do Caramiñal.

B) Expoñer o citado expediente a información pública durante o prazo dun mes, contado desde a publicación no BOP.

C) Transcorrido o prazo de exposición pública será sometido á aprobación definitiva polo Pleno da Corporación.

D) Aprobar inicialmente o expediente de cesión de titularidade e simultanear a exposición pública do expediente de desafectación, coa exposición pública do expediente de cesión mediante o anuncio que se ha publicar no BOP durante o prazo indicado no apartado B.

As condicións de cesión son as seguintes:

1. *Que o edificio Cine Elma se dedique a actividades de cine, teatro, conferencias, exposicións e calquera outra actividade cultural compatible coa súa natureza, durante o prazo indicado no seguinte apartado.*
2. *Que non se poida desafectar nin allear nun prazo mínimo de 30 anos.*
3. *O Concello de Pobra do Caramiñal facilitaralle á Deputación o uso gratuíto do inmoble ata un máximo de 15 días ao ano nas datas que se fixen de mutuo acordo entre ambas institucións e durante o prazo establecido no apartado primeiro.*

No caso de incumprimento de calquera das condicións, o citado ben reverterá na Deputación con todas as súas pertenzas e accesións.

Unha vez transcorrido o prazo de exposición pública será sometido á aprobación definitiva polo Pleno da Corporación e previa aprobación definitiva do expediente de desafectación."

11. No BOP nº 231 do 04.12.2013, expúxose ao público o citado expediente.
12. O Pleno con data do 31.01.2014 aprobou definitivamente o expediente de alteración do cambio de cualificación do edificio denominado Cine Elma na Pobra do Caramiñal e aprobación definitiva do expediente de cesión de titularidade.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Pobra do Caramiñal en mellorar e pór en valor esta infraestrutura cultural a o servizo dos cidadáns, ambas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Pobra do Caramiñal con CIF P-1506800J para o financiamento das obras incluídas no proxecto "2ª fase, rehabilitación fachadas e instalación TEATRO CINE ELMA, que aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Hildegard González-Cebrián Fernández de Caleya.

2- O Concello de Pobra do Caramiñal, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.
3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Pobra do Caramiñal, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta, así como as condicións de cesión establecidas no acordo plenario da Deputación do 25.11.2013.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:	163.682,41 euros
Gastos xerais 13,00%	21.278,71 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	9.820.94 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	40.904,23 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	235.686,29 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **234.970 euros** o que representa unha porcentaxe do **99,696 %.**

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 99,696 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0620.335A.76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentais correspondentes, e ao cumprimento da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Pobra do Caramiñal o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Pobra do Caramiñal axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de Pobra do Caramiñal tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Pobra do Caramiñal estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Pobra do Caramiñal pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de Pobra do Caramiñal, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Pobra do Caramiñal na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Pobra do Caramiñal terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo

menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Pobra do Caramiñal deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Pobra do Caramiñal para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Pobra do Caramiñal da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Pobra do Caramiñal deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Pobra do Caramiñal destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Pobra do Caramiñal poderá ser

escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Pobra do Caramiñal queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E **se o atraso se produce no prazo de xustificación** e **non excede dun mes**, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Pobra do Caramiñal será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2015.**

2. Para o caso de que o Concello de Pobra do Caramiñal non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro** de 2015, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Pobra do Caramiñal perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvenvión concedida e disposta moninativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Pobra do Caramiñal, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o xxxx de xxxxxxxxxxxx do 2014

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE POBRA DO CARAMIÑAL
DIEGO CALVO POUSO	ISAAC VENTURA MACEIRAS RIVAS”

43.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS DA BISBARRA DE MUROS (ADISBISMUR) CO FIN DE FINANCIAR OS GASTOS DO OBRADOIRO DE VIVEIRISMO E MELLORAS NO CENTRO DE FORMACIÓN DE VALADARES-OUTES. ADECUACIÓN PLANTA 1ª.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación e formalización do convenio ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A **ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS DA BISBARRA DE MUROS (ADISBISMUR)** co fin de financiar OS GASTOS DO OBRADOIRO DE VIVEIRISMO E MELLORAS NO CENTRO DE FORMACIÓN DE VALADARES-OUTES cunha achega de 50.483,14 euros con cargo á partida 0611/231E/781 que representa unha porcentaxe total de financiamento do 31,85% sobre un orzamento subvencionable de 158.475,43 euros, así como os informes que constan no expediente:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente

parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 23 de xullo de 2014.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS DA BISBARRA DE MUROS (ADISBISMUR), (CIF G15052137), para financiar os gastos do obradoiro de viveirismo e melloras no Centro de formación de Valadares-Outes. Adecuación P.1ª, e cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 50.483,14 euros o representa unha porcentaxe de financiamento do 31,85% con respecto a un orzamento de 158.475,43 euros que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0611/231E/781 cuxo texto se transcribe a continuación do presente acordo.

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE DISCAPACIADOS DA BISBARRA DE MUROS (ADISBISMUR) PARA COFINANCIAR OS GASTOS DO OBRADOIRO DE VIVEIRISMO E MELLORAS NO CENTRO DE FORMACIÓN DE VALADARES-OUTES. ADECUACIÓN P.1ª

A Coruña,

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. Ramón Sestayo Lestón, presidente da Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR).

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR), ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR), (CIF G15052137), para cofinanciar os gastos do Obradoiro de viveirismo e melloras no Centro de formación de Valadares-Outes. Adecuación P.1ª.

2- A Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR), na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor arquitecto D. José Carlos Leis Caruncho, colexiado número 1600 e susceptible de aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

1. O presuposto total da execución da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

Nº CAPÍTULO	DESCRICIÓN	IMPORTE
01	Albanelería	8.544,28 €
02	Acabados	27.637,30 €
03	Carpintería	2.066.00 €
04	Electricidade	11.945,07 €
05	Fontanería e obras complementarias	4.419,69 €
06	Calefacción	21.089,25 €
07	Transporte	25.782,56 €
08	Protección contra incendio	5.800,87 €
09	Xestión de residuos	575,00 €
10	Control de calidade	550,00 €
11	Seguridade	1.650,00 €
SUMA CAPÍTULOS		**110.060,02 €**
GG + BI 19%		**20.911,40 €**
IVE 21%		**27.504,00 €**
TOTAL PRESUPOSTO		**158.475,42€**

B) O presuposto total da execución por contrata, segundo os orzamentos presentados detállase do seguinte xeito:

Nº CAPÍTULO	DESCRICIÓN	IMPORTE
	Tabiquería de ladrillo oco dobre	10.667,49 €
	Pintura plástica: unha man de imprimación e dúas de pintura	2.440,00 €
	Revestimento con xeso proxectado	3.453,41 €
	Revestimento con morteiro de cemento pasteado	2.241,71 €
	Falso teito desmontable	10.970,00 €
	Solado de gres, colocación con morteiro cola, plaqueta e rodapé	12.310,00 €
	Axudas de albanelería a outros gremios	2750,00 €
	Portas de paso en sapelly	2.458,54 €
	Instalación de electricidade segundo memoria e planos	19.939,64 €
	Instalación de fontanería segundo memoria e planos	10.150,07 €
	Instalación de calefacción segundo memoria e planos	11.626,03 €
	Instalación contra incendios	3.819,09 €
	Ascensor para 8 persoas – 2 velocidades	34.843,20 €
	Xestión de residuos, incluído canon de vertidos	684,25 €
	Control de calidade	654,50 €
	Plan e medidas de seguridade	1.963,50 €
SUMA CAPÍTULOS		**130.971,43 €**
IVE 21%		**27.504,00 €**
TOTAL PRESUPOSTO		**158.475,43 €**

C) Para os efectos do importe do orzamento subvencionado, tomarase en consideración a cantidade de **158.475,43 euros** (IVE incluído) que é o orzamento máis vantaxoso, elixido pola entidade, dos presentados polas empresas contratistas.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **50.483,14 €**, o que representa unha

porcentaxe de **31,85%**. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 31,85%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/231E/781**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Con carácter previo á contratación, a Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmoble á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas **antes do 31 de decembro de 2014.**

2. Unha vez rematadas as obras, a Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, **antes do 31 de xaneiro de 2015**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (DISBISMUR) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o **día 1 de xaneiro de 2013**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 31 de marzo de 2015**, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que a Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do **día 31 de xaneiro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2015**. Con esta data, o

convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS DA BISBARRA DE MUROS (ADISBISMUR)
Diego Calvo Pouso	Ramón Sestayo Lestón

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento."

44.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DE SOLIDARIEDADE -PROXECTO HOME- CO FIN DE FINANCIAR OS GASTOS DE OBRAS E EQUIPAMENTO NO PREDIO DE BOS (GUÍSAMO-BERGONDO):

REFORMAS NO ALMACÉN DE FORRAXE E NAVES DE DESTETE (1 E 2); OBRAS NAS VIVENDAS (3 E 4) E ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación e formalización do convenio ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DE SOLIDARIEDADE-PROXECTO HOME, (CIF G70226311), para financiar OS GASTOS DE OBRAS E EQUIPAMENTO NO PREDIO DE BOS (GUÍSAMO-BERGONDO): REFORMAS NO ALMACÉN DE FORRAXE E NAVES DE DESTETE (A E B); OBRAS NAS VIVENDAS (3 E 4); E ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA cunha achega de 302.962,46 euros con cargo á partida 0611/231G/781 que representa unha porcentaxe total de financiamento do 58,50% sobre un orzamento subvencionable de 517.853,27 euros, así coma os informes que constan no expediente:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 21 de xullo de 2014.
2. Aprobar a formalización e o texto do convenio entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DE SOLIDARIEDADE-PROXECTO HOME, (CIF G70226311), para financiar OS GASTOS DE OBRAS E EQUIPAMENTO NO PREDIO DE BOS (GUÍSAMO-BERGONDO): REFORMAS NO ALMACÉN DE FORRAXE E NAVES DE DESTETE (A E B); OBRAS NAS VIVENDAS (3 E 4); E ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA e cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 302.962,46 euros o representa unha porcentaxe de financiamento do 58,50% con respecto un orzamento de 517.853,27 euros que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0611/231G/781 cuxo texto se transcribe a continuación do presente acordo.

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DE SOLIDARIEDADE-PROXECTO HOME PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DE OBRAS E EQUIPAMENTO NA FINCA DE BOS (GUÍSAMO-BERGONDO): Reformas no almacén de forraxe e naves de destete (A e B); obras nas vivendas (3 e 4); e adquisición de maquinaria

A Coruña,

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. Ramón Gómez Crespo, presidente da Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e da Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home, ambas as dúas parte

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home para o cofinaciamento dos gastos de obras e equipamento na Finca de Bos (Guísamo-Bergondo) (CIF G70226311), que comprende a reconstrución parcial da nave destinada a forraxe e a rehabilitación de dúas naves (A e B) destinadas ao destete de tenreiros; tamén á reforma interior das vivendas sinaladas cos números (3 e 4), así como á adquisición de maquinaria. Todo isto forma parte do proxecto concreto de inserción socio-laboral consistente na posta en marcha dun cebadeiro de tenreiros frisóns que permitirá a creación de postos de traballo para persoas en risco de exclusión social.

2- A Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polos seus redactores arquitectos D. Luís María Vázquez Arcay e Dna. Beatriz Vázquez Arcay (Vázquez Arcay Arquitectos SLP) e susceptible de aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO

1. O orzamento total da execución da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

*** Reformas no almacén de forraxe e naves de destete (A e B):**

Nº CAPÍTULO	DESCRICIÓN	IMPORTE
* Reconstrución parcial da nave destinada a almacén de forraxe:		
01	Demolicións	524,68 €
02	Estrutura	4.465,10 €
03	Cuberta	7.315,41 €
04	Albanelería	4.974,51 €
05	Saneamento	300,00 €
06	Fontanería	297,50 €
07	Electricidade	624,76 €
08	Ferraxería	6.079,96 €
09	Varios	2.510,01 €
10	Xestión de residuos	542,43 €
Total execución material		27.634,36 €
* Reforma na nave de destete de tenreiros (A)		
01	Demolicións	1.201,79 €
02	Cuberta	4.015,06 €
03	Albanelería	2.604,59 €
05	Ferraxería	11.744.61 €
Total execución material		19.566,05 €
* Reforma na nave de destete de tenreiros (B)		
01	Demolicións	2.150,57 €
02	Cuberta	2.620,38 €
03	Albanelería	7.287,09 €
05	Electricidade	547,82 €
06	Ferraxería	25.678,94 €

Total execución material	38.284,80 €
SUMA CAPÍTULOS	**85.485,21 €**
IVE 21%	**17.951,89 €**
TOTAL PRESUPOSTO	**103.437,10 €**

*** Reforma interior das vivendas sinaladas cos números (3 e 4) detállase do seguinte xeito:**

Nº CAPÍTULO	DESCRICIÓN	IMPORTE
01	Demolicións	4.167,66 €
02	Albanelería	46.110,44 €
03	Illamento e teitos	12.562,52 €
04	Solados e alicatados	29.725,26 €
05	Fontaneira, saneam. e ap. sanita.	27.394,60 €
06	Ventilación	13.765,44 €
07	Electricidade e telecomunicacións	28.373,75 €
08	Carpintería exterior	38.286,06 €
09	Carpintería interior	18.836,16 €
01	Pinturas e varios	14.338,76 €
11	Xestión de residuos	2.354,50 €
12	Mobiliario	25.133,60 €
13	Instala. enerxía solar	7.985,95 €
SUMA CAPÍTULOS		**269.034,70 €**
IVE 21%		**56.497,29 €**
TOTAL PRESUPOSTO		**325.531,99 €**

*** Maquinaria:**

Nº CAPÍTULO	DESCRICIÓN	IMPORTE
	Tractor	40.000,00 €
	Minicargadora	9,500,00 €
	Remolque, pulverizador, segadora, rozadora, cisterna	23.958,00 €

SUMA CAPÍTULOS	**73.458,00 €**
IVE 21%	**15.426,18 €**
TOTAL PRESUPOSTO	**88.884,18 €**

B) Para os efectos do importe do orzamento subvencionado, tomarase en consideración a cantidade de **517.853,27 euros** (IVE incluído) que é a suma dos orzamentos máis vantaxosos, elixidos pola entidade, dos presentados polas empresas contratistas.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras e a adquisición do equipamento, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **302.962,46 €**, o que representa unha porcentaxe de **58,50%**. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 58,50%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra. A Deputación provincial tamén financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben ou equipamento e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de transporte, nin os posibles honorarios derivados de informes periciais de valoración ou de carácter notarial ou rexistral.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/231G/781**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Con carácter previo á contratación, a Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

4. A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Nos acordos que se tomen para a adquisición do ben ou equipamento farase constar o importe do financiamento provincial.

4. Adquirido o ben ou equipamento, a Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home deberá colocar un cartel no taboleiro de anuncios do local social ou en calquera outro lugar visible no que figure o anagrama provincial e no que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato formalizado.
- Certificación de obra subscrita polo técnico colexiado competente e relación valorada.
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- Coa última certificación de obra, deberase achegar acta de recepción e, se procede, a acreditación no Rexistro da Propiedade do ben inmoble con especificación do financiamento obtido e da adscrición do ben á finalidade para a que foi concedida a subvención, polo menos por un prazo que non poderá ser inferior a cinco anos.

2. Polo que se refire a adquisición do ben ou equipamento, a achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.
- Factura orixinal ou fotocopia compulsada. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga constar que esta foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home e acreditación, se procede, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de cinco anos.

3. Achegaranse ademais os seguintes documentos:

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

- Acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial e a adquisición do ben ou equipamento, tal como se describe na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas e adquirido o equipamento **antes do 31 de decembro de 2014.**

2. Unha vez rematadas as obras e realizada a adquisición, a Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, **antes do 31 de maio de 2015**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o **día 1 de xaneiro de 2013**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con

anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 31 de xullo de 2015**, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que a Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home non poida ter rematadas as obras, realizada a adquisición do ben, e presentada a xustificación antes do **día 31 de maio de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2015**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Diego Calvo Pouso

O PRESIDENTE DA FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DE SOLIDARIEDADE-PROXECTO HOME

Ramón Gómez Crespo

3 - Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento."

45.- APROBACIÓN DA 2ª E DERRADEIRA FASE DA ANUALIDADE 2014 DO PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases modificadas reguladoras do Plan "DTC 93: Unha deputación para todos os concellos", aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 28 de marzo de 2014 e cuxo texto íntegro se publicou no Boletín Oficial da Provincia nº 62, do 1 de abril de 2014

Despois de ver as solicitudes presentadas polos concellos da provincia

Tendo en conta que o pleno da deputación en sesión realizada o 27 de xuño de 2014 aprobou a primeira fase deste Plan coas actuacións solicitadas por 25 concellos

1.- Aprobar a 2ª e derradeira fase da anualidade 2014 do Plan "DTC 93: Unha deputación para todos os concellos", cuxo resumo de cifras globais dos distintos apartados previstos na base 2 nos que se estrutura é o que se indica a continuación, e cuxa relación de actuacións figura nos anexos a este acordo: anexo I para as obras e subministracións, e anexo II para o financiamento das achegas municipais a outros plans, programas ou convenios:

2ª E DERRADEIRA FASE ANUALIDADE 2014 con 68 concellos PLAN DTC-93 "Unha deputación para todos os concellos"			
APARTADO	**DEPUTACIÓN**	**CONCELLO**	**TOTAL**
A) OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS (anexo I)	**13.853.769,36**	**489.619,55**	**14.343.388,91**
B) ACHEGAS MUNICIPAIS (anexo II)	**240.939,39**	**0,00**	**240.939,39**
TOTAL 2ª E DERRADEIRA FASE PLAN DTC 93	**14.094.708,75**	**489.619,55**	**14.584.328,30**

Aprobar os proxectos técnicos das obras e pregos das subministracións incluídas nesta fase do plan.

A aprobación definitiva desta fase queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 4/2014 no que se vai consignar crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta fase do plan.

2.- Aprobar o Plan complementario que se detalla no anexo III no que se inclúen as actuacións solicitadas polos concellos para o caso de que se produzan remanentes por baixas na adxudicación dos contratos, ou por anulacións das actuacións, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os devanditos remanentes.

3.- A contratación das obras e subministracións incluídas no apartado A) realizarana os respectivos concellos de acordo co previsto na base 7.

4.- A execución do plan e pago da achega provincial realizarase de acordo co previsto na base 8.

5.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentara ningunha alegación.

6.- Remitir o expediente para o coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións una vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe.

ANEXO I: obras e subministracións

Concello	Denominación	Deputación	Concello	Total	Programa orzamentario
ABEGONDO	REPARACIÓN CMÑO.CHAN (VILACOBA) E OS CURRÁS	53.416,87	0,00	53.416,87	453
	REPARACIÓN CMÑO. PRRQ. ABEGONDO E CABANAS	34.750,45	0,00	34.750,45	453
	REPARACIÓN CMÑO. PARROQ DE MABEGONDO E VIÓS	76.890,66	0,00	76.890,66	453
	TOTAL	**165.057,98**	**0,00**	**165.057,98**	
ARANGA	MELL.PAV. CAMBÁS, ARANGA, MUNIFERRAL E OU.	56.834,67	0,00	56.834,67	155
	MELL.ACD. ILUMINACIÓN PÚB. DE ARANGA	33.500,01	0,00	33.500,01	165
	MELL.PAV. CAMBÁS, ARANGA, MUNIF. E OU.	57.574,50	0,00	57.574,50	155
	TOTAL	**147.909,18**	**0,00**	**147.909,18**	
ARES	REPARACIÓN CAMIÑO DE PEDRÓS	31.764,19	0,00	31.764,19	155
	REP. E PAV. CMÑO.DO RASO A EP-0401 E OU.	35.061,34	0,00	35.061,34	155
	REP. E PAV. CMÑO.DE MAZAÍDO Á RÚA NOVA	39.020,31	0,00	39.020,31	155
	TOTAL	**105.845,84**	**0,00**	**105.845,84**	

ARTEIXO	RENOV. REDE ABAST. URBANIZACIÓN SOL Y MAR	240.545,53	0,00	240.545,53	161
	SUBST. TUBAXES TRV. ARTEIXO (PENOUQUEIRA) E OU.	93.208,91	0,00	93.208,91	161
	TOTAL	**333.754,44**	**0,00**	**333.754,44**	

ARZÚA	REPA.PAV. RÚAS FONTE FRAGA E SAN SALVADOR	48.805,54	0,00	48.805,54	155
	REP.CM.S.MIGUEL-MAROXO-PASTORIZA E OUTRO	39.206,67	3.409,28	42.615,95	155
	REP.CM. A RIBA ABRUÑEDO (VILLADAVIL)	36.543,06	0,00	36.543,06	155
	REPA. PAV. ESTRADA VELLA BOENTE-CASTAÑEDA	28.182,15	2.073,26	30.255,41	155
	REPA. CM. OUTEIRO BOSENDE (STA. MARÍA)	31.924,98	2.219,38	34.144,36	155
	REP. REDE. AB. AUGA EN OUTEIRO E OUTRO	31.622,95	0,00	31.622,95	161
	REPA. RÚA PADRE PARDO(ARZÚA) E OUTRAS	30.815,30	0,00	30.815,30	155
	TOTAL	**247.100,65**	**7.701,92**	**254.802,57**	

A BAÑA	PAV. V.P. EN ORDOESTE, CORNEIRA A RIBA	48.101,37	0,00	48.101,37	453
	PAV. V.P. S. MAMEDE, LAÑAS E OUTROS	53.501,70	0,00	53.501,70	453
	PAV. V.P. EN SUEVOS, MARCELLE E O BARRO	52.433,75	0,00	52.433,75	453
	TOTAL	**154.036,82**	**0,00**	**154.036,82**	

BERGONDO	REP. MELL. CM. EN GUÍSAMO, BERGONDO, MORUXO E OUT.	150.184,07	21.287,58	171.471,65	454
	TOTAL	**150.184,07**	**21.287,58**	**171.471,65**	

BETANZOS	MELL. E ACD. ALEXANDRE BÓVEDA, S. ANTONIO E OUTRAS	145.616,09	0,00	145.616,09	155
	TOTAL	**145.616,09**	**0,00**	**145.616,09**	

BOIMORTO	MELL. CAM. EN ANDAVAO, ARCEO E BUAZO	62.154,31	0,00	62.154,31	155
	MEL. CAM. BRATES CARDEIRO, SENDELLE,E OUTROS	74.486,04	0,00	74.486,04	155
	TOTAL	**136.640,35**	**0,00**	**136.640,35**	

BOQUEIXÓN	REP.CM. CRUZ. GASTRAR-CRUZ. VIGO E OUTROS	52.197,59	0,00	52.197,59	453
	REP.CM.SUBIDA A QUIÁN (SERGUDE) E OUTROS	51.157,26	0,00	51.157,26	453
	REP.CM. IGREXA-CRUZ. DO CASTRELO(LESTEDO) E OUTROS	36.805,70	0,00	36.805,70	453
	TOTAL	**140.160,55**	**0,00**	**140.160,55**	

CABANA DE BERGANTIÑOS.	RESTAURACIÓN ETAP DO REGUENGO	40.913,11	2.213,92	43.127,03	161
	REP. ESTRADA A PRAZA DE CANDUAS E OUTRAS	50.048,27	0,00	50.048,27	453

	REP.ESTR. LUGAR GRANDE CORCOESTO E BELLO-BANEIRA	64.736,32	0,00	64.736,32	453
	TOTAL	**155.697,70**	**2.213,92**	**157.911,62**	
CABANAS	MELL.SERV.PAV. CM. XICOS, TRV. SALGUEIRAL E OU.	56.855,09	0,00	56.855,09	454
	MELL.SERV.PAV. CM. DO ROLO E CAM.SALGUEIRAL	57.394,39	0,00	57.394,39	454
	TOTAL	**114.249,48**	**0,00**	**114.249,48**	
CAMARIÑAS	RENOV. SAN., PLUV. E PAV. MUÍÑO DO VENTO	126.935,31	60.000,00	186.935,31	155
	TOTAL	**126.935,31**	**60.000,00**	**186.935,31**	
CAMBRE	MELL. FIRME PRRQ. S. LOURENZO. ANCEIS E OUT.	219.148,30	0,00	219.148,30	155
	TOTAL	**219.148,30**	**0,00**	**219.148,30**	
CARBALLO	MELL. CAPA DE RODADURA NÉTOMA (RAZO)	89.196,84	0,00	89.196,84	453
	REURBANIZACIÓN R/ COLON	241.500,00	0,00	241.500,00	155
	REP. ESTR. VILLAR DE FRANCOS AO PADREIRO	36.036,57	0,00	36.036,57	453
	TOTAL	**366.733,41**	**0,00**	**366.733,41**	
CEDEIRA	ACOND. E MELL. CAM. A CARBALLA	52.486,47	1.141,93	53.628,40	453
	PAV.CAM. PENADAGUÍA, CIMADEVILA E VILARNOVO	42.151,48	6.568,87	48.720,35	453
	REFORZO FIRME RÚAS REGUEIRO E SALINAS	29.621,07	694,14	30.315,21	155
	ACOND. RÚA DEPORTES	39.240,96	1.927,70	41.168,66	155
	TOTAL	**163.499,98**	**10.332,64**	**173.832,62**	
CEE	ADECUACIÓN DA PRAZA DA CONSTITUCIÓN E CONTORNO	145.825,06	0,00	145.825,06	155
	TOTAL	**145.825,06**	**0,00**	**145.825,06**	
CORISTANCO	ACOND PQ. PÚBLICO EN SANTA BAIA DE CASTRO	72.698,79	0,00	72.698,79	171
	MELL. CAMÑOS. PRRQS. CEREO, SEAVIA,COUSO E OU.	62.464,79	0,00	62.464,79	454
	MELL. CAMÑOS. PRRQS. XAVIÑA, OCA E OU.	69.119,19	0,00	69.119,19	454
	TOTAL	**204.282,77**	**0,00**	**204.282,77**	
CORUÑA	REPAR.MODIF. INST. ELÉCTRICA BAIXA TENSIÓN (Z.NORTE)	490.645,01	0,00	490.645,01	165
	REPAR.MODIF. INST. ELÉCTRICA BAIXA TENSIÓN (Z SUR)	514.931,65	0,00	514.931,65	165
	MELL. ÁREA INFANTIL PRZ. DE PONTEVEDRA	166.057,42	17.877,58	183.935,00	171
	REP. SETE ILLAS DE CONTEDORES	48.119,64	0,00	48.119,64	162

	SEMISOTERRADOS				
	RECOLL.,CANALIZ.E DRENAXE PLUVIAIS OS ROSALES	57.402,92	0,00	57.402,92	172
	TOTAL	**1.277.156,64**	**17.877,58**	**1.295.034,22**	

CULLEREDO	PAV.VINXEIRA A SUEIRO, AS GRANXAS E OS CONDES	62.444,02	12.177,09	74.621,11	453
	PAV. R/ CONDE DE LEMOS, R/ JOAQUÍN SOROLLA E OU.	59.799,96	11.661,48	71.461,44	453
	PAVIMENTACIÓN NÚCLEO AS CELAS	51.096,22	9.964,18	61.060,40	453
	REP.PAV. PARQ.INFANT. COSTA DA LONXA E OU.	58.207,13	11.350,87	69.558,00	171
	PAV.R/RIAZOR E ORRO, REDE FECAIS PEIRO	38.826,87	7.571,55	46.398,42	453
	TOTAL	**270.374,20**	**52.725,17**	**323.099,37**	

DODRO	REPARACIÓN CAM. INTERIOR VIGO E OUTROS	51.034,33	0,00	51.034,33	155
	REP. TELLADO DA CASA DO CONCELLO	33.442,22	0,00	33.442,22	933
	TOTAL	**84.476,55**	**0,00**	**84.476,55**	

FENE	AF. R/FONTE DE CAMPO A CAMIÑO DO SARTEGO	58.463,93	0,00	58.463,93	155
	REP.PA. E SANEAM. INTERIOR ORRA (SILLOBRE)	107.106,25	0,00	107.106,25	155
	TOTAL	**165.570,18**	**0,00**	**165.570,18**	

FERROL	PAVIMENT. VIAL EN PAPOI-MARMARCÓN	32.522,96	0,00	32.522,96	155
	PAV.VIAL, CM. EN MONTECORUTO R/RICARDO PENA	42.716,45	0,00	42.716,45	155
	PAV. CORTIÑAS LODEIRO-PEIRÓN E MIGUES-CASTIDO	57.787,57	0,00	57.787,57	155
	PAV. PISTA EN ALDEA-CARIÑO E VILAR-DONIÑOS	58.757,04	0,00	58.757,04	155
	PAV. OS GORPES E REP. PARQUE INFANTIL EN COBAS	52.592,98	0,00	52.592,98	155
	PAV. TRALOUTEIRO E CM. OS CASÁS EN S.XURXO	54.372,55	0,00	54.372,55	155
	PAV. E SUBSTITUC.PLUVIAIS BARRIO MANDIÁ	58.515,92	0,00	58.515,92	155
	PAV. VIAL EN PAZOS E PAV. ESTRADA MOUGÁ	128.729,12	0,00	128.729,12	155
	TOTAL	**485.994,59**	**0,00**	**485.994,59**	

FISTERRA	REF. VÍAS MPAIS. R/ATALAIA E CAM. DA POTIÑA	38.324,63	0,00	38.324,63	155
	REP. VÍAS VILAR-CASTRO-ERMEDESUXO-SARDI.	54.396,47	0,00	54.396,47	155
	TOTAL	**92.721,10**	**0,00**	**92.721,10**	

LARACHA	REP.PAV. CMÑOS. PRRQS.DE CABOVILAÑO E GOLMAR	69.045,90	1.705,10	70.751,00	453
	REP.PAV. CMÑOS. PRRQS.DE MONTEMAIOR E TORÁS	70.804,63	1.753,30	72.557,93	453
	REP.PAV. CMÑOS. PRRQS.DE SOANDRES E GOLMAR	74.929,41	1.850,39	76.779,80	453
	TOTAL	**214.779,94**	**5.308,79**	**220.088,73**	
MALPICA DE BERGANTIÑOS	MELL.INFRA.COLEXIO MILLADOIRO,CENTRO CÍVICO E OU	102.626,49	7.076,54	109.703,03	155
	MELL.INFRA.PONTELLA E VIAL A TREMOA A MONTE NEME	36.336,25	0,00	36.336,25	155
	TOTAL	**138.962,74**	**7.076,54**	**146.039,28**	
MELIDE	ACONDIC. VÍAS NO BARREIRO E OUTROS	152.756,03	7.201,44	159.957,47	453
	ACOND. E MELL. EFICIENCIA ENERXÉTICA RÚAS MELIDE	39.843,53	0,00	39.843,53	165
	REP. BEIRARRÚAS R/CODESEIRA E OUTRAS	30.066,26	0,00	30.066,26	155
	TOTAL	**222.665,82**	**7.201,44**	**229.867,26**	
MIÑO	REPARACIÓN CMÑOS. E LAVADOIRO PÚBLICO	143.159,78	6.282,96	149.442,74	454
	TOTAL	**143.159,78**	**6.282,96**	**149.442,74**	
MOECHE	REP. CMÑ. FINLLE-FONTEPÉCORA (ABADE) E OUT.	93.485,93	0,00	93.485,93	155
	TOTAL	**93.485,93**	**0,00**	**93.485,93**	
MONFERO	REPAR.CMÑOS ALTO XESTOSO, STA, JULIANA E OU.	206.264,03	0,00	206.264,03	453
	TOTAL	**206.264,03**	**0,00**	**206.264,03**	
MUGARDOS	PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS COTELLÓN, REAL, E SAN TELMO	144.938,28	11.299,95	156.238,23	155
	TOTAL	**144.938,28**	**11.299,95**	**156.238,23**	
MUXÍA	ACOND. CMÑO. SENDÓN-AO (ACCESO A IGREXA)	33.746,79	0,00	33.746,79	454
	REHABILITACIÓN ACCESO IGREXA PRRQ. DE MUXÍA	143.822,73	9.582,70	153.405,43	155
	TOTAL	**177.569,52**	**9.582,70**	**187.152,22**	
MUROS	SUBM. PUNTOS RECOLLIDA R.S.U. AVDA. CASTELAO	153.587,33	74,01	153.661,34	162
	TOTAL	**153.587,33**	**74,01**	**153.661,34**	
NARÓN	ACONDIC. BEIRAVÍA CMÑO. DE CORNIDO	46.685,50	0,00	46.685,50	155
	REP. BEIRARRÚAS R/PÉREZ LUGÍN E	62.806,49	0,00	62.806,49	155

	OUTRAS				
	PAV. RÚAS VILALBA, VILAVELLA E AS PONTES	35.638,43	0,00	35.638,43	155
	PAV. R/IGREXA, CMÑO.DA PRAIA, GÁNDARA E OU.	69.011,19	0,00	69.011,19	155
	PAV. STA RITA, TELLEIRAS, PROFECO E OUT.	64.452,32	0,00	64.452,32	155
	REPOSICIÓN DE CALZADA NA R/25 DE XULLO	43.211,53	0,00	43.211,53	155
	TOTAL	**321.805,46**	**0,00**	**321.805,46**	
NEDA	REP. E MANTEMENTO CMÑO.DA ROSEIRA E OUT.	101.020,50	0,00	101.020,50	155
	TOTAL	**101.020,50**	**0,00**	**101.020,50**	
NEGREIRA	MANT. PASEO PEONIL RIOS ALBARIÑA E BARCALA	30.000,00	0,00	30.000,00	155
	MANT. PISTA VILACOBA A CRUZMTO. A FARRAPA E OU.	30.000,00	0,00	30.000,00	453
	MANT, NAS PISTAS DE LOGROSA E BARBAZÁN	58.872,62	0,00	58.872,62	453
	MANT.PAV.IL. NELSON MANDELA, R.DE CASTRO, E OU.	81.127,38	0,00	81.127,38	453
	TOTAL	**200.000,00**	**0,00**	**200.000,00**	
NOIA	ADECUACIÓN FONTE DO CADARSO E CONTORNA	35.562,20	0,00	35.562,20	161
	MELLORAS PARQUE INFANTIL DE LABARTA	40.440,00	0,00	40.440,00	171
	REFORMA DA RÚA XAN DE ESTIVADAS	89.520,05	10.440,00	99.960,05	336
	TOTAL	**165.522,25**	**10.440,00**	**175.962,25**	
OLEIROS	MANTEMENTO E REPARACIÓN R/EUME E OUTRAS	55.236,23	22.643,73	77.879,96	155
	RENOV. CENTROS MANDO ILUMINACIÓN PÚBLICA	85.551,17	35.071,14	120.622,31	165
	RENOV. PUNTOS LUZ MUNIC. CON TECNOLOXÍA LED	134.967,18	55.328,92	190.296,10	165
	TOTAL	**275.754,58**	**113.043,79**	**388.798,37**	
ORDES	ILUM. PÚB. R/MESTRE NICOLÁS DO RÍO E OUT.	50.234,59	0,00	50.234,59	165
	REPARACIÓN RÚAS: DA IGREXA, XARDÍN, E OUTR.	60.299,65	0,00	60.299,65	155
	REP. R/DO PARQUE, TRAVESÍA DO REGUEIRO E OU.	136.397,93	0,00	136.397,93	155
	TOTAL	**246.932,17**	**0,00**	**246.932,17**	
OROSO	ADECENT. CALZADA DA RÚA OTERO PEDRAYO	19.508,35	10.491,65	30.000,00	155
	REFORZO ESTRUTURAL CASA DO CONCELLO	38.166,72	0,00	38.166,72	933
	REP. BEIR.ILUM. PÚB. E PLUV. R/PORTIÑO E OU.	108.374,00	0,00	108.374,00	155
	TOTAL	**166.049,07**	**10.491,65**	**176.540,72**	

ORTIGUEIRA	MELL. PAV. E SINALIZ. V.P. STA MARTA E OUTROS	106.445,73	0,00	106.445,73	155
	REP. EDIF.SERVIZOS MUNIC. DO CONCELLO	83.265,35	0,00	83.265,35	933
	REXENERACIÓN PISTAS EN SAN CLAUDIO E OUTRAS	87.592,46	0,00	87.592,46	454
	TOTAL	**277.303,54**	**0,00**	**277.303,54**	

OUTES	REPARACIÓN CMÑ. SEILÁN-RIBA DE MAR (TARÁS) E OU.	36.839,88	0,00	36.839,88	454
	REPARACIÓN CMÑ. XERAL Á ESCOLA DE CANDO E OU.	54.777,70	0,00	54.777,70	454
	REPARACIÓN INTERIORES EN FERRERÍA (O FREIXO)	70.385,51	0,00	70.385,51	454
	TOTAL	**162.003,09**	**0,00**	**162.003,09**	

OZA-CESURAS	AGLOMERADO PARROQUIA DE SANTAIA	32.105,85	0,00	32.105,85	454
	MELL.CMÑOS.BRAGADE, BORRIFÁNS E OU.	40.000,00	0,00	40.000,00	454
	REPARACIÓN E MANT. GABIAS NO LG. DE RILO	90.538,10	0,00	90.538,10	454
	REP.CMÑOS. EN MONDOI, PORZOMILLOS E CUIÑA	51.313,22	0,00	51.313,22	454
	REP. E MANT. ESPAZOS PÚB. PRZ.CONCELLO E LOIS	30.479,22	0,00	30.479,22	155
	REP. E MANT. APARCADOIRO PRAZA TAXIS E OUT.	31.505,69	0,00	31.505,69	155
	TOTAL	**275.942,08**	**0,00**	**275.942,08**	

PADERNE	PAV, NAS PRRQ. ADRAGONTE, VILAMOUREL, E OU	94.444,88	0,00	94.444,88	453
	TOTAL	**94.444,88**	**0,00**	**94.444,88**	

PADRÓN	REP. CUNETA EN CRUCES, A ESCRAVITUDE PADRÓN	31.000,01	0,00	31.000,01	454
	REP. PAV. NOIRMOUTIER, MOLLET VALLÉS E OUT.	73.984,49	0,00	73.984,49	155
	REP. SAN. GASOL. -MUÍÑOS (ESCRAVITUDE) E OU.	38.246,73	0,00	38.246,73	161
	TOTAL	**143.231,23**	**0,00**	**143.231,23**	

PINO (O)	REP. CUNETA NO PAZO (CASTROFEITO) E OUTRO	48.139,49	0,00	48.139,49	453
	REPARACIÓN E ADECUACIÓN VIAL NA RÚA CASILLA	82.234,77	0,00	82.234,77	453
	REP. ESTR. PAZOS (ARCA)-CRUZMTO. VILABUÍL E OUT.	59.757,35	0,00	59.757,35	453
	TOTAL	**190.131,61**	**0,00**	**190.131,61**	

POBRA DO CARAMIÑAL, A	REMODELACIÓN E ACONDIC. TRAV. VENECIA	127.136,22	92.592,52	219.728,74	155
	TOTAL	**127.136,22**	**92.592,52**	**219.728,74**	

PONTECESO	MELL. R/AGRA DE RODRÍGUEZ (CORME-PORTO)	42.282,99	0,00	42.282,99	453
	MELL. FIRME VIRXE DOS REMEDIOS (CORME-PORTO)	78.402,86	0,00	78.402,86	453
	REURBANIZACIÓN R/ EDUARDO BLANCO AMOR	47.235,63	0,00	47.235,63	155
	TOTAL	**167.921,48**	**0,00**	**167.921,48**	
PONTEDEUME	PAV. ANTIGO CAMPO FÚTBOL PARA APARCADOIRO	85.142,74	0,00	85.142,74	133
	PAV. RÚA DO PORTO-ESTRADA DA DEPUTACIÓN	45.133,91	0,00	45.133,91	161
	TOTAL	**130.276,65**	**0,00**	**130.276,65**	
PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (AS)	REP. ESTR. CASANOVA, R/SOMOZAS E MOECHE	128.165,47	0,00	128.165,47	453
	REP.PAV. O PETOUTO-A VILERMA, CANEIRO E OU.	219.198,92	0,00	219.198,92	453
	RAMPAS DE ACCESO BEIRARRÚAS EN SAA E OU.	55.434,52	0,01	55.434,53	155
	TOTAL	**402.798,91**	**0,01**	**402.798,92**	
RIANXO	MELLORAS PAV. PISTA RADIO RIANXO E 24 MÁIS	154.815,17	0,00	154.815,17	454
	TOTAL	**154.815,17**	**0,00**	**154.815,17**	
RIBEIRA	PAV. RÚAS GALICIA, STA. UXÍA E PRAZA COMPOSTELA	148.183,80	0,00	148.183,80	453
	SISTEMA DE CONTROL DE ACC. R/GALICIA E R/STA UXÍA	99.313,76	0,00	99.313,76	133
	TOTAL	**247.497,56**	**0,00**	**247.497,56**	
ROIS	ACOND. PISTAS PRRQ.DE SEIRA, SORRIBAS, ROIS E OU.	78.903,19	0,00	78.903,19	453
	ACOND. PISTAS PRRQ. DE OÍN E SORRIBAS	73.252,55	0,00	73.252,55	453
	TOTAL	**152.155,74**	**0,00**	**152.155,74**	
SADA	REPARACIÓN CMÑO. DE TAIBÓ-CARNOEDO E OUT.	168.121,82	0,00	168.121,82	454
	TOTAL	**168.121,82**	**0,00**	**168.121,82**	
SANTIAGO DE C.	REF. FIRME VÍA PÚB. A AVIEIRIA (CESAR)	54.844,93	0,00	54.844,93	155
	REPAVIMENT. AVDA. DE VILAGARCÍA	496.733,51	0,00	496.733,51	155
	URBANIZACIÓN DO CAMIÑO DA RAXEIRA	199.523,71	0,00	199.523,71	155
	TOTAL	**751.102,15**	**0,00**	**751.102,15**	
SANTISO	REP. CMÑO. EN OUTEIRO (NOVELA) E OUT.	44.215,82	0,00	44.215,82	155

	REP. CMÑO.DA CRUZ-AMBOAXE (RIBADULLA) E OUT.	52.738,61	0,00	52.738,61	155
	REP. CMÑO. NA LIÑEIRA (VISANTOÑA) E OUTROS	37.726,31	0,00	37.726,31	155
	TOTAL	**134.680,74**	**0,00**	**134.680,74**	
SOMOZAS, AS	REPARACIÓN CAPA RODADURA PISTA ABELEDO	86.205,37	0,00	86.205,37	453
	REP. SENDA PEONIL SEIXAS E CM. GRADOI-PONTENOVA	87.753,69	0,00	87.753,69	453
	TOTAL	**173.959,06**	**0,00**	**173.959,06**	
TEO	PAVIMENT. ABAST. E PLUV. EN FORNELOS (RARIS)	58.847,51	20.552,49	79.400,00	155
	TOTAL	**58.847,51**	**20.552,49**	**79.400,00**	
TORDOIA	REP. BEIRARRÚAS C. MUÍÑO A XIMNASIO E OU.	52.084,37	0,00	52.084,37	454
	REP. CMÑO. AMBROA A FOLGUEIRA (ANDOIO) E OU.	59.447,45	0,00	59.447,45	454
	REP.CAMIÑO SANTAIA - ARCAI DE ABAIXO E OUTROS	53.659,60	0,00	53.659,60	454
	TOTAL	**165.191,42**	**0,00**	**165.191,42**	
TOURO	REP. CMÑO. TOXA-LOUREIROS (LÍMITE O PINO) E OUT.	54.239,44	0,00	54.239,44	453
	REPARACIÓN SENDA PEONIL NA XESTEIRA E OUT.	52.792,41	0,00	52.792,41	453
	REPARACIÓN SUBIDA COTO DE LOXO E OUTROS	63.981,10	0,00	63.981,10	453
	TOTAL	**171.012,95**	**0,00**	**171.012,95**	
TRAZO	ACOND. CMÑOS. NA GARGA, COMBEL E SAN MARTIÑO	100.747,34	0,00	100.747,34	155
	ACOND. CMÑOS. EN OA, CASTELO E QUINTÁNS	48.142,05	0,00	48.142,05	155
	TOTAL	**148.889,39**	**0,00**	**148.889,39**	
VALDOVIÑO	REPARACIÓN ESTRADA DO MEDIO (MEIRAS) E OUT.	157.158,10	16.086,95	173.245,05	155
	TOTAL	**157.158,10**	**16.086,95**	**173.245,05**	
VAL DO DUBRA	BEIRARRÚAS BEMBIBRE, RIAL, PORTOMOURO E OUTROS	60.963,32	0,00	60.963,32	453
	REPARACIÓN CAMIÑO ERVIÑOU-ABELENDA E OUTROS	58.614,02	0,00	58.614,02	453
	REPARACIÓN CAMIÑO PENA BLANCA E OUTROS	45.110,71	0,00	45.110,71	453
	TOTAL	**164.688,05**	**0,00**	**164.688,05**	
VEDRA	ARRANXO CMÑOS. ROMARÍS, QUINTÁNS-O MATELO E OU.	47.762,01	7.413,52	55.175,53	453
	REPAR. FOCHAS EN SAN MAMEDE, SAN MIGUEL E OUTROS.	64.762,38	0,00	64.762,38	453
	TOTAL	**112.524,39**	**7.413,52**	**119.937,91**	

VILASANTAR	ADAPT. COLECTOR DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS	59.992,96	0,00	59.992,96	162
	ARRANXO DE FIRME V.P. CRUZMTO. DE SESMONDE	41.845,80	0,00	41.845,80	155
	TOTAL	**101.838,76**	**0,00**	**101.838,76**	

VILARMAIOR	PAV.BREANCA-RIEIRO F-2 E CONFLUENTE A DOROÑEIRA	81.499,21	33,42	81.532,63	155
	TOTAL	**81.499,21**	**33,42**	**81.532,63**	

VIMIANZO	REP. BEIRARRÚAS E REPAVIMENTACIÓN NA RÚA TEDÍN	146.834,49	0,00	146.834,49	155
	REP. VÍAS PRRQ. DE BERDOIAS, CEREIXO E CARNÉS	35.786,27	0,00	35.786,27	453
	REP. VÍAS PRRQ. DE TINES, TREOS E SERRAMO	39.726,45	0,00	39.726,45	453
	REP. VÍAS PRRQ. DE BAÍÑAS E SERRAMO	33.000,00	0,00	33.000,00	453
	TOTAL	**255.347,21**	**0,00**	**255.347,21**	

CARIÑO	REP. MANT. CMÑO. CHAELO-PIÑEIRO E OUTR.	111.781,80	0,00	111.781,80	155
	TOTAL	**111.781,80**	**0,00**	**111.781,80**	

TOTAL 2ª FASE	**13.853.769,36**	**489.619,55**	**14.343.388,91**
TOTAL CONCELLOS	**68**		
TOTAL OBRAS	**172**		

Anexo II : Achegas a outros plans e programas

Concello	Denominación	Deputación	Total	Programa presupostario
OZA-CESURAS	ILUMINACIÓN PÚBLICA EN PORZOMILLOS	8.838,77	8.838,77	165
	ACONDICIONAMENTO CAMIÑOS EN OZA-CESURAS	22.578,60	22.578,60	454
	MELLORA CAMIÑOS RURAIS NO CONCELLO	29.220,10	29.220,10	454
	AGLOMERADO ASFÁLTICO EN TRASANQUELOS	5.183,65	5.183,65	454
	TOTAL	**65.821,12**	**65.821,12**	
TEO	AMPLIACIÓN ETAP EN TEO	152.154,93	152.154,93	161
	TOTAL	**152.154,93**	**152.154,93**	
VEDRA	ACHEGA A OUTROS PLANS (POS 2014)	12.484,34	12.484,34	453
	ACOND. CMÑOS. ENTEXO, A FERREIRA E OU. (FEADER)	10.479,00	10.479,00	453
	TOTAL	**22.963,34**	**22.963,34**	
	TOTAL ACHEGAS 2ª FASE	**240.939,39**	**240.939,39**	

Anexo III: Plan complementario

Solicitante	Denominación	Deputación
ABEGONDO	REP. CMÑO. ENTRE BORREIROS E O PENEDO (MABEGONDO)	34.295,71
ARANGA	PAV. ESTR. REBORICA A CAMBÁS (RECT.O GALLARDO)	33.500,01
ARTEIXO	REFORMA FACHADA CONCELLERÍA DO CONCELLO	60.000,00
BERGONDO	REP. E MELLORA DE CMÑOS. PRRQ. VIXOI E BABÍO	45.070,86
BETANZOS	ACOND REDE SANEAM RÚA PRATEIROS	64.629,73
CAMBRE	RENOV. FIRME CMÑOS BALADO AO DROZO E OU.	78.766,17
CARBALLO	ENSANCH. ESTR. O TARAMBOLLO-CALVELO DE ARRIBA	31.948,19
CEDEIRA	REPARACIÓN V.P. VILA DO RÍO E SAÍÑAS	31.434,93
CEE	TRÁFICO E APARCADOIRO PRAZA CONSTITUCIÓN	31.885,71
CORUÑA	MELLORA ÁREA DE XOGOS DOS ROSALES	36.877,68
	ACOND. E MELLORA URB. PRAZA ISAAC DÍAZ PARDO	371.529,18
	ESTAB. TALUDE PASEO MARÍTIMO (ASCENSOR S. PEDRO)	87.484,88
CULLEREDO	REMOD. REDE PLUV. AVDA. DE ALMEIRAS, E OUT.	89.499,37
MALPICA DE BERGANTIÑOS	PAVIMENTACIÓN RÚA CANIDO	64.887,24
MONFERO	ACHEGA A AGLOMERADO CMÑO.ESTRADA VILARBOI (SAN FIZ)	3.190,33
MUGARDOS	PAV.CMÑO. DO VILAR, A REGUEIRA, A PINABETA E A REGA	34.960,40
OLEIROS	MELLORAS DA XESTIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA	31.063,50
ORTIGUEIRA	REXENERACIÓN DE PISTAS EN DEVESOS	32.705,21
PADRÓN	REP.CMÑO. SOBRERRIBAS-CRUXEIRAS DE ABAIXO	50.841,53
PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, AS	REPARACIÓN DE VÍAS MUNICIPAIS LAMAS, PAIPAZ E OU	92.979,62
RIBEIRA	REHABILITACIÓN DAS RÚAS VIONTA E INSUA (RIBEIRA)	49.932,54
SANTIAGO DE COMPOSTELA	SEGURIDADE VIARIA RÚA DA CAÑOTEIRA	192.534,69
SANTISO	REPARACIÓN CAMIÑO PADRÓN-SAN BENITO E OUTROS	33.569,37
VIMIANZO	MELL CONTORNA CEMITERIO DE CARNÉS E AS CABAZAS	32.397,75

TOTAL PLAN COMPLEMENTARIO	**1.615.984,60**
TOTAL CONCELLOS	**22**
TOTAL OBRAS	**24**

46.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "POSTA EN FUNCIONAMENTO DA CASA DA CULTURA DE CEE. 2ª FASE".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun Convenio de colaboración co Concello de Cee para financiar as obras conforme o proxecto técnico cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Cee
DENOMINACIÓN DA OBRA	Posta en funcionamento da Casa da Cultura de Cee-2ª fase
PRESUPOSTO DO PROXECTO	73.901,51 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	73.901,51 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/169A/76201

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “POSTA EN FUNCIONAMENTO DA CASA DA CULTURA DE CEE – 2ª FASE”

Na Coruña o

REUNIDOS

Dunha parte, o Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, a Alcaldesa Presidenta do Concello de Cee, Zaira Rodríguez Pérez

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cee ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cee con CIF P1502300E, para o financiamento das obras de "POSTA **EN FUNCIONAMENTO DA CASA DA CULTURA DE CEE – 2ª FASE",** tal como aparecen definidas estas no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto JOSÉ CARLOS LEIS CARUNCHO
2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.
3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	51.324,06
Gastos xerais (13%)	6.672,13
Beneficio industrial (6%)	3.079,44
IVE (21%)	12.825,88
Orzamento de contrata	73.901,51

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 73.901,51 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000%. A ENTIDADE BENEFICIARIA emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a entidade non dispón doutras fontes de financiamento.
2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.
3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/169A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a

Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN
1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL
1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.
1.- Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director , polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.
1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.
2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibiu xustificación ningunha, a unidade xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.
A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá a ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da

subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.
3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e despois dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.
1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria con data do
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Diego Calvo Pouso

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE CEE

Zaira Rodríguez Pérez”

47.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE “URBANIZACIÓN DA PARCELA DO C.E.I.P. EN RUTIS-CULLEREDO”.

Sr. Secretario

Aquí hai que entender que a aprobación inclúe a corrección dun erro material xa que na subscrición do convenio figura o alcalde das Pontes en lugar do alcalde de Culleredo.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun Convenio de colaboración co Concello de Culleredo para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Culleredo
DENOMINACIÓN DA OBRA	Urbanización da parcela do C.E.I.P. en Rutis-Culleredo
PRESUPOSTO DO PROXECTO	190.935,08 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	105.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	85.935,08 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	54,99252%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/151B/76201

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE "URBANIZACIÓN DA PARCELA DO C.E.I.P. EN RUTIS-CULLEREDO"

Na Coruña o

REUNIDOS

Dunha parte, o Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o Alcalde Presidente do Concello de Culleredo, Julio Sacristán de Diego

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Culleredo ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Culleredo con CIF P1503100H para o financiamento da obra de "URBANIZACIÓN **DA PARCELA DO C.E.I.P. EN RUTIS-CULLEREDO"**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico redactado polo

xefe de Sección de Obras Públicas e Servizos do Concello de Culleredo, RICARDO CID REY

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	132.603,02
Gastos xerais (13%)	17.238,39
Beneficio industrial (6%)	7.956,18
IVE (21%)	33.137,49
Orzamento de contrata	190.935,08

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 105.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 54,99252%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade..

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 54,99252%, da cantidade efectivamente xustificada.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e despois dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria

E en proba de conformidade, asinan por sextuplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VALDOVIÑO

Diego Calvo Pouso

José Antonio Vigo Lago"

55.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE OBRA "REMODELACIÓN DA RÚA ENLACE PARQUE (PADRÓN) E OUTRO" DO CONCELLO DE PADRÓN, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 28 de marzo de 2014, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 e o seu Plan complementario

Tendo en conta que no apartado 2 do citado acordo do 28 de marzo de 2014 indícase que a aprobación definitiva das obras dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada obra, entre as que figura a obra do Concello de Padrón que se indica na seguinte táboa:

Concello Código da obra	***Denominación***	***Deputación F. propios***	***Concello***	***Orzamento Total***	***Condición para realizar***
Padrón 14.2100.0140.0	*Remodelación Rúa Enlace Parque (Padrón) e outro*	*69.933,72*	*0,00*	*69.933,72*	*Acreditación da dispoñibilidade dos terreos*

Logo de presentar telematicamente o concello de Padrón un proxecto modificado desta obra, así como os correspondentes informes técnicos e xurídicos que acreditan a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do proxecto modificado desta obra

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2014, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 25 de outubro de 2013 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 206, do 29 de outubro de 2013

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1º Aprobar a modificación do proxecto da obra "Remodelación da Rúa Enlace Parque (Padrón) e outro" do concello de Padrón, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0140.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado previsto no proxecto inicial

			FINANCIAMENTO		
Concello Código da obra	**Concello**	**Denominación**	**Deputación F. propios**	**Concello**	**Orzamento Total**
14.2100.0140.0	*Padrón*	*Remodelación Rúa Enlace Parque (Padrón) e outro*	*69.933,72*	*0,00*	*69.933,72*

2.- Considerar cumprida a condición á que foi sometida esta obra, segundo o acordo plenario desta Deputación do 28 de marzo de 2014, e aprobala definitivamente, tendo en conta que o Concello de Padrón presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento

3.-Notificar telematicamente este acordo ao Concello de Padrón para os efectos de que poda iniciar a contratación e a execución desta obra incluída no POS 2014."

56.- INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA A 30/06/2014 E PROXECCIÓN A 31/12/2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 31/06/2014 e proxección a 31/12/2014."

57.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 4/2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 4/2014 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe 14.524.677,79 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):		**A.2) Baixas (fontes de financiamento):**	
CE. Créditos extraordinarios:	2.503.293,10	Remanente de tesourería:	14.271.579,12
SC. Suplemento créditos:	12.021.384,69	Baixas de crédito noutras aplicacións:	253.098,67
Total de aumentos:	**14.524.677,79**	**Total financiamento:**	**14.524.677,79**

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	14.580,94	0,00
2. Gastos correntes	0,00	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Transferencias correntes	32.879,22	21.179,22
5. Fondo continxencia e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	0,00	0,00
7. Transferencias de capital	14.477.217,63	231.919,45
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	**14.524.677,79**	**253.098,67**

B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	14.271.579,12
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	**14.271.579,12**

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2014 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

58.- INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2014, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010 DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (BOE Nº 163, DO 6 DE XULLO DE 2010).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.

2º.Dispor que se proceda á publicación na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento e para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional primeira da Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro de control da débeda comercial no sector público.

3º.Proceder ao envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda."

59.- INFORMACIÓN DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE DE 2014, EN CUMPRIMENTO DO DISPOSTO POLO ART. 4.3 DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Tomar coñecemento da información remitida polo Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña correspondente ao 2º trimestre de 2014, en cumprimento do disposto polo art. 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. "

60.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO 2013.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º. Aprobar a Conta Xeral do Presuposto da Excma. Deputación provincial correspondente ao exercicio 2013, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sen que se presenten reparos ou observacións á devandita conta.

2º. Renderlle ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas e remitirlle á *Dirección General de Coordinación Financiera con las Entidades Locales* a Conta unha vez que se aprobe definitivamente."

61.- INFORME SOBRE A RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS, ART. 218 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DE FACENDAS LOCAIS.

INTERVENCIÓNS

Sra. Seixas Naia

Grazas, o primeiro que nos gustaría dicir e serviría para practicamente todas as comisións, aínda que o dicimos neste punto, é que o que debería de ser unha excepción estase convertendo en algo habitual nesta Deputación á hora de convocar as comisións, e é a chegada de informes no último minuto, ou de cantidade de convenios que van fóra da orde do día e en moitos casos máis que os que van na propia orde do día, polo tanto, ás veces a verdade é que estudar os asuntos é un tanto complicado. Entrando xa no punto que se trae a debate e a aprobación, evidentemente estamos de acordo en tomar coñecemento e en tomar en consideración o informe de Intervención e todas as recomendacións que nel se fan, pero desde logo non estamos en absoluto de acordo co informe xustificativo que fai a Presidencia respecto dese informe de Intervención, e non estamos de acordo porque non estamos de acordo en absoluto co fraccionamento de contratos, coas contratacións verbais ou con certos patrocinios que se fan na Deputación provincial.

Polo tanto, o voto vai ser de abstención, tomamos en consideración que evidentemente hai que enviar esa documentación, que se ten que remitir porque así o pon a lei, pero non estamos de acordo coa outra parte, co informe xustificativo da Presidencia, nin co punto terceiro, a postila que se lle pon ao punto terceiro do ditame do acordo, cando di "na medida en que a súa aplicación práctica sexa plenamente compatible en cada expediente coa eficacia e a máis pronta satisfacción do interese público". Por ese motivo ímonos abster. Grazas.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. O Grupo Socialista vai votar favorablemente este punto, pero quere facer algunhas puntualizacións. Entendemos que simplemente estamos aprobando tomar coñecemento do expediente, que no expediente existe un informe de Intervención e informe xustificativo da Presidencia, estamos aprobando que se envíe este tema ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, e no terceiro punto aprobamos a toma en consideración das propostas formuladas pola Intervención provincial para que, no posible, se corrixan certos problemas que deron lugar aos reparos, que foron cento setenta e dous reparos de Intervención no ano 2013, e sendo, entendemos, o retrouso que di "na medida que a súa aplicación práctica sexa plenamente compatible en cada expediente coa eficacia e máis pronta satisfacción do interese público". Entendemos que sería moi difícil facer unha descrición pormenorizada en que casos se ten que actuar dunha forma e en que casos se ten que actuar doutra, incluso a propia lei permite excepcións, e estou pensando se hai unha catástrofe, ou unha inundación, ou unha estrada que a leva unha riada, haberá que tomar decisión inmediatamente, sen procedemento de

adxudicación e sen nada, chámase a quen sexa, faise a obra e xa amañaremos despois. Entendo que iso é o que significa o retrouso a que fai referencia a portavoz do Grupo do BNG, non é unha patente de corso, non o entendemos así como unha patente de corso para que o presidente faga o que considere oportuno, nese sentido imos votar favorablemente o texto desta resolución, pero queremos mostrar a nosa discrepancia co informe xustificativo da Presidencia como xustifica algúns dos reparos e o levantamento dalgúns reparos. Hai algunhas cousas que son razoables e que entendemos que son produto da propia xestión administrativa, é indubidable que cando un ten adxudicado o servizo de telefonía a unha empresa que acaba o contrato, durante un mes, ou dous meses, ou tres meses, a empresa seguirá prestando servizo mentres non se adxudica a outra empresa nova, e esas facturas hainas que pagar, e Intervención ten que reparalas porque é a súa obriga legal, pero entendemos que son temas que se producen na xestión ordinaria e que son normais, e que pasan aquí e que pasan en calquera sitio.

Pero hai outras cousas que creo que merecen unha pequena reflexión. Cando fala con respecto da concesión de subvencións nominativas, creo que sería necesario para evitar ter que excepcionalizar como estamos excepcionalizando en case todas as subvencións, a publicidade, a concorrencia, a igualdade, estamos xustificando o interese público, moitas veces hai interese público e moitas veces non se ve tan apreciable, como no caso de Santa Comba, creo que sería conveniente facer un plan estratéxico de subvencións ou un regulamento de subvencións que regulen todo isto e que eviten que o Pleno teña que decidir sobre temas de concorrencia, sobre levantar ese tema de cousas e incluso apreciar o interese público que fai que se tramite de forma excepcional. Entendo que no punto terceiro tomaremos as consideracións que propón a Intervención e avanzarase neste camiño.

E tampouco nos gusta demasiado, e para concretar en dous temas, as xustificacións que se fan sobre o tema de adxudicación de contratos. Como vostede recordarán este Grupo provincial nas dúas últimas anualidades mostrou a súa insatisfacción polo cambio de contratación, por deixar nalgúns casos a contratación aberta e a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, efectivamente este ano xa non se fixo, o Goberno provincial, creo que con bo criterio tomou nota e deixou de utilizar ese sistema, porque nun momento en que a sociedade esixe máis transparencia e máis claridade, creo que o máis transparente e o máis claro é facer un procedemento aberto e punto. Pero se xustifican os contratos dicindo que ese procedemento aberto que se fixo, que é legal, que indubidablemente que é legal, pero hai que cumprir unha serie de condicións que non se cumpriron nesta Deputación, e puxémolo de manifesto en varios debates nesta cámara de sesións, cando di o presidente que “se seguiu estritamente o procedemento realizado, consultas con varias empresas”, non, un proceso de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, esixe primeiro motivar por que se recorre a ese procedemento, que é un procedemento excepcional, e segundo, esixe xustificar por que se invita a unhas empresas a participar na licitación e non se invita a outras. De feito vimos como nos procedementos negociados sen publicidade participaban catro ou cinco empresas, e nos procedementos abertos participaban corenta e corenta e pico empresas, e estábase limitando a oportunidade a moitas empresas da provincia a participar nas licitacións da Deputación. Non compartimos estes razoamentos aínda que si compartimos outros que expón o presidente, como xa deixei constancia deses temas de xestión que son inevitables e que os hai que entender e que pasan, estes son

perfectamente evitables, entón eu pediría que para evitar máis reparos no futuro, tendo en conta ademais que a lexislación cambiou, e cambiaron as competencias da Deputación, as competencias da Deputación non son as mesmas desde o ano, paréceme que era no 2013 cando se aproba a Lei de racionalidade e sostibilidade das administracións locais, que se aproba, o 31 de decembro paréceme que se publica no Boletín Oficial do Estado, e modifica as competencias da Deputación, como as competencias non son as mesmas e a esixencia da sociedade é distinta, creo que sería conveniente, que non é difícil facelo, facer un Plan estratéxico para subvencións, ou un regulamento de subvencións, que nos eviten os reparos e nos eviten á oposición ter que apreciar cousas que non son tan evidentes, ou que podemos discrepar da súa evidencia, e no tema das contratacións, con bo criterio corrixiuse, e todas as adxudicacións fanse polo procedemento que consideramos que é o máis transparente, o máis claro, e o que permite a calquera empresa participar nos procesos de licitación da Deputación.

Remato dicindo que o voto será favorable porque entendemos que os tres puntos son razoables e a votación é favorable neste sentido.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente, en primeiro lugar dicir que vén sendo práctica habitual convocar cando así están ditaminados ou informados os expedientes e que poderían dar lugar a que entren en Pleno, vén sendo ordinario convocar comisións extraordinarias. Nesta ocasión, e pedindo desculpas, como ben sabe, había certas festividades que no caso de non levar pola vía de urxencia estes asuntos motivaría que non puidesen entrar neste Pleno, coas consecuencias que terían para moitos expedientes encontrarse neste período estival, polo tanto, eu creo que entre os grupos chegaremos a ese acordo a favor da cantidade de volume e traballo que hai, e para non causar atraso, en convocar esas reunións extraordinarias cando se considere que con iso facilitamos a tramitación de moitos dos expedientes que noutro caso non poderían ir nese mesmo mes a Pleno.

Dito isto, estamos ante, eu creo, en primeiro lugar un punto onde se ve a transparencia deste órgano, porque si é verdade que a lei esixe que hoxe en día o que son coñecidos como reparos veñan nun punto independente tamén da conta xeral, pero en todo caso tamén podería vir como unha dación de conta e non dar lugar a este debate que non escapa en ningún momento a institución provincial, o seu órgano de goberno, e que nos parece importante e oportuno, pero ben, o levantamento dos reparos loxicamente é algo no que todos e cada un dos que aquí estamos, e estamos nos nosos concellos, é algo habitual, é dicir, é imposible que non sei cantos concellos hai en España, pero que un só concello non tivera que levantar un reparo, e por múltiples causas, aquí está ademais estudado e explicitado cada unha das causas que o motivaron e incluso nos bloques do que tería que ser a súa explicación. Con respecto ás subvencións nominativas, eu creo que en todas e cada unha das comisións explícase o que é a singularidade que motiva a esa subvención nominativa, e polo tanto, eu creo que non hai que dar moitas máis explicacións.

En canto ao que é o procedemento negociado, dicir que non é un procedemento nin irregular, nin ilegal, en todo caso é singular, simplemente pola contía. Nós cando chegamos a este goberno provincial entendíamos que se daban

unhas causas que xustificaban a utilización, cando menos naquel momento, deste procedemento, para dar unha axilidade que pensamos que naquel momento a Deputación non tiña, porén, neste ano 2014, unha vez considerado, e ademais unha vez experimentado o que era a utilización en casos singulares dese procedemento negociado, neste caso sen renunciar cando o interese provincial ou o interese público o aconselle, non se vén utilizando no que é as adxudicacións desta Deputación e, polo tanto, non entrarei, como xa entramos noutras ocasións, a xustificalo polo feito de que todos e cada un dos que administramos un ente local utilizámolo como un método habitual.

Si dicir que, como aquí se dixo, hai outra serie de cuestións que son loxicamente imposible de dar cumprimento naquel momento sen o reparo que necesariamente ten que facer o señor interventor, como é o caso de servizos e subministracións, e a todo o mundo tenos pasado tamén nos nosos concellos, concesións sen prórroga, concesións que acabaron o prazo legal e aínda non se puido convocar o que é o novo período para aperturar esas concesións, e polo tanto aí tampouco quixera entrar moito.

En canto aos convenios de colaboración, por exemplo, antes de que exista o crédito presupostario en todo caso sempre veñen co condicional ou medida de cautela que para a aprobación será necesario ter os créditos necesarios no seu caso, polo tanto, é unha cautela que sempre se pon, e o feito que eu creo que foi destacado por todos os grupos, de asumir, como tamén precisou moi ben o portavoz socialista, o que son todas as recomendacións realizadas pola Intervención, tanto é así que non é un canto ao sol que cando falábamos dese procedemento negociado, que xa no seu momento a Intervención deste ente provincial fixo no seu caso un informe pertinente, este ano 2014 non se están levando a cabo como método nin habitual, nin excepcional, de adxudicación, polo tanto, si o pensamos, pero como aquí se dixo, loxicamente, hai casos que un comprendería que a lei os exceptuara de ter que facer eses reparos, pero ao facelos tamén o interese provincial esixe que o órgano competente levante eses reparos. Polo tanto, nós estamos totalmente de acordo nas explicacións que a Presidencia deu e que xustifican o levantamento deses reparos suspensivos e, polo tanto, imos aprobar ese informe.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e o PSOE e a abstención do BNG, acorda:

"Vista a documentación que contén os informes da Intervención provincial, emitidos co carácter de "reparos", de conformidade co disposto nos artigos 215 e 216 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, (que forma parte da Conta Xeral do

Orzamento do exercicio 2013, en cumprimento co establecido no apartado 4 da Base 33 de Execución do Orzamento Provincial).
Tomado en consideración o informe da Presidencia no que se xustifican as Resolucións emitidas e os acordos adoptados para resolver as discrepancias expostas pola Intervención provincial en determinados expedientes tramitados ao longo do exercicio 2013.
Para dar cumprimento ao que determina o artigo 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na redacción dada ao devandito precepto pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local

Esta comisión adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento do expediente que contén a relación dos informes emitidos pola Intervención provincial nos que concorren as circunstancias expresadas nos artigos 215 a 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e o informe xustificativo da Presidencia da Corporación.

SEGUNDO: Determinar que se proceda á remisión do citado expediente nos termos expresados nas normas de aplicación.

TERCEIRO: Tomar en consideración as propostas formuladas pola Intervención provincial, na medida en que a súa aplicación práctica sexa plenamente compatible en cada expediente coa eficaz e máis pronta satisfacción do interese público."

62.- INFORME E PROPOSTA FAVORABLE A XESTIÓN MUNICIPAL DO SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA POLO CONCELLO DE RIANXO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Informar favorablemente a proposta de prestación directa polo Concello de Rianxo do servizo básico de limpeza viaria, mediante o outorgamento dun contrato de servizos por prazo DUN ANO."

MOCIÓN
-Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre Palestina.

Sra. Seixas Naia

Antes de comezar a lectura da moción, e dado que nestes momentos, supoñemos, porque non estamos aquí conectados ás novas tecnoloxías, séguense producindo bombardeos e mortes en Gaza, na franxa de Gaza, gustaríanos que se fixese un minuto de silencio antes de proceder á lectura da moción, ou esa é a proposta do BNG.

A continuación gárdase un minuto de silencio.

Sra. Seixas Naia

Grazas. Moción sobre o xenocidio que o estado de Israel está a acometer contra Palestina, Exposición de motivos:

Nas últimas semanas centos de persoas foron asasinadas en Gaza polo exército israelí como consecuencia das ansias imperialistas do estado de Israel. A estratexia de aniquilación do pobo palestino non se limita á masacre dos últimos días, senón que a política xenocida practicada polo estado de Israel a base de detencións masivas, batidas policiais, asasinatos, destrucións de casas e infraestruturas vitais para o pobo palestino, pode cualificarse como un crime desa humanidade. Centos e centos de cidadáns galegos e galegas e doutros lugares do Estado, solidarios co pobo palestino, manifestaron estes días a súa rabia e a súa dor. O propio Parlamento galego aprobou no pasado mes de maio unha resolución unánime a prol do cumprimento das resolucións das Nacións Unidas, para pór fin ao sometemento do pobo palestino e recoñecer os seus dereitos colectivos. Este acordo parlamentar de todas as forzas políticas galegas propuña camiñar cara á resolución dun conflito desigual, onde un estado poderoso esmaga a un pobo, asasina mulleres e crianzas e planifica a eliminación total de quen só pretende vivir dignamente na súa terra. Cómpre manifestar publicamente a necesidade de que cesen de inmediato as hostilidades e ataques contra o pobo palestino, porque o respecto á dignidade humana non é compatible co escenario de asasinatos, de destrución, do xenocidio calculado que o estado de Israel está a exercer de maneira sanguinaria e cómpre entón que a comunidade internacional defenda os dereitos do pobo de Palestina e esixa de Israel o cumprimento da legalidade internacional, concretado nas múltiples resolucións do Consello de Seguranza da ONU, que este país incumpre impunemente. Como galegos e galegas non podemos permanecer indiferentes, é por iso que denunciamos o silencio cómplice que consinte esta agresión militar contra o pobo de Palestina, do goberno español e da Unión Europea, porque esta é a hora de manifestar a máis enérxica condena perante a operación de limpeza étnica que o estado de Israel está a perpetrar contra o pobo palestino na franxa de Gaza, con prácticas terroristas contra a poboación civil desarmada, que se ten introducido na morte de moitos nenos e nenas.

Polo exposto, o Grupo Provincial do BNG solicita do Pleno da Corporación provincial a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro, a Deputación da Coruña condena o ataque criminal perpretado polo Estado de Israel contra a faixa de Gaza e reclama que cesen de inmediato os ataques e bombardeos israelís contra o pobo palestino.
Segundo, a Deputación da Coruña solicita a finalización do bloqueo contra a faixa de Gaza, así como o derrubamento do muro do apartheid que Israel está a construír na Palestina ocupada.
Terceiro, a Deputación da Coruña apoia o boicot diplomático, comercial, académico e cultural ao Estado de Israel mentres non cumpra a legalidade internacional e non respecte os dereitos do pobo palestino.
A Deputación da Coruña, cuarto, solicita ao Goberno español que abandone a súa actitude pasiva diante deste conflito e esixa ao Estado de Israel o cumprimento do dereito internacional e das resolucións que aprobaron as Nacións Unidas dende 1948

de reparto territorial, así como a resolución 194 que obriga a Israel a asumir o dereito ao retorno da poboación palestina á súa terra.
Quinto, a Deputación da Coruña apoia os actos que se convoquen para expresar a repulsa social ao ataque criminal do Estado de Israel contra o pobo palestino da faixa de Gaza, e fai un chamamento á cidadanía galega para manifestar de maneira masiva nas rúas o rexeitamento a este xenocidio.
E sexto, darlle traslado deste acordo ao presidente da Xunta e ao presidente do Goberno do Estado español para que obren en consecuencia.

Gustaríame apuntar unicamente que nos gustaría que na próxima ocasión en que presentemos unha moción, se respecte na orde do día o título da moción, porque non se fixo así. Grazas.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Eu quero confesar que non estou preparado para ter un debate sobre este tema, aínda que teño sentimentos e teño emocións, e dende ese punto de vista dos sentimentos e das emocións quero expresarme. Este é un problema moi complexo, de difícil solución, pero é un problema brutal, un problema criminal, e imos votar favorablemente a moción, ímoslle pedir que faga un cambio, se é posible, que substitúa o punto número tres por outro punto número tres que dixese "A Deputación da Coruña insta ao Goberno español que condene o ataque e que rompa todas as relacións con Israel mentres subsista a actual situación", con ese cambio nós votaríamos a favor, porque a posición do Partido Socialista é clara con respecto a este tema, que acabe o conflito, alto o fogo, condena da situación, esixencia á comunidade internacional de que busque unha solución definitiva a este problema e esixencia ao Goberno de España que se implique na busca dunha solución que leve a paz a eses territorios.

Polo tanto, recoñecendo que non estou capacitado para ter un debate de política internacional, porque non é a miña formación, nin teño os coñecementos para iso, falo desde a emoción e desde o sentimento, imos votar favorablemente se vostedes aceptan suprimir ese punto número tres, e substituílo por este.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, presidente, o noso Grupo rexeita, como creo que fai toda a sociedade, a violencia e condena o que é a inxustificada morte de cantidade e cantidade de xente, de vidas humanas que se está a producir en Gaza. Dito isto, eu creo que é un problema que vén dende o ano 48, case setenta anos, ten as suficientes complexidades ou, digamos, motivacións tan diferentes que non é que o Sr. Moreda non estea preparado, é que eu creo que moi pouca xente no mundo pode, nestes momentos, ter conciencia clara do que realmente está ocorrendo alí durante setenta anos para que dúas partes que están producindo mortes non sexan capaces de chegar a un entendemento que facilite que o lugar sexa un lugar de paz.

(Abandona o salón o Sr. López Crespo).

Por iso tampouco entendo que coa súa sensatez habitual, despois de intervir o que propoña é que nun momento que o que creo que a comunidade internacional, e

dentro dela o Goberno español, ten que tender pontes precisamente coas dúas partes do conflito para chegar a un amaño, vostede o que pida é precisamente que se rompan as relacións con unha das partes, máis difícil será, en todo caso, que a posición de España sexa crible e que non sexa entendida como unha posición de parte se precisamente con un dos dous rompemos relacións, creo que iso en absoluto axudaría.

Eu creo que no territorio de Gaza está habendo violencia, pero violencia por dúas partes. Evidentemente, os medios, tanto de ataque como de defensa, non son os mesmos nas dúas partes, e polo tanto si hai unha das partes, o Estado de Israel, que poida estar causando máis desolación e máis morte que as outras, pero non se esquezan tamén de que si Hamas tivera máis medios e máis posibilidade de causar mortes, tamén o faría. Polo tanto, é unha cuestión, non de medios, senón de que se entenda precisamente que a violencia non se debe utilizar en ningún dos casos, nin por sentirse agraviado, nin por sentirse vilipendiado polo máis grande dos dous, como é o Estado de Israel, e que se non se emprega máis violencia é porque seguramente non teñen capacidade de facelo.

Polo tanto, eu creo que temos que condenar a utilización da violencia, sexa quen sexa quen a utilice, e que nós o que pensamos é que España está dentro dunha comunidade internacional, a nosa política exterior está moi condicionada tamén pola política exterior de toda a Unión Europea, que o que temos é que intentar chegar a través desa Unión Europea e de todos os organismos internacionais a poder quedar, como xa ocorreu en novembro de 2012, ese alto o fogo, que se volva a aquel acordo, a buscar aquela solución negociada, e se ben aplaudimos os esforzos que países como Exipto ou Estados Unidos están a levar a cabo, a mediación pacífica que sexa frutífera, nós pensamos que España o que debe de estar é dentro dese conglomerado de países que formamos a Unión Europea, penso que España goza do respecto tanto do mundo árabe como do Estado de Israel, e pode e está a facer un papel importante na busca desas solucións, precisamente todos temos constancia de que mañá a petición propia no Congreso vai intervir o que é o Ministro de Asuntos Exteriores para dar toda a posición do noso país neste conflito que creo que se está estendendo no tempo e que está causando moita morte e miseria, aínda hoxe mesmo coñeciamos algún dato que eu creo que é arrepiante, cando os civís están a pagar as consecuencias deste conflito que, como dicía, xa leva máis de setenta anos.

Nós hai puntos que non poderiamos aceptar porque creo que son puntos que vén nesgado ese conflito, que ven a solución dese conflito só por unha das partes, que é o mesmo que dicir que con esa proposta nunca se chegaría a ningún tipo de solución, por iso nós o que propoñemos é que se dea unha condena á inxustificada perda de vidas humanas que se está producindo en Gaza, que se poña fin a calquera acto de violencia, e que se inste aos organismos internacionais competentes á busca desa solución de fondo para que as agresións non se repitan no futuro e que sexa xa, desde este momento, o alto ao fogo necesario para chegar a ese entendemento e solución de presente e de futuro. Máis nada, presidente.

Sra. Seixas Naia

A verdade é que non sei se se trata de saber máis ou menos de política internacional, eu creo que estamos diante dun caso de ter sentido común e

sentimentos, e de observar todo o que nos poñen diante todos os días. Aquí o que se está dando é unha situación de seguidismo absoluto ao que apoia Estados Unidos, que vén apoiando historicamente todas as ansias imperialistas e asasinas dun Estado, que é Israel, podemos falar do ano 48, pero podemos falar de que vinte anos antes de que houbera absolutamente ningún ataque de Hamas, por exemplo, xa invadiron a franxa de Gaza e estivéronos afastando ata converter aquilo nunha rateira. A franxa de Gaza é un espazo parecido ao Concello de Vilalba no que viven case dous millóns de persoas que non poden saír de aí se o Goberno de Israel non os deixa, polo tanto é unha prisión en vida, quen ten o poder?, non hai dereito á defensa do teu propio territorio?, non tes dereito a querer vivir dignamente, a que te deixen ir á escola sen que te bombardeen ou a que te deixen sen luz?, ou a ir a un hospital?, quen ten a forza aquí?, quen utiliza a violencia aquí?, porque o estamos vendo todos os días. Cando nunha parte hai 1.230 mortos, onte, a maioría son mulleres e nenos, porque tamén cómpre dicilo, mulleres e nenos, e non quero repetir aquí as palabras, en fin, bastante vomitivas e noxentas dunha israelí o outro día dicindo o que dixo sobre as mulleres e os nenos, porque eu creo que ata me daría noxo dicilas, cando vemos esas cousas, francamente dáme vergoña dicir que están en igualdade de condicións, 1.230 mortos, máis de 200 nenos, 100.000 que precisan axuda psicolóxica urxente e médica e 6.300 feridos nun bando, é dicir, as dúas terceiras partes son civís. Polo tanto, eu creo que hai alguén que mata sistematicamente para invadir e para poñelos debaixo dun pé, co beneplácito evidente dos Estados Unidos e todos os estados europeos e moitos outros tocándolles as palmas, e mirando para outro lado. Pero é máis, faime graza que se diga aquí tamén que non se poden impoñer sancións e que hai que tender pontes, cando aquí unilateralmente, nalgún conflito ben recente, se tomou partido por un bando, sen tender ningunha ponte nin dar ningunha explicación.

Polo tanto, eu francamente creo que se temos un pouco de sentido común, observamos o que nos poñen diante, que é moitísimo todos estes días desgraciadamente, creo que temos clariño cal é dende logo o conflito, quen provoca o conflito, quen está masacrando a unha poboación e quen a quere expulsar de alí, e isto é un problema efectivamente herdado do ano 48, pero o que temos é o de agora, e aí hai a sensación, e creo que a temos todos de que Israel non quere absolutamente resolver nada, nin sequera as últimas chamadas que se lle fan por parte de certos gobernos quere atender, moi lonxe diso, senón que incrementa os bombardeos aínda por enriba, e cada vez hai máis mortos. Eu creo que, evidentemente, poderémoslle dar as voltas que queiran pero a realidade é a que é, e o que masacra é o que masacra, e o que está oprimido, evidentemente, son os palestinos na súa propia terra por querer vivir na súa propia terra, por querer traballar, por querer estudar ou por querer moverse libremente, porque francamente, repito, están nunha rateira, nunha prisión, controlados absolutamente por un Estado bendicido polos Estados Unidos e polos que practican a política continuista dos Estados Unidos.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Sra. Seixas non me dixo se aceptaba a proposta, si?, vale, de acordo. Nunha situación coma esta, desde logo, sempre é unha medida excepcional, pero é unha medida normal e habitual en situacións de conflito grave como este e na busca dunha solución, un elemento de presión na busca dunha

solución, nada máis, a iso me refería. Moitas grazas, Sr. Presidente, e non repito argumentos porque non tería sentido.

Sr. Presidente

Agradézollo. Entendo entón que dixo a Sra. Seixas que aceptaba a proposta do Grupo Socialista. A proposta do Grupo Popular era?

Sr. Ruiz Rivas

A condena da inxustificada perda de vidas humanas que se está producindo no conflito de Gaza, que reclamamos que se poña fin a calquera acto de violencia, e insta aos organismos internacionais competentes a que busquen unha solución de fondo para que estas agresións non se repitan no futuro.

Sr. Presidente

Sra. Seixas, esa, vostede acéptaa?, non, pois entonces votaríamos a proposta presentada polo Bloque Nacionalista Galego co cambio introducido polo Grupo Socialista.

Queda claro cales son as posturas, a ver se agora somos capaces de votar, como se trata dunha única proposta por parte do Bloque que acepta un engadido ou unha substitución por parte do Grupo Socialista, pero non a do PP, votaremos só a proposta presentada polo Grupo do Bloque co engadido proposto polo Partido Socialista.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (9 do PSOE e 4 do BNG)
Votan en contra: 16 deputados (PP)
Abstéñense: 1 deputado (PP- por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación – art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Seixas Naia

Era por un escrito respecto da estrada do Birloque-Uxes, mais xa me foi trasladada a contestación por escrito, polo tanto, retiro de facer aquí esa pregunta.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.